



Concello de Vigo
Expte. 5459/1101

ACTA

PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO Nº 8/2026

SESIÓN ORDINARIA DO 25 DE MAIO DE 2026

ORDE DO DÍA

1. **Actas anteriores:** Ordinaria do 27 de abril e extraordinaria do 6 de maio do 2026.

Declaracións institucionais.

2. Declaración Institucional do Concello de Vigo de condena á agresión de Israel á Global Sumud Flotilla. Expte. Pleno 5473/1101.

PARTE RESOLUTIVA

Ditames das comisións informativas:

ORZAMENTOS E FACENDA

3. Informe resumo dos resultados do control interno do exercicio 2025; dación de conta. Expte. 103081/140. (Expte. Pleno 5446/1101).
4. Ordenanza de prestacións patrimoniais de carácter público non tributario polo servizo de transporte colectivo urbano de persoas viaxeiras. Aprobación Inicial. Expediente 3302/500. (Expte. Pleno 5455/1101).
5. Ordenanza fiscal reguladora do recargo municipal sobre o imposto galego sobre as estadias turísticas. Aprobación inicial. Expediente 3303/500. (Expte. Pleno 5456/1101).

COMISIÓN INFORMATIVA DE SEGURIDADE, CONTRATACIÓN, FESTAS E XESTIÓN MUNICIPAL

6. Ordenanza municipal reguladora das zonas de baixas emisións. Aprobación Inicial. Expediente 142483/210. (Expte. Pleno 5457/1101).



Copia do documento - Concello de Vigo
5515-1101

Data impresión: 01/07/2026 11:51

Páxina 1 de 88

CSV: ABBCBE-4ADC47-422F52-8JUH86-TKBXK7-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Mocións:

7. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia ao financiamento e o exercicio de competencias relacionados coas praias e o litoral. Expte. Pleno 5469/1101.
8. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia e á Deputación de Pontevedra a cofinanciamento das obras dos colectores do Estadio de Balaídos. Expte. Pleno 5466/1101.
9. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a reforzar e fortalecer a inversión no ensino publico da cidade de Vigo. Expte. Pleno 5467/1101.
10. Moción do grupo municipal Socialista demandando da Xunta de Galicia e da Deputación de Pontevedra a financiamento de novas rutas dende o Aeroporto de Vigo. Expte. Pleno 5465/1101.
11. Moción do grupo municipal Socialista reclamando que o Presidente da Xunta de Galicia se desculpe por ignorar o fenómeno turístico da cidade de Vigo. Expte. Pleno 5468/1101.

PARTE DE CONTROL

Mocións.

12. Moción do grupo municipal do BNG en rexeitamento á celebración do desfile das Forzas Armadas en Vigo e demanda de transparencia sobre o seu impacto e custes. Expte. Pleno 5463/1101.
13. Moción do grupo municipal do Partido Popular diante do estado de abandono que presenta a rede viaria municipal e proliferación de fochancas. Expte. 5464/1101.

Resolucións.

14. Dar conta de resolucións da Alcaldía ditadas entre o 21/04/26 e o 18/05/26, incluídas no expediente 5460/1101.
15. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, ditadas entre o 21/04/26 e o 18/05/26, incluídas no expediente 5462/1101.
16. **Formulación de rogos.**
17. **Formulación de preguntas.**

ASISTENTES



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2026 11:51	Páxina 2 de 88
5515-1101	CSV: ABBCBE-4ADC47-422F52-8JUH86-TKBXK7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Ilmo. Sr. Alcalde

Aguiar Castro, Yolanda
Alonso Suárez, Olga
Aneiros Pereira, Jaime
Caride Estévez, María José
Espinosa Mangana, Elena
Estévez Rodríguez, Pablo Luis
Fernández Pérez, José Manuel
Gómez Díaz, Gorka
Iglesias González, Ana Laura
Iglesias López, Patricia
Lago Barreiro, M.^a del Carmen
López Font, Carlos
Mejías Sacaluga, Ana Maria
Pardo Espiñeira, Francisco Javier
Rivas González, Ángel
Rodríguez Calviño, Patricia
Rodríguez Rodríguez, Nuria
Silva Rego, M^a Carmen

Benavides Alonso, Daniel
García González, Patricia
González Abeijón, Fernando
Martin Peña, Jose Miguel
Sanchez Méndez, M^a Luisa

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Abalde Comesaña, Filipe
Martínez Piñeiro, Ana
Pérez Igrexas, Xabier

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e doce minutos (09:12) do día vinte e cinco de maio do ano dous mil vinte e seis (25/05/26), coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros arriba sinalados, constituíuse o Pleno da Excm. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida.

Asiste pola Intervención o Interventor Xeral municipal, don Alberto Escariz Couso, e pola Secretaría o Secretario Xeral do Pleno, don Jose Villán Fuertes, que dá fe do acto.

Constatada a existencia de quórum suficiente para a súa constitución, o Sr. Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

1.(76). ACTAS ANTERIORES: ORDINARIA DO 27 DE ABRIL E EXTRAORDINARIA DO 6 DE MAIO DO 2026.

VOTACIÓN E ACORDO.

Por unanimidade dos membros da Corporación, vinte e sete (27) que constitúen o seu número legal de dereito, apróbase a seguinte acta,

- Sesión núm. 6/2026 ordinaria, celebrada o 27/04/26

DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2026 11:51	Páxina 3 de 88
5515-1101	CSV: ABBCBE-4ADC47-422F52-8JUH86-TKBXK7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

2.(77). DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE VIGO DE CONDENA Á AGRESIÓN DE ISRAEL Á GLOBAL SUMUD FLOTILLA. EXPTE. PLENO 5473/1101.

ANTECEDENTES.- Con data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de maio, número 5473/1101, Declaración Institucional presentada pola Corporación Municipal, que di o que segue:

"O goberno de España está a demostrar o seu firme compromiso coa defensa do dereito internacional, coa condena do xenocidio que está a sufrir a poboación de Gaza e co rexeitamento das guerras ilegais que se producen a nivel global, incluída a guerra en Ucraína.

Este compromiso conta cun maioritario apoio da sociedade española, que se ten significado de maneira clara na defensa da democracia, da paz e dos instrumentos do dereito internacional como vías para a resolución dos conflitos.

Neste contexto, son numerosas as iniciativas cidadás orientadas á defensa dos dereitos humanos e á solidariedade co pobo palestino. Un exemplo disto é a Global Sumud Flotilla, que recentemente sufriu un ataque militar israelí en augas internacionais de libre navegación, situadas dentro da zona SAR de Chipre, cando se dirixía á franxa de Gaza con axuda humanitaria.

Estes feitos constitúen unha grave vulneración do dereito marítimo internacional, da liberdade de navegación en alta mar e da Convención das Nacións Unidas sobre o Dereito do Mar.

Por todo o anteriormente exposto, queremos condenar o asalto á Global Sumud Flotilla e expresar o apoio institucional a todas as persoas integrantes desta misión humanitaria, en especial, ás cidadás e cidadáns galegos que formaban parte da tripulación.

Do meso xeito, condenamos o maltrato e as humillacións sufridas polos activistas por parte das autoridades israelís, un trato xa denunciado polo Goberno de España como "inaceptable, inhumano e vergoñento".

Así mesmo, recoñecemos o compromiso das persoas participantes coa paz, cos dereitos humanos e coa legalidade internacional, e instamos ás institucións galegas, estatais e europeas a adoptar, no marco das súas competencias, as medidas diplomáticas e institucionais necesarias para garantir a protección e a seguridade da tripulación da flotilla.

O Concello de Vigo reafirma, deste xeito, o seu compromiso coa paz, co dereito internacional, coa defensa dos dereitos humanos e coa condena de todos os conflitos armados e das accións contra a poboación civil, particularmente, do xenocidio de Israel contra o pobo palestino.

VOTACIÓN E ACORDO.

Por unanimidade dos membros da Corporación, vinte e sete (27) que constitúen o seu número legal de dereito, apróbase a Declaración Institucional de condena á agresión de Israel á Global Sumud Flotilla.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2026 11:51	Páxina 4 de 88
5515-1101	CSV: ABBCBE-4ADC47-422F52-8JUH86-TKBXK7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

PARTE RESOLUTIVA

DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

3.(78). INFORME RESUMO DOS RESULTADOS DO CONTROL INTERNO DO EXERCICIO 2025; DACIÓN DE CONTA. EXPTE. 103081/140. (EXPTE. PLENO 5446/1101).

ANTECEDENTES.- Dase conta do informe resumo do Control Interno do Exercicio 2025, do interventor xeral de data 29 de abril do 2026, que di o que segue:

“I. Introducción.

O órgano interventor deberá elaborar, con carácter anual e con ocasión da aprobación da conta xeral, o informe resumo dos resultados do control interno sinalado no artigo 213 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

O informe resumo será remitido ao Pleno, a través do Presidente da Corporación, e á Intervención Xeral da Administración do Estado no curso do primeiro cuadrimestre de cada ano e conterá os resultados máis significativos, a xuízo do órgano de control, que se deduzan de todas as actuacións de control realizadas durante o exercicio anterior, na propia entidade local e nas súas entidades dependentes, tanto derivados do exercicio da función interventora, como dos informes emitidos sobre as actuacións de control permanente e auditoría pública.

Como actuacións de control realizadas deben entenderse todas aquelas que desen lugar á emisión e remisión dun informe definitivo de control ao órgano controlado.

a) Normativa.

A normativa en base á cal se elabora o informe é a seguinte:

- Artigos 213 e 218 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, modificados pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local.
- Artigo 37 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, que regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local (en diante RDCIEL).
- Resolución do 2 de abril de 2020, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se establecen as instrucións ás que haberán de axustarse o contido, estrutura e formato do informe resumen, así como a solicitude do informe previo á resolución de discrepancias e a remisión de información contable e informes de auditoría de contas anuais das entidades do sector público local.

b) Réxime de control.

Os actos da entidade local e da Xerencia Municipal de Urbanismo atópanse sometidos ao réxime de control común, non resultando de aplicación o réxime de control interno simplificado que regula o título V do Real Decreto 424/2017, ao ser o Concello de Vigo un Municipio de Gran Poboación e atoparse incluído no ámbito de aplicación do modelo normal de contabilidade local.

Dentro deste réxime común, non se acordou para ningún tipo de expediente de gasto o réxime de requisitos básicos a efectos de fiscalización e intervención limitada previa, polo que resulta aplicable o réxime xeral de fiscalización e intervención previa.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2026 11:51	Páxina 5 de 88
5515-1101	CSV: ABBCBE-4ADC47-422F52-8JUH86-TKBXK7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Pola súa banda, a fiscalización previa dos dereitos e ingresos da Tesourería da Entidade Local e a dos seus organismos autónomos substituíuse polo control inherente á toma de razón en contabilidade e o control posterior mediante o exercicio do control financeiro.

II. Alcance do informe resumo.

a) Actuacións de control realizadas no exercicio.

a.1) Función interventora.

Como dixemos, no Concello de Vigo o desenvolvemento da función interventora realízase mediante a fiscalización e intervención previa plena ou común para a totalidade dos expedientes de gasto. Isto supón que o órgano de control interno terá que comprobar, no exercicio da función interventora, non soamente aqueles extremos considerados transcendentais no proceso de xestión fixados no Acordo do Consello de Ministros¹, senón tamén verificar o cumprimento de todos aqueles requisitos legais que, sen ter tal consideración, sexan necesarios co fin de asegurar, segundo o procedemento legalmente establecido, que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.

Así, fronte ao réxime de fiscalización limitada previa, caracterizada polas notas de esencialidade, brevidade e axilidade, ao limitarse o control a determinados aspectos esenciais do acto sometido a exame, o réxime xeral de exercicio da función interventora resulta unha tarefa de especial complexidade pola necesidade de verificar a adecuación do acto a toda a súa normativa reguladora, acentuada, en ocasións, pola dispersión normativa existente.

Por este motivo, e co fin de avanzar na consolidación dun modelo de control máis áxil e eficaz, esta intervención elaborou unhas “GUÍAS DE FISCALIZACIÓN” que recollen aqueles extremos ou requisitos legais que se consideran de necesaria verificación pola intervención no exercicio da fiscalización e intervención previa común dos expedientes, para que o resultado da fiscalización sexa de conformidade. En boa lóxica estas guías teñen que actualizarse permanentemente conforme á nova lexislación que se vaia aprobando.

Tendo en conta que para o exercicio da función interventora o órgano interventor recibirá o expediente orixinal completo, unha vez reunidos todos os xustificantes e emitidos os informes preceptivos, e cando estea en disposición de que se dite acordo polo órgano competente (artigo 10 RDCI), considérase que estas “GUÍAS” resultarán de utilidade non soamente para os funcionarios da intervención xeral, senón que tamén facilitará a tarefa dos órganos xestores, que poderán coñecer de antemán aqueles extremos dos expedientes que tramiten que serán obxecto de fiscalización previa da intervención.

Así se elaboraron as seguintes GUÍAS, para cada unha das Áreas de control máis relevantes:

1. Guía de fiscalización da Contratación.
2. Guía de fiscalización dos Gastos de Persoal.
3. Guía de fiscalización das Subvencións, Transferencias e Convenios de Colaboración.
4. Guía de fiscalización da Xestión Patrimonial.
5. Guía de fiscalización da aprobación do orzamento e das modificacións de crédito.

Esta última guía foi elaborada no exercicio 2023 dada a importancia que no Concello de Vigo teñen as modificacións de crédito. Así, no exercicio 2025, último exercicio liquidado, a variación entre os estados iniciais e definitivos foi moi importante, xa que as modificacións orzamentarias en saldos netos representaron un 29,85% na Entidade Local principal con respecto aos créditos iniciais, sendo a contía total das modificacións tramitadas e aprobadas de 98 millóns de euros.

A estes efectos, a modificación máis salientable foi a incorporación dos remanentes de crédito non executados procedentes do exercicio 2024 por un importe total de 21,2 millóns de euros, así como os créditos extraordinarios e suplementos de crédito tramitados durante o exercicio financiados con

1 O Consello de Ministros, na súa reunión do 14 de marzo de 2023, autorizou o Acordo polo que se modifican os Acordos do Consello de Ministros do 30 de maio de 2008, do 20 de xullo de 2018 e do 15 de xuño de 2021, relativos ao exercicio da función interventora en réxime de requisitos básicos no ámbito dos tipos de gastos incluídos en cada un deles. Pode consultarse no BOE: <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2008-10128&tn=1&p=20230318>



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2026 11:51	Páxina 6 de 88
5515-1101	CSV: ABBCBE-4ADC47-422F52-8JUH86-TKBXK7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

remanente líquido de tesourería para gastos xerais, que ascenderon a 65,74 millóns de euros fronte aos 31,8 millóns do exercicio 2024 e os 10 millóns do exercicio 2023.

Neste contexto, hai que ter en conta que no ano 2024 as regras fiscais foron reactivadas, o que nos sitúa de cheo nun escenario no que deben ser de aplicación e, polo tanto, valorar o seu cumprimento ou incumprimento.

A Estabilidade Orzamentaria, regulada nos artigos 3 e 11 da LOEOSF defínese como a situación de equilibrio ou de superávit computada, ao longo do ciclo económico, en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC10).

A regra de gasto calcúlase comprobando que a variación do gasto computable non supera a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto (PIB), tal e como dispón o artigo 12 da LOEPSF, o que implica necesariamente que o crecemento do gasto computable no exercicio 2025 non debe superar a taxa de referencia do 3,2%. Ao contrario do que sucede coa estabilidade orzamentaria, a regra do gasto non ten o seu soporte no TRLRFL, pois se trata dunha variable de control do gasto recollida exclusivamente na LOEOSF, en termos SEC-10 de contabilidade nacional, e aplícase de forma automática, sen necesidade de que forme parte do acordo de establecemento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública para o conxunto de Administracións Públicas.

Aprobada a liquidación do orzamento do Concello de Vigo e do conxunto de entes que conforman o seu perímetro de consolidación, cos obxectivos aplicados desde a entrada en vigor da Lei Orgánica 2/2012, a Corporación Local CUMPRIU co obxectivo estabilidade orzamentaria, obtendo un superávit de 35,53 millóns euros, así como co obxectivo da regra do gasto, xa que o gasto computable non superou a TRCPIB establecida no 3,2%.

De acordo cos datos obtidos da aplicación informática de xestión de expedientes e da base de datos de contabilidade, durante o exercicio 2025 realizáronse pola Intervención Xeral Municipal un total de **53.089 actuacións de control** no exercicio da función interventora, ben como fiscalización previa ben como intervención previa.

Fiscalización previa (fases A e D)

Do total de actuacións realizadas, **2.014** correspóndense con actuacións de fiscalización previa de actos polos que se autorizaron ou comprometeron gastos (fases A e D de execución do orzamento), e que se realizaron mediante a emisión de informes individuais por escrito para cada un dos expedientes. Non se inclúen neste cómputo as notas ou dilixencias de conformidade, aínda que as mesmas tamén supoñen a necesidade de realizar a fiscalización previa do expediente, mediante o exame da totalidade dos documentos que o integran.

Estas actuacións de fiscalización previa poden distribuírse do seguinte modo, tendo en conta as áreas de control máis relevantes:

Área de control	Descrición dos trámites	Número de actuacións de control					
		2025	2024	2023	2022	2021	2020
Contratación	Aprobación expediente, Adxudicación, Modificación contratos, Revisión de prezos, Certificacións de obra, Anticipos por acopios	429	403	500	457	456	392
Contratación	Recoñecementos extraxudiciais de crédito	3	2	0	0	1	2
Subvencións e Convenios	Convocatorias en concorrencia competitiva, Subvencións directas, Subvencións nominativas, Convenios de colaboración	223	246	252	262	210	216
Recursos Humanos	Selección dos empregados públicos (convocatorias), Nomeamento de persoal funcionario de carreira ou interinos, Contratación de persoal laboral, Provisión dos postos de traballo (libre designación, concurso ordinario ou	680	719	566	578	471	443



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2026 11:51	Páxina 7 de 88
5515-1101	CSV: ABBCBE-4ADC47-422F52-8JUH86-TKBXK7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

	específico, comisión de servizos voluntaria, adscrición provisional), Recoñecemento de trienios, Gratificacións, horas extraordinarias e produtividade, Nóminas, Anticipos, Axudas de acción social, Prolongación na permanencia da situación de servizo activo					
Dietas e indemnizacións	Indemnizacións ou compensacións nos supostos de desprazamentos dentro do termo municipal por razón de servizo, asistencia por concorrencia a Órganos Colexiados, por participación en tribunais de oposicións e concursos, e pola asistencia a cursos de formación que se desenvolvan fora do termo municipal	57	100	63	90	
Facenda e Orzamentos	Aprobación do orzamento, modificacións orzamentarias, liquidación e conta xeral, modificación das ordenanzas	156	144	160	187	143
Pagos a xustificar	Fiscalización previa das ordes de pago a xustificar e intervención das contas xustificativas dos pagos a xustificar	221	230	214	150	(*)
Patrimonio	Cesións, compra de bens, responsabilidade patrimonial	59	35	18	32	70
Garantías	Devolución de avais e outras garantías	144	174	177	150	121
Outros expedientes de gasto	Pagos de arrendamentos, cotas comunidades de propietarios, execución de sentenzas e outros	42	49	43	41	73
Número total de actuacións de control interno na modalidade de fiscalización previa		2,014	2,102	1993	1,947	1,545
						1,445

(*) Ata o ano 2021 estas actuacións incluíanse no epígrafe "Outros expedientes de gasto".

Outras actuacións: Intervención previa e outras

Ademais realizáronse as seguintes actuacións no exercicio da función interventora:

Fase actuación	Descrición da actuación	N.º de actuacións de control					
		2025	2024	2023	2022	2021	2020
Intervención previa da liquidación do gasto ou recoñecemento de obrigacións (fase O)	Comprobar, antes de que se dite a resolución, que as obrigacións se axustan á Lei ou aos negocios xurídicos subscritos polas autoridades competentes e que o acreedor cumpriu ou garantiu, no seu caso, a súa correlativa prestación	16,181	16,070	16,099	16,242	14,994	14,416
Intervención formal da ordenación do pago	Verificar a correcta expedición das ordes de pago	16,767	15,295	16,103	16,226	15,000	14,420
Intervención material do pago	Verificar que o pago dispúxose polo órgano competente e realízase en favor do perceptor e polo importe establecido	16,906	26,312	32,967	17,087	14,087	14,149
Intervención da comprobación material da inversión	Verificar materialmente a efectiva realización das obras, servizos ou adquisicións financiadas con fondos públicos e a súa adecuación ao contido do correspondente contrato	27	39	44	31	25	22
Devolución de ingresos indebidos	Fiscalización dos actos de ordenación e pago material derivados de devolucións de ingresos indebidos	1,194	1,213	1,201	1,547	2,925	2,524
Número total de actuacións de control interno na		51,075	58,929	66,414	51,133	47,031	45,531



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2026 11:51	Páxina 8 de 88
5515-1101	CSV: ABBCBE-4ADC47-422F52-8JUH86-TKBXK7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

modalidade de intervención previa						
-----------------------------------	--	--	--	--	--	--

Estas actuacións realizáronse normalmente mediante unha dilixencia de fiscalización de conformidade, previa comprobación do cumprimento dos requisitos esixibles en cada caso.

a.2) Control financeiro.

En cumprimento do disposto no artigo 31 do RDCIEL, o 30 de abril de 2025 elaborouse pola Intervención Xeral un Plan Anual de Control Financeiro (en diante, PACF 2025) recollendo as actuacións de control permanente e auditoría pública a realizar durante o exercicio, dando conta ao Pleno na sesión ordinaria do día 26 de maio de 2025.

No PACF 2025 incluíronse, ademais das actuacións de control permanente cuxa realización polo órgano interventor deriva dun deber legal (control polo tanto preceptivo e non planificable), tamén as seguintes actuacións seleccionadas sobre a base dunha análise de riscos:

Actuación 1 (obrigatoria).- Avaliación do cumprimento da normativa en materia de morosidade (art. 12.2 da Lei 25/2013, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público).

Actuación rematada.

Actuación 2 (obrigatoria).- Informe sobre obrigas pendentes de imputar ao Orzamento. Auditoría da Conta 413 (Disposición adicional terceira da Lei orgánica 9/2013, de 9 de setembro, de Control da débeda comercial no sector público).

Actuación rematada.

Actuación 3 (obrigatoria).- Control financeiro sobre subvencións e axudas concedidas polos suxeitos que integran o sector público local, que se atopen financiadas con cargo aos seus orzamentos xerais (artigo 3.5 do RDCI e título III da Lei 38/2003 xeral de subvencións).

Esta actuación atópase a piques de rematar, téndose realizado os informes provisionais e remitidos ás entidades afectadas pola actuación para a formulación de alegacións, de ser o caso.

Actuación 4 (obrigatoria).- Control financeiro posterior das liquidacións e recadación das sancións por infraccións urbanísticas impostas no período 2020-2024 no organismo autónomo Xerencia Municipal de Vigo, considerando a obriga legal de realizar o control financeiro sobre os ingresos cando a fiscalización previa é substituída pola inherente á toma de razón en contabilidade, e á súa vez o risco inherente na tramitación das infraccións e sancións urbanísticas.

Actuación rematada.

Actuación 5 (non obrigatoria).- Control financeiro e de eficacia dos Contratos menores adxudicados polo Concello de Vigo no exercicio 2024 ao non estar estas actuacións (fase A e D) a suxeitas fiscalización previa, co obxecto de proporcionar unha valoración transversal da súa racionalidade económico-financeira e a súa adecuación aos principios de boa xestión, a fin de detectar as súas posibles deficiencias e propoñer as recomendacións en orde á súa corrección.

Actuación rematada.

Actuación 6 (non obrigatoria baseada nun análise de riscos).- Control da eficacia na contratación maior en obras e análise e avaliación do importe final dos contratos finalizados en 2023 e 2024.

Actuación rematada.

Actuación 7 (non obrigatoria incluídas no PACF 2025).- Auditoría de contas dos exercicios 2023 e 2024, operativa e de cumprimento do exercicio 2024, das Fundacións Marco, Fundación Laxeiro e Fundación Liste- Museo Etnográfico de Vigo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2026 11:51	Páxina 9 de 88
5515-1101	CSV: ABBCBE-4ADC47-422F52-8JUH86-TKBXK7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Esta actuación atópase na súa fase final, á espera da elaboración dos informes provisionais.

Tendo en conta os resultados das auditorías realizadas nos exercicios precedentes, non se considerou necesaria a realización de ningunha auditoría adicional dos anos 2022 e 2023, polo que no PACF 2025 prevese o seguinte calendario de auditorías a realizar nos vindeiros exercicios:

Auditoría de Contas Anuais, de Cumprimento e Operativa		
	PACF 25	PACF 26
Entidade / Exercicio auditado	2023-2024	2024-2025
Fundación Marco	•	
Fundación Vigo Convention Bureau		•
Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo	•	
Fundación Laxeiro	•	
Fundación Vigo en Deporte		•

a.3) Medios.

Aínda que o RDCIEL contempla a posibilidade da Entidade Local de contratar para colaborar co órgano interventor a firmas privadas de auditoría, que deberán axustarse ás instrucións ditadas polo órgano interventor, esta intervención manifestou nos sucesivos informes de control interno anuais que resultaría recomendable a creación dun Servizo ou Oficina de Control Financeiro na Intervención Xeral Municipal tendo en conta o carácter permanente das funcións para desenvolver e a súa transcendencia para garantir un modelo de control eficaz, e para a mellora na xestión e na transparencia.

Neste sentido, o Consello de Contas de Galicia, no “Anteproxecto do Informe de Fiscalización Selectiva do Concello de Vigo. Exercicio 2018” puxo de manifesto que “o Concello non conta cunha suficiente estrutura de persoal para dar cobertura ás esixencias do RD 424/2017, que regula o réxime xurídico do control interno nas entidades locais en materia de control financeiro”, e que “existe unha praza de habilitación nacional que non está cuberta”, polo que recomenda “adaptar e dotar a estrutura do Órgano Interventor ás esixencias da normativa de control interno”.

Pois ben, como xa se indicou no anterior informe resumo temos que dicir que no mes de abril do exercicio 2024 cubriuse definitivamente o posto de habilitación nacional denominado “Viceinterventor/a adxunto/a”, praza á que se refería o Consello de Contas no seu informe, ao que se lle ten encomendado a colaboración e desenvolvemento das actuacións de control financeiro planificable previstas no Plan Anual de Control Financeiro aprobado polo interventor xeral. De calquera xeito, deberán adscribirse os medios e recursos necesarios para crear unha oficina ou servizo de control financeiro que permita o desenvolvemento do modelo de control eficaz ao que se refire o artigo 4 do Real Decreto 424/2017, xa que a actual estrutura de persoal atópase adaptada para a realización fundamentalmente da tradicional función interventora nas súas modalidades de fiscalización previa e intervención previa.

Ante a falta de medios necesarios, a Intervención xeral asinou en novembro do 2025 dous contratos de prestación de servizos de colaboración coa Intervención Xeral Municipal para a realización das actuacións de auditoría pública e de control financeiro de subvencións programadas dentro dos Plans Anuais de Control financeiro do Concello de Vigo e organismos e entidades dependentes e con plena suxeición ás Normas do Auditoría do Sector Público.

Por outra banda, o artigo 20 do RDCIEL establece que o órgano interventor poderá estar asesorado cando sexa necesaria a posesión de coñecementos técnicos para realizar a comprobación material.

A este respecto é preciso indicar que o persoal da intervención asistiu aos actos de comprobación material dos investimentos sen asesoramento, entendéndose por tanto limitada a miña responsabilidade aos aspectos e deficiencias que se puideron detectar atendendo á dilixencia media



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2026 11:51	Páxina 10 de 88
5515-1101	CSV: ABBCBE-4ADC47-422F52-8JUH86-TKBXK7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

esixida aos profesionais da Administración que non requiren cualificación técnica nun sector específico obxecto do gasto para o desempeño das funcións asignadas ao seu posto de traballo.

III. Conclusións e recomendacións.

III.1.- Función interventora.

Durante o exercicio 2025 non se adoptaron resolucións ou acordos contrarios aos reparos formulados, nin existiron procedementos para a resolución de discrepancias entre as opinións do órgano interventor e as dos órganos de xestión.

Naqueles supostos nos que o órgano interventor observou defectos no expediente derivados do incumprimento de requisitos ou trámites considerados non esenciais, devanditos defectos foron corrixidos con anterioridade á aprobación do expediente correspondente.

Esta ausencia de acordos contrarios a reparos resulta especialmente relevante tendo en conta que no ano 2020 nos concellos españois aprobáronse un total de 48.486 resolucións e acordos contrarios a reparos formulados polos órganos de Intervención por un importe global de 2.043,7 millóns de euros (fonte: Tribunal de Cuentas).

Non existiron expedientes con omisión de fiscalización no exercicio 2025.

Esta intervención non detectou anomalías en materia de ingresos no exercicio 2025.

Recoméndase: Reitérase novamente a necesidade de continuar desenvolvendo a aplicación de xestión de expedientes, previa elaboración de guías de tramitación da totalidade dos expedientes co maior nivel de detalle posible a nivel de trámite e usuario autorizado, como instrumento imprescindible para garantir un modelo de control eficaz.

Por outra banda, tamén resulta necesaria a dispoñibilidade de ferramentas informáticas suficientes e específicas para realizar as funcións de control interno, preferentemente integradas no sistema de administración electrónica da entidade, e que contén cun inventario das actuacións realizadas no exercicio da función interventora.

Así mesmo, os medios persoais para levar a cabo as tarefas de control interno non só han de ser suficientes no seu número senón que, ademais, han de contar coa formación esixible para desempeñar con competencia os novos labores previstos no RDCIEL. A este respecto, recoméndase incrementar a formación específica para os funcionarios responsables do control interno, establecendo a obriga de seguir os cursos e realizar as actividades de formación continuada necesarias para asegurar un nivel suficientemente elevado de coñecementos teóricos, cualificacións e valores profesionais.

Finalmente, e dado o importante número de expedientes tramitados na área de control de Recursos Humanos, resultaría recomendable aplicar, polo menos nesta área de xestión, o réxime de fiscalización e intervención limitada previa de requisitos básicos, caracterizado polas notas de esencialidade, brevidade e axilidade, ao limitarse o control previo a determinados aspectos esenciais dos actos sometidos a exame. Esta modalidade de control atópase absolutamente normalizada pois é a que aplica tanto a Administración de Estado, como a maioría dos Municipios de Grande Poboación. A tal efecto, formularase a oportuna proposta ao Pleno da Corporación.

III.2.- Control financeiro permanente: Actuacións atribuídas no ordenamento xurídico ao órgano interventor.

Como regra xeral, durante o exercicio 2025 realizáronse as actuacións de control financeiro cuxa realización polo órgano interventor deriva dunha obrigación legal. Como resultado das devanditas actuacións elaboráronse informes escritos co contido establecido no artigo 35 do RD 424/2017.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2026 11:51	Páxina 11 de 88
5515-1101	CSV: ABBCBE-4ADC47-422F52-8JUH86-TKBXK7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Con carácter xeral as deficiencias detectadas foron corrixidas mediante unha actuación correctora inmediata, sen prexuízo daquelas recomendacións puntuais realizadas sobre determinados aspectos que non resultan especialmente significativos pola súa escasa relevancia cualitativa ou cuantitativa.

En particular, informáronse favorablemente os expedientes para a aprobación inicial do orzamento do exercicio, as modificacións de créditos do exercicio, así como a aprobación da liquidación do orzamento.

Con todo, neste ámbito debemos de reiterar as seguintes recomendacións no informe de control permanente previo emitido para a aprobación da liquidación dos orzamentos para o exercicio 2025:

Recoméndase:

Recoméndase revisar en profundidade as Bases de Execución dos Orzamentos do Concello de Vigo de modo que se limiten a regular o contido que lle é propio, xa que non é o instrumento válido para regular outras materias por tratarse de normas encamiñadas a delimitar o perímetro do propio orzamento. Particularmente, como resultado das actuacións de control financeiro realizadas por esta Intervención sobre os contratos menores, recoméndase revisar ou suprimir a base 31ª que regula esta modalidade ou procedemento de contratación, xa que contradí o disposto na propia LCSP.

Por outra parte, reitera esta intervención a urxencia na necesidade de adaptar a xestión económico-financeira do Concello de Vigo ao réxime de organización dos municipios de grande poboación previsto no título X da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, mediante a creación do órgano ou órganos de xestión económico-financeira e orzamentaria, tendo en conta que o titular do órgano que desenvolva as funcións de contabilidade deberá ser un funcionario de Administración local con habilitación de carácter nacional.

III.3.- Control financeiro permanente: Actuacións realizadas incluídas no Plan Anual de Control Financeiro.

Avaliación do cumprimento da normativa en materia de morosidade (art. 12 da Lei 25/2013, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público).

Verificouse que se cumpre a normativa en materia de morosidade, e que non quedan retidas facturas presentadas no Punto xeral de entrada de facturas electrónicas que fosen dirixidas a órganos do Concello de Vigo en ningunha das fases do proceso.

Agora ben, polo órgano competente en materia de contabilidade non se deu cumprimento ao disposto no artigo 10.2 da Lei 25/2013, que establece a obriga de elaborar e remitir ao órgano de control interno un informe trimestral coa relación das facturas con respecto ás que transcorresen máis de tres meses desde que foron anotadas e non se efectuase o recoñecemento da obrigación polos órganos competentes.

Informe sobre obrigas pendentes de imputar ao Orzamento. Auditoría da Conta 413 (DA 3ª da Lei orgánica 9/2013, de 9 de setembro, de Control da débeda comercial no sector público).

Verificouse que as obrigacións derivadas de gastos realizados ou bens e servizos recibidos para os que non se produciu a súa imputación orzamentaria quedaron, na súa maioría, reflectidos na conta 413, propoñéndose como recomendación a adaptación do funcionamento contable desta conta ao disposto na Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local, e así mesmo adaptar a praxis para a formación do saldo desta conta de xeito que todas as facturas que teñan entrada no rexistro de facturas e que a fin de exercicio non estean conformadas (sexa cal sexa o seu estado) entren a formar parte do saldo desta conta.

Tamén, seguindo a doutrina do Tribunal de Cuentas, recoméndase a modificación das Bases de Execución dos Orzamentos de modo que se estableza a designación do Pleno como órgano competente para a aprobación dos REC en todo caso e, por tanto, con independencia da existencia ou non de crédito nese momento, como máximo órgano da entidade e responsable de autorizar a imputación a orzamento destas obrigacións.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2026 11:51	Páxina 12 de 88
5515-1101	CSV: ABBCBE-4ADC47-422F52-8JUH86-TKBXK7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Control financeiro posterior das liquidacións e recadación das sancións por infraccións urbanísticas impostas no período 2020-2024 no organismo autónomo Xerencia Municipal de Vigo (ingresos).

Das actuacións **revélase a debilidade nos sistemas de control** da XMU ao non dispoñer dos medios e procedementos precisos e indispensables para que poda existir un mínimo control sobre a exacción das sancións e multas de natureza urbanística, sobre os seus ingresos, e o seu pase ao procedemento de constrinximento.

Control financeiro e de eficacia dos Contratos menores adxudicados polo Concello de Vigo no exercicio 2024.

A auditoría estendeuse aos contratos menores adxudicados no exercicio 2024 no Concello de Vigo, coa finalidade de verificar sobre os datos facilitados, por un lado, se existían indicios de fraccionamentos indebidos e, por outro, da análise estadística valorar a eficiencia na contratación menor.

Pois ben, do estudo realizado e os indicios obtidos e coas limitacións expostas, pódese concluír que na tramitación dos contratos menores do Concello de Vigo no exercicio 2024 non se utilizou o fraccionamento dos contratos de xeito fraudulento ou indebido coa intención de eludir o procedemento de publicidade e concorrência. E polo que respecta á eficiencia da contratación menor, o aspecto máis significativo é que o 50,1% dos contratos (703) son por un importe inferior a 3.000€, e na maioría dos casos son por gastos recorrentes.

Por tal motivo, por evidentes razóns de eficiencia e axilidade administrativa, recoméndase facer uso da posibilidade prevista no apartado 5º do artigo 118 da LCSP que dispón que nos contratos menores cuxo pago se verifique a través do sistema de anticipos de caixa fixa ou outro similar para realizar pagos menores, sempre e cando o valor estimado do contrato non exceda de 5.000 euros, non será necesaria a emisión dun informe do órgano de contratación xustificando de xeito motivado a necesidade do contrato e que non se está alterando o seu obxecto co fin de evitar a aplicación dos limiares.

Nas actuacións previas do procedemento de contratación dos expedientes examinados, en termos xerais, cúmprense con todos os requisitos esixidos pola normativa e pola instrución 1/2022 de contratación menor do Concello de Vigo.

En relación á obriga da publicidade dos contratos menores ao menos trimestralmente no Plataforma de Contratación do Sector Público, estase a cumprir, constando listaxes trimestrais como documentación no perfil do contratante.

Control financeiro da eficacia na contratación maior en obras e análise e avaliación do importe final dos contratos finalizados en 2023 e 2024.

Como resultados máis significativos podemos destacar que **no 86% das obras executadas totalmente segundo o proxecto, producíronse excesos de medición superiores ao 9% do prezo inicial do contrato**. Este feito supón un indicador de debilidade estrutural na fase de preparación, definición técnica e/ou supervisión dos proxectos, ao situarse de forma recorrente en valores moi próximos ao límite legal do 10% establecido para os excesos de medicións.

O resultado obtido debe reflectirse como unha deficiencia significativa, pola súa relevancia cualitativa e pola súa reiteración, ao evidenciar unha pauta xeral de funcionamento e non meras incidencias singulares.

Control financeiro posterior das subvencións de concesión directa do Concello de Vigo exercicio 2024.

No exercicio 2024, no orzamento estaban previstas 101 subvencións nominativas por un importe de 5.327.489,31€ (poboación total). O estudo realizouse sobre unha mostra representativa do 63,79% sobre o importe total. Os expedientes seleccionados para a mostra obtivéronse por procedementos non estatísticos, escollendo os 12 de maior contía.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2026 11:51	Páxina 13 de 88
5515-1101	CSV: ABBCBE-4ADC47-422F52-8JUH86-TKBXK7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Dos informes evacuados pola firma de auditoría contratada, despréndese que 10 das 12 entidades seleccionadas cumpren cos requisitos establecidos nas bases e convenios con pequenas incidencias non destacables. Polo contrario, un caso pode supoñer o reintegro parcial da subvención por non cumprir con cuestións esenciais como é a xustificación da saída de fondos para o pagamento dos recursos propios, e noutro caso un reintegro total pola falta de transparencia e porque non foi posible realizar as seguintes verificacións: (1) a axeitada imputación contable da subvención e dos gastos asociados; (2) obter unha certeza absoluta sobre a inexistencia de sobrefinanciamento ante a ausencia da declaración de axudas concorrentes e da documentación soporte doutros proxectos similares; e (3) realizar a validación externa da realidade das operacións mediante procedementos de confirmación directa con terceiros.

Dentro deste control financeiro un dos obxectivos fixados foi a de realizar unha comprobación e verificación da remisión obrigatoria de información á Base de Datos Nacional de subvencións (BDNS). Do resultado dos traballos comprobouse que mais do 52% das subvencións directas non cumpren cos obriga legar de render información á BDNS.

III.4.- Auditoría pública.

En canto á realización das auditorías ás Fundacións seleccionadas integrantes do Sector Público Local, aínda estase na fase de elaboración dos informes provisionais.

IV. Deficiencias que requiren a adopción de medidas correctoras a través dun plan de acción.

En aplicación dos artigos 37 e 38 do RD 424/2017 débese aprobar un plan de acción no que se propoña emendar cada unha das deficiencias sinaladas no informe de control financeiro, con asignación dos responsables da implantación de cada medida correctora, un calendario para a súa implantación, incluído un cronograma ou prazos definidos para a execución de cada medida que permita realizar o seguimento do seu cumprimento. Así mesmo deberá conter o impacto económico das medidas propostas.

En concreto, esta intervención entende que as seguintes deficiencias requiren a elaboración dun Plan de Acción:

1. As deficiencias atopadas na Xerencia Municipal de Urbanismo requiren da adopción de medidas correctoras co obxecto de garantir o control e seguimento sobre a exacción das sancións e multas de natureza urbanística, sobre os seus ingresos, e o seu pase ao procedemento de constrinximento.
2. Na área das subvencións, a omisión da obriga legal de render información completa á BDNS require a adopción das medidas necesarias de modo que se asegure o automático cumprimento deste extremo na tramitación de todas as axudas públicas con independencia do procedemento de concesión.
3. Como se ten reiterado, resulta necesario e inaprazable modificar a RPT para adaptar a xestión económico-financeira do Concello de Vigo ao réxime de organización dos municipios de grande poboación previsto no título X da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, mediante a creación do órgano ou órganos de xestión económico-financeira e orzamentaria, tendo en conta que o titular do órgano que desenvolva as funcións de contabilidade deberá ser un funcionario de Administración local con habilitación de carácter nacional.

V. Valoración do plan de acción formalizado polo Presidente da Corporación como consecuencia das deficiencias sinaladas no anterior informe.

Non procede xa que como consecuencia do anterior informe non resultou necesario elaborar un plan de acción.

DITAME. A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria de data 18 de maio de 2026, queda informada.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2026 11:51	Páxina 14 de 88
5515-1101	CSV: ABBCBE-4ADC47-422F52-8JUH86-TKBXK7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

ACORDO.

O Pleno da Corporación toma coñecemento do informe resumo dos resultados do control interno do exercicio 2025, en aplicación do disposto do artigo 37 do Real Decreto 424/2017. Expte. 103081-140.

4.(79). ORDENANZA DE PRESTACIÓNS PATRIMONIAIS DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIO POLO SERVIZO DE TRANSPORTE COLECTIVO URBANO DE PERSOAS VIAXEIRAS. APROBACIÓN INICIAL. EXPEDIENTE 3302/500. (EXPTE. PLENO 5455/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 12 de maio do 2026, o concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda emite o seguinte informe proposta,

“ASUNTO: ESTABLECEMENTO DE PRESTACIÓNS PATRIMONIAIS DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIO POLO SERVIZO DE TRANSPORTE COLECTIVO URBANO DE PERSOAS VIAXEIRAS E APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA DE PRESTACIÓNS PATRIMONIAIS DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIO POLO SERVIZO DE TRANSPORTE COLECTIVO URBANO DE PERSOAS VIAXEIRAS (63)

ANTECEDENTES

I.- A Área de Fomento, Servizos e Deportes do Concello está a tramitar o expediente para a contratación do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros/as no término municipal de Vigo (expediente 4537-449). A modalidade contractual proposta é a de contrato de servizos con prestacións directas a favor da cidadanía, regulada no artigo 312 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (en adiante, LCSP).

II.- En data 4 de xullo do 2025, o Concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes, solicitou á Concellería de Área de Orzamentos e Facenda que se inicien os trámites para a aprobación da ordenanza de prestacións patrimoniais de carácter público non tributario polo servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros/as.

III.- O Pleno do Concello, en sesión ordinaria do 28 de xullo de 2025 acordou *“Aprobar o tipo contractual de contrato de servizos con prestacións directas á cidadanía, como novo modo de xestión indirecta do servizo público de transporte urbano colectivo de viaxeiros en autobús da cidade de Vigo”*.

IV.- Dando curso á solicitude do Concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes, en data 13 de agosto de 2025 o Concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda ditou orde de inicio do presente expediente para a APROBACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DAS PRESTACIÓNS PATRIMONIAIS DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE TRANSPORTE COLECTIVO URBANO DE VIAXEIROS/AS (63).

V.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 22 de agosto do 2025, acordou: *“Abrir o preceptivo trámite de consulta pública previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2026 11:51	Páxina 15 de 88
5515-1101	CSV: ABBCBE-4ADC47-422F52-8JUH86-TKBXK7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

administracións públicas para a elaboración e aprobación da "Ordenanza das prestacións patrimoniais de carácter público non tributario pola prestación do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros/as (63)", a través de enderezo <https://consulta.vigo.org> durante un prazo de 20 días hábiles, para que a cidadanía, organizacións e asociacións que así o consideren poidan facer chegar as súas opinións acerca dos aspectos que figuran no Anexo I do presente acordo".

VI.- Durante o período de consulta pública (do 25/08/2025 ata o 22/09/2025) para a presentación de opinións da cidadanía, organizacións e asociacións, non se presentou ningunha reclamación nin suxestión, como consta no Certificado da Secretaría do Goberno Local do 24/09/2025 incorporado ao expediente.

VII.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 6 de abril do 2026, acordou o establecemento de prestacións patrimoniais de carácter público non tributario polo servizo de transporte colectivo urbano de persoas viaxeiras e a aprobación do proxecto de "Ordenanza de prestacións patrimoniais de carácter público non tributario pola prestación do servizo de transporte colectivo urbano de persoas viaxeiras (63)".

VIII.- En aplicación do disposto no artigo 76.4 do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo ("*O secretario xeral do Pleno comunicará aos Voceiros dos grupos municipais a existencia dun proxecto de norma e a apertura dun prazo de seis días ao obxecto presenten emendas ao texto*") abriuse o prazo de seis días para a presentación de emendas polo grupos municipais (do 21/04/2026 ao 29/04/2026).

IX.- En data 29/04/2026 os portavoces do Grupos políticos do Grupo Municipal do Partido Popular (PP) e do Bloque Nacionalista Galego presentaron a través do Rexistro Electrónico de Pleno escritos de emendas en documentos 260104537 e 260104184.

X.- En data 11/05/2026 emitíronse informes técnico-xurídicos sobre as emendas presentadas sen apreciar cuestións de ilegalidade en relación co proxecto de ordenanza aprobado pola Xunta de Goberno Local.

MARCO NORMATIVO DE APLICACIÓN

- Constitución española de 1978
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de reguladora das bases de réxime local (LRBRL)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia (Lei 5/1997)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria
- Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira
- Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP)
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno
- Lei 9/2025, de 3 de decembro, de mobilidade sostible



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2026 11:51	Páxina 16 de 88
5515-1101	CSV: ABBCBE-4ADC47-422F52-8JUH86-TKBXK7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Regulamento regulador do servizo, aprobado por Acordo plenario en sesión ordinaria de data 27 de novembro de 2019 (Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 25 de 6 de febreiro de 2020)

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

Primeira.- O servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros/as é un servizo de competencia municipal, como dispoñen os artigos 25.2.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local (LRBRL) e 80.1.m) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia (en adiante, Lei 5/1997) e de prestación obrigatoria para os municipios con poboación superior a 50.000 habitantes, de acordo co disposto nos artigos 26.1.d) da citada LRBRL e 81.d) da Lei 5/1997.

Segunda.- A natureza da contraprestación a satisfacer polas persoas usuarias do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros/as coa modalidade prevista para o novo contrato do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros/as no término municipal de Vigo (expediente 4537-449 en tramitación), como contrato de servizos con prestacións directas en favor da cidadanía regulado no artigo 312 da LCSP, é a de prestación patrimonial de carácter público non tributario. Como ten declarado a Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado, entre outros, no seu informe 53/18: *"Sin duda, este contrato puede calificarse como un modo de gestión indirecta de un servicio público"*, aclarando que *"en los contratos de servicios que conlleven prestaciones directas a favor de la ciudadanía las tarifas o prestaciones que deben satisfacer los usuarios al prestador de los servicios tendrán la condición de prestaciones patrimoniales de carácter público no tributario cuando se exijan coactivamente"*. O requisito da coactividade, no sentido do artigo 2.2 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, cúmprese no caso do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros/as por non ser prestado ou realizado polo sector privado.

En consecuencia, resulta de aplicación o artigo 20.6 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, que dispón que:

"as contraprestacións económicas establecidas coactivamente que se perciban pola prestación dos servizos públicos a que se refire o apartado 4 deste artigo, realizada de forma directa mediante personificación privada ou mediante xestión indirecta, terán a condición de prestacións patrimoniais de carácter público non tributario conforme ao previsto no artigo 31.3 da Constitución."

En concreto, terán tal consideración aquelas esixidas pola explotación de obras ou a prestación de servizos, en réxime de concesión, sociedades de economía mixta, entidades públicas empresariais, sociedades de capital integramente público e demais fórmulas de Dereito privado."

Sen prexuízo do establecido no artigo 103 da Lei de Contratos do Sector Público, as contraprestacións económicas a que se refire este apartado se regularán mediante ordenanza. Durante o procedemento de aprobación de dita ordenanza as entidades locais solicitarán informe preceptivo daquelas Administracións Públicas ás que o ordenamento xurídico lles atribúa algunha facultade de intervención sobre as mesmas".



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2026 11:51	Páxina 17 de 88
5515-1101	CSV: ABBCBE-4ADC47-422F52-8JUH86-TKBXK7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Terceira.- Este artigo 20.6 do TRLRFL establece a necesidade de que a regulación das prestacións patrimoniais de carácter público non tributario se realice mediante ordenanza

O artigo 4.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o artigo 4 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e o artigo 6.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, atribúen a potestade regulamentaria aos municipios. Por outra banda, o artigo 128 da LPACAP recoñece a potestade regulamentaria aos órganos de goberno locais.

En aplicación da anterior normativa, realizouse o trámite de consulta pública previsto no artigo 133.1 da LPACAP entre o 25/08/2025 e o 22/09/2025 para a presentación de opinións da cidadanía, organizacións e asociacións, sen que fose presentada ningunha reclamación nin suxestión neste trámite, como consta no Certificado da Secretaría do Goberno Local do 24/09/2025 incorporado ao expediente.

Cuarta.- O texto que se propón para aprobación consta dun Preámbulo, dun articulado integrado por seis preceptos, dunha Disposición Transitoria, dunha Disposición Final e dun Anexo.

En relación coa regulación dos aspectos substantivos das prestacións patrimoniais de carácter público non tributario polo servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros/as, o texto normativo proposto regula o obxecto da contraprestación no seu artigo 2, as persoas obrigadas ao pagamento no seu artigo 3, a revisión de actos, infraccións e sancións no seu artigo 5, así como as normas de xestión no seu artigo 6.

No tocante á determinación do réxime tarifario, o artigo 4 establece a seguinte regulación:

- determina no apartado 1 unha tarifa teórica de equilibrio económico do servizo, que ten a consideración de tarifa íntegra por importe de 2,04€ IVE incluído (1,85€ sen IVE).

Esta tarifa teórica de equilibrio é o importe do billete co cal se acadaría o pleno financiamento do servizo cos ingresos da tarifa, tal e como establece o informe técnico-económico incorporado ao expediente. Esta tarifa non será de aplicación ás persoas usuarias do servizo, segundo o previsto no apartado 2.

- no apartado 2 fixa unha tarifa bonificada, por importe de 1,63€ IVE incluído (1,48€ sen IVE), tarifa que será de aplicación ás persoas usuarias do servizo. O Concello asumirá a diferenza entre a tarifa íntegra (do artigo 4.1) e a tarifa bonificada (artigo 4.2).

- o apartado 3 habilita á Xunta de Goberno Local para a aplicación de descontos ou subvencións e/ou o establecemento de abonos multiviaxe, para o conxunto das persoas usuarias ou para determinados colectivos ou situacións, tendo en conta as dispoñibilidades orzamentarias e as axudas recibidas doutras Administracións e entidades públicas e privadas. A Xunta de Goberno Local determinará a súa contía, condicións e ámbito temporal, ao ser o órgano competente para o desenvolvemento da xestión económica, de conformidade co disposto no artigo 127.1.g) da LRBRL.

Estes acordos que poderá adoptar a Xunta de Goberno Local terán por obxecto instrumentar a aplicación dos fondos dispoñibles ao servizo e os seus efectos sobre o



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2026 11:51	Páxina 18 de 88
5515-1101	CSV: ABBCBE-4ADC47-422F52-8JUH86-TKBXK7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

importe das prestacións de carácter público non tributario a percibir das persoas usuarias.

- o apartado 4 regula as tarifas para o autobús turístico-cultural, establecendo o billete para persoas usuarias adultas e o billete infantil, para persoas entre 4 e 14 anos.
- o apartado 5 establece a gratuidade das persoas menores de catro anos, nas condicións establecidas no Regulamento regulador do servizo (aprobado por Acordo plenario de 27 de novembro de 2019, publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 25 do 6 de febreiro de 2020).

A Disposición Transitoria establece a vixencia para o 2026 dos importes subvencionados aprobados mediante Acordo da Xunta de Goberno Local do 30/12/2025, que se reproducen no Anexo da Ordenanza ou aqueles aprobados en acordo da Xunta de Goberno Local posterior que o substitúa.

A Disposición Final fixa a entrada en vigor da ordenanza ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e o comezo da súa aplicación na data de inicio da execución do novo contrato do servizo de transporte colectivo urbano de persoas viaxeiras no termo municipal de Vigo (expediente 4537-449), actualmente en tramitación.

Quinta.- No tocante á repercusión orzamentaria, de conformidade co artigo 129.7 da Lei 39/2015, faise constar que os efectos económicos para o servizo están previstos no orzamento do ano 2026, aprobado por acordo plenario do 23 de decembro de 2025 na partida 4411/47, polo que o texto normativo proposto non provoca impacto orzamentario.

Sexta.- En canto ao procedemento de elaboración e aprobación da presente ordenanza, procede súa a tramitación segundo o disposto nos artigos 49, 70.2 e concordantes da LRBRL.

Sétima.- En relación coas emendas presentadas polos Grupos Políticos e vistos os informes técnico-xurídicos de análise das emendas de 11/05/2026, procede rexeitar as emendas formuladas e manter o texto do proxecto de ordenanza aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de 6 de abril de 2026 procedendo a súa elevación a Pleno previo ditame da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda.

PROPOSTA DE DITAME E ACORDO AO PLENO DA CORPORACIÓN

A vista da argumentación xurídica e técnica exposta e no uso das atribucións conferidas polo Regulamento Orgánico do Pleno e delegación de competencias elévase a seguinte .../...

Deseguido o concelleiro emite a proposta que se transcribe na parte dispositiva deste acordo.

DITAME. A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria do 18.05.26, ditamina favorablemente a proposta.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2026 11:51	Páxina 19 de 88
5515-1101	CSV: ABBCBE-4ADC47-422F52-8JUH86-TKBXK7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Con data 20 de maio, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Perez Iglesias, presenta no Rexistro electrónico do Pleno expediente 5472/1101, VOTO PARTICULAR, que se someterá a votación.

Con data 20 de maio, a voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Sánchez Méndez, presenta no Rexistro electrónico do Pleno expediente 5475/1101, VOTO PARTICULAR, que se someterá a votación.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

VOTACIÓN VOTO PARTICULAR DO BNG (5472/1101):

- *Votos a favor:* tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.
- *Votos en contra:* vinte e catro (24) dos membros do grupo municipal Socialista (19), señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, e mais cinco (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.
- *Abstencións:* Non houbo.

ACORDO

Con tres (3) votos a favor, dos membros do grupo municipal do BNG, vinte e catro (24) votos en contra, dos membros do grupo municipal do PSOE (19) e mais cinco (5) dos membros do grupo municipal do PP, o Pleno da Corporación rexeita o voto particular presentado no Rexistro do Pleno, nº 5472/1101, con data de entrada o 20 de maio de 2026, polo voceiro do grupo municipal do BNG.

VOTACIÓN VOTO PARTICULAR DO PARTIDO POPULAR (5475/1101):

- *Votos a favor:* cinco (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.
- *Votos en contra:* dezanove (19) dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia.
- *Abstencións:* tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas..

ACORDO

Con cinco (5) votos a favor, dos membros do grupo municipal do PP, dezanove (19) votos en contra dos membros do grupo municipal do PSOE e tres (3) abstencións dos membros do



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2026 11:51	Páxina 20 de 88
5515-1101	CSV: ABBCBE-4ADC47-422F52-8JUH86-TKBXK7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

grupo municipal do BNG, o Pleno da Corporación rexeita o voto particular presentado no Rexistro do Pleno, nº 5475/1101, con data de entrada o 20 de maio de 2026, pola voceira do grupo municipal do Partido Popular.

VOTACIÓN ASUNTO DITAMINADO:

- *Votos a favor:* dezanove (19) dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia.
- *Votos en contra:* oito (8) dos membros do grupo municipal do Partido Popular (5), señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, e mais tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.
- *Abstencións:* Non houbo

ACORDO

Con dezanove (19) votos a favor, dos membros do grupo municipal Socialista, e oito (8) votos en contra, dos membros do grupo municipal do Partido Popular (5) e do grupo municipal do BNG (3), o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo,

A) REXEITAMENTO DAS EMENDAS

Rexeitar as emendas presentadas polo Grupo Municipal do Partido Popular (PP), 8 emendas e a emenda á totalidade presentada polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) vista a motivación contida nos informes técnico-xurídicos de análise das emendas de 11/05/2026, por non concorrer motivos de ilegalidade e manter o proxecto de ordenanza aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 6 de abril de 2026.

B) PROPOSTA DE DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA:

1º) Acordar o establecemento de prestacións patrimoniais de carácter público non tributario polo servizo de transporte colectivo urbano de persoas viaxeiras.

2º) Aprobar inicialmente a "Ordenanza de prestacións patrimoniais de carácter público non tributario pola prestación do servizo de transporte colectivo urbano de persoas viaxeiras (63)":

PREÁMBULO

A natureza da contraprestación a satisfacer polas persoas usuarias do servizo, coa modalidade prevista para o novo contrato do servizo de transporte colectivo urbano de persoas viaxeiras como contrato de servizos con prestacións directas en favor da cidadanía- regulado no artigo 312 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público- é a de prestación patrimonial de carácter público non tributario.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2026 11:51	Páxina 21 de 88
5515-1101	CSV: ABBCBE-4ADC47-422F52-8JUH86-TKBXK7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Así, o Pleno do Excmo. Concello, en sesión ordinaria do 28 de xullo de 2025, acordou "Aprobar o tipo contractual de contrato de servizos con prestacións directas á cidadanía, como novo modo de xestión indirecta do servizo público de transporte urbano colectivo de viaxeiros en autobús da cidade de Vigo".

En consecuencia, resulta de aplicación o artigo 20.6 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, que determina a necesidade de que o Concello aprobe unha ordenanza de prestacións patrimoniais de carácter público non tributario.

A presente ordenanza define unha tarifa íntegra de 2,04€ IVE incluído (1,85€ sen IVE), equivalente ao custo do servizo por viaxe, calculado no Informe Técnico-Económico que consta no expediente de aprobación da ordenanza, é dicir, equivalente á tarifa teórica para o equilibrio económico do servizo. Este importe non resultará de aplicación ás persoas usuarias do servizo ao establecer o artigo 4.2 un billete ordinario máximo (tarifa aplicable) de 1,63€ IVE incluído (1,48€ sen IVE).

A ordenanza tamén fixa as tarifas do autobús turístico-cultural.

A Lei 9/2025, de 3 de decembro, de mobilidade sostible establece o marco no cal as Administracións Públicas teñen a obriga de fomentar no seu ámbito competencial a mobilidade sostible da cidadanía. Neste sentido, o Concello de Vigo ven asumindo nos últimos anos un crecente peso no financiamento do servizo do transporte público urbano.

Neste contexto, o artigo 4.3 da Ordenanza habilita á Xunta de Goberno Local a aprobar a aplicación de descontos ou subvencións, en función das dispoñibilidades orzamentarias. Esta habilitación outorga ao Concello a flexibilidade necesaria para poder acollerse a convocatorias análogas ás aprobadas polo Real Decreto-lei 17/2025, de 23 decembro, condicionadas á aplicación de descontos no ano 2026. No caso de Vigo, estes descontos foron aprobados mediante Acordo da Xunta de Goberno Local de 30/12/2025.

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E OBXECTO.

Segundo o disposto nos artigos 142 e 31.3 da Constitución así como no artigo 105.2 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local e nos artigos 2 e 20.6 do Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello de Vigo establece e regula a prestación patrimonial de carácter público non tributario polo servizo de transporte público urbano colectivo de persoas viaxeiras en autobús.

ARTIGO 2. OBXECTO DA CONTRAPRESTACIÓN.

Constitúe o obxecto da presente prestación patrimonial de carácter público non tributario a prestación do servizo de transporte público urbano colectivo de persoas viaxeiras en autobús, prestado polo Concello de Vigo, en réxime de xestión indirecta, nos termos establecidos no Regulamento regulador do servizo (Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 25 de 6 de febreiro de 2020), así como o uso do servizo de autobús turístico cultural.

ARTIGO 3. PERSOAS OBRIGADAS AO PAGAMENTO.

Son obrigadas ao pagamento as persoas usuarias do servizo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2026 11:51	Páxina 22 de 88
5515-1101	CSV: ABBCBE-4ADC47-422F52-8JUH86-TKBXK7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ARTIGO 4. TARIFAS.

1. A tarifa teórica para o equilibrio económico do servizo, que ten a consideración de tarifa íntegra, é de 2,04€ IVE incluído (1,85€ sen IVE). Esta tarifa non será de aplicación ás persoas usuarias do servizo, segundo o previsto no apartado seguinte.

2. Será de aplicación ás persoas usuarias do servizo a tarifa ordinaria (billete máximo) de 1,63€ IVE incluído (1,48€ sen IVE), que ten a consideración de tarifa bonificada. A diferenza entre a tarifa íntegra e a bonificada será asumida polo Concello.

3. Sen prexuízo da tarifa establecida no apartado anterior, a Xunta de Goberno Local poderá aprobar a aplicación de descontos ou subvencións e/ou o establecemento de abonos multivía, para o conxunto das persoas usuarias ou para determinados colectivos ou situacións, tendo en conta as dispoñibilidades orzamentarias e as axudas recibidas doutras Administracións e entidades públicas ou privadas. A Xunta de Goberno determinará a súa contía, condicións e ámbito temporal.

4. As tarifas para o autobús turístico-cultural son as seguintes:

PERFIL DE USUARIO/A	TARIFA SEN IVE	TARIFA CON IVE
Billete persoa adulta	9,09€	10,00€
Billete infantil (persoas entre 4 e 14 anos)	4,55€	5,00€

5. As persoas menores de catro anos viaxarán de forma gratuíta nas condicións establecidas no Regulamento regulador do servizo (Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 25 de 6 de febreiro de 2020).

ARTIGO 5. REVISIÓN DE ACTOS, INFRACCIÓN E SANCIÓN.

De conformidade co artigo 14.2 do TRLRFL, contra os actos ditados en aplicación da presente Ordenanza procederá o recurso de reposición no prazo dun mes contado dende a data de notificación do acto.

Para a cualificación das infraccións e das sancións que en cada caso procedan estarase ao previsto na Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público e na Lei de bases de réxime local.

ARTIGO 6. NORMAS DE XESTIÓN

Corresponderán á entidade adxudicataria do servizo as operacións materiais da xestión do ingreso, de conformidade co previsto na documentación que rexe o contrato do servizo e de acordo co Regulamento regulador do servizo aprobado por Acordo plenario en sesión ordinaria de data 27 de novembro de 2019 (Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 25 de 6 de febreiro de 2020).

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Durante o ano 2026 aplicaranse os importes subvencionados aprobados mediante Acordo da Xunta de Goberno Local de 30/12/2025, cuxo punto Segundo se reproduce no Anexo da presente Ordenanza, ou os fixados en acordo posterior que o substitúa.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta Ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comenzará a aplicarse á data de inicio da execución do novo contrato



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2026 11:51	Páxina 23 de 88
5515-1101	CSV: ABBCBE-4ADC47-422F52-8JUH86-TKBXK7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

do servizo do transporte urbano de persoas viaxeiras no termo municipal de Vigo, expediente 4537-449.

ANEXO

Durante o ano 2026 aplicaranse os importes subvencionados aprobados mediante Acordo da Xunta de Goberno Local de 30/12/2025, cuxo punto Segundo se reproduce a continuación:

"SEGUNDO.- Aprobar o compromiso de implantar os descontos aos que se fai referencia no Real decreto lei 17/2025 de 23 de decembro, de medidas de promoción do uso do transporte público mediante a bonificación de abonos e títulos multiviaxe, relativo ás axudas ao transporte urbano nos termos e contías establecidos sobre os importes dos abonos aplicados a través da tarxeta moedeiro PASSVIGO, para o período 1 de xaneiro de 2026 o 31 de decembro de 2026, de acordo cos seguintes apartados:

a) Gratuidade para a poboación infantil até os catorce anos. Dirixida os titulares da tarxeta multiviaxe PASSVIGO en calquera dos perfis actuais, que no momento do uso teñan menos de 15 anos.

b) Redución do prezo dos títulos multiviaxe sobre o prezo habitual para o período indicado, excluídos o billete de ida e volta e os títulos turísticos o de calquera natureza similar, dos servizos de transporte terrestre da súa competencia, nun porcentaxe mínimo de:

b.1.- títulos multiviaxe joven. 50 % de desconto. Será de aplicación os usos das tarxeta multiviaxe dos perfis; "estudiante" e "universitario" que no momento do uso teñan idades comprendidas entre os 15 anos e os 30 anos.

b.2.- Resto de títulos multiviaxe Tarxeta PASSVIGO. 40 % de desconto sobre o prezo (20 % + 20 % a cargo do Concello de Vigo). Será de aplicación para os titulares das Tarxetas PASSVIGO dos perfis "normal", "estudiante", "universitario" e "social", que no momento do uso non se atopen comprendidos nos casos anteriores.

Correspondendo o seguinte cadro de prezos das tarifas da tarxeta PASSVIGO



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 01/07/2026 11:51

Páxina 24 de 88

5515-1101

CSV: ABBCBE-4ADC47-422F52-8JUH86-TKBXK7-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

3º)

Denominación título o abono	Clasificación grupo_edad	Pago	Edad_mínima (incluida)	Edad_máxima (incluida)	Importe billete	Bonf PASSVIGO		Bonificación Estado			
						Bonf	Importe		Estado	Concello	Importe
Tarjeta PASSVIGO NORMAL	perfil infantil	PassVigo	4	14	1,63 €	0,51 €	1,12 €	100%	1,12 €	- €	- €
	Normal	PassVigo	15					20%+20%	0,225 €	0,225 €	0,67 €
Tarjeta PASSVIGO ESTUDIANTE	Perfil infantil	PassVigo	4	14	1,63 €	0,55 €	1,08 €	100%	1,08 €	- €	- €
	Perfil xoven	PassVigo	15	30				50%	0,54 €	- €	0,54 €
	resto	PassVigo	31					20%+20%	0,215 €	0,215 €	0,65 €
Tarjeta PASSVIGO UNIVERSITARIO	Perfil xoven	PassVigo	15	30	1,63 €	0,78 €	0,85 €	50%	0,42 €	- €	0,43 €
	resto	PassVigo	31					20%+20%	0,17 €	0,17 €	0,51 €
Tarjeta PASSVIGO SOCIAL		PassVigo	15		1,63 €	0,71 €	0,92 €	20%+20%	0,185 €	0,185 €	0,55 €
Tarjeta PASSVIGO PENSIONISTA I		PassVigo			1,63 €	1,63 €	- €		- €	- €	- €
Tarjeta PASSVIGO PENSIONISTA II		PassVigo			1,63 €	1,63 €	- €		- €	- €	- €

Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no Boletín Oficial da Provincia, taboleiro do Concello e prensa local para a presentación de reclamacións e suxestións.

4º) Remitir o presente acordo á Comisión de Prezos da Xunta de Galicia (Dirección Xeral de Comercio) para a emisión do informe previsto no artigo 20.6 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

5º) Para o caso de non presentarse reclamacións ou suxestións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva e publicárase o texto da ordenanza no BOP para a súa entrada en vigor.

5.(80). ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO RECARGO MUNICIPAL SOBRE O IMPOSTO GALEGO SOBRE AS ESTADÍAS TURÍSTICAS. APROBACIÓN INICIAL. EXPEDIENTE 3303/500. (EXPT. PLENO 5456/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 12 de maio do 2026, o concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda emite o seguinte informe proposta,

“ASUNTO: IMPOSICIÓN DO RECARGO MUNICIPAL SOBRE O IMPOSTO GALEGO SOBRE AS ESTADÍAS TURÍSTICAS E APROBACIÓN PROVISIONAL DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO RECARGO MUNICIPAL SOBRE O IMPOSTO GALEGO SOBRE AS ESTADÍAS TURÍSTICAS (54)

ANTECEDENTES

I- O 1 de xaneiro do 2025 entrou en vigor a Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 251, do 31/12/2024), que creou o



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2026 11:51	Páxina 25 de 88
5515-1101	CSV: ABBCBE-4ADC47-422F52-8JUH86-TKBXK7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Imposto Galego sobre as Estadías Turísticas na Comunidade Autónoma de Galicia, pero estableceu unha bonificación do 100% da cota tributaria (artigo 17), deixando en mans dos concellos galegos a decisión de establecer a contía a esixir ás persoas visitantes que realicen estancias turísticas, dentro dos topes que sinala o seu artigo 16, mediante un recargo sobre o imposto autonómico. Para o establecemento de tal recargo resulta necesaria a aprobación da correspondente ordenanza fiscal, como sinala o artigo 24 desta Lei.

II.- O Sr. Concelleiro da Área de Goberno Orzamentos e Facenda ditou orde de inicio de expediente de imposición e aprobación da Ordenanza Fiscal reguladora do recargo municipal sobre o Imposto Galego sobre as Estadías Turísticas (54) en data 12 de agosto de 2025.

III.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 22 de agosto do 2025, acordou: *"Abrir o preceptivo trámite de consulta pública previsto no artigo 24.2 da Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas para a elaboración e aprobación da "Ordenanza fiscal reguladora do recargo municipal sobre o imposto autonómico ás estancias turísticas (54)" e no artigo 133 da Lei 39/2015, a través do enderezo <https://consulta.vigo.org> durante un prazo de 20 días hábiles, para que a cidadanía, as organizacións e as asociacións que así o consideren e, particularmente, as organizacións e asociacións representativas do sector turístico, poidan facer chegar as súas opinións acerca dos aspectos que figuran no Anexo I ao presente acordo".*

IV.- Durante o período de consulta pública (de 25/08/2025 ata 22/09/2025) presentouse escrito por parte da AUTORIDAD PORTUARIA DE VIGO, mediante o documento 250237748 en data 05/09/2025.

V.- Incorporáronse ao expediente os seguintes informes: informe de esixencia do recargo por estancias turísticas e avaliación do impacto e eficacia destes para as finalidades pretendidas de 27/02/2026, informe previo de legalidade do Tribunal Económico-Administrativo Municipal de 04/03/2026, informe de impacto sobre a familia, a infancia e a adolescencia de 17/03/2026, informe de impacto de xénero de 20/03/2026 e informe de fiscalización de conformidade de data 27/03/2026.

VI.- En data 08/04/2026 o Sr. Concelleiro da Area de Goberno de Orzamentos e Facenda emitiu instrución de servizo instando a introdución no proxecto de ordenanza elaborado dos seguintes aspectos:

- " - recargo do 0% para a terceira, cuarta e quinta pernocta ata o 30/06/2027 aos feitos impositivos previstos no artigo 2.1.a), pasando a computarse un número máximo de cinco pernoctas para cada estadía a partir do 01/07/2027*
- aplicación das disposicións recollidas na ordenanza relativas ao recargo sobre o imposto cando o feito impositivo sexa a estadía en embarcacións de cruceiro turístico fondeadas ou amarradas no Porto de Vigo (artigo 2.1.b) cando realicen escala no mesmo a partir do 01/07/2027*
- ampliación do prazo de autoliquidación e ingreso do recargo, en aras de facilitar o cumprimento das obrigas tributarias polos suxeitos pasivos substitutos das persoas contribuíntes*

A introdución no proxecto de ordenanza dos anteriores aspectos insértase no exercicio dunha potestade discrecional, tendo en conta ademais o actual escenario xeopolítico mundial, que fai aconsellable e prudente establecer unha implantación progresiva do recargo sobre o Imposto Galego sobre as Estadías Turísticas, na liña do establecido no Real Decreto Lei 7/2026, do 20 de marzo, polo que se aproba o Plan Integral de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2026 11:51	Páxina 26 de 88
5515-1101	CSV: ABBCBE-4ADC47-422F52-8JUH86-TKBXK7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Resposta á crise en Oriente Medio, que adopta un paquete de medidas para mitigar o impacto enerxético e económico nesta situación de conflito internacional”.

VII.- En data 09/04/2026 emitíuse informe complementario ao informe de 27/02/2026 de xustificación da esixencia do recargo aos efectos de avaliar o impacto económico dos aspectos a incorporar ao texto normativo.

VIII.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 17 de abril do 2026, acordou a imposición do recargo municipal sobre o Imposto Galego sobre as Estadías Turísticas, en aplicación do disposto no artigo 24 da Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas e a aprobación do proxecto de Ordenanza Fiscal reguladora do recargo municipal sobre o Imposto Galego sobre as Estadías Turísticas (54).

IX.- En aplicación do disposto no artigo 76.4 do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo (*"O secretario xeral do Pleno comunicará aos Voceiros dos grupos municipais a existencia dun proxecto de norma e a apertura dun prazo de seis días ao obxecto presenten emendas ao texto"*) abriuse o prazo de seis días para a presentación de emendas polo grupos municipais (do 21/04/2026 ao 29/04/2026).

X.- En data 29/04/2026 os portavoces do Grupos políticos do Grupo Municipal do Partido Popular (PP) e do Bloque Nacionalista Galego presentaron a través do Rexistro Electrónico de Pleno escritos de emendas en documentos 260104562 e 260104194.

XI.- En data 11/05/2026 emitíronse informes técnico-xurídicos pola Directora de Ingresos e polo Tribunal Económico-Administrativo sobre as emendas presentadas, sen apreciar cuestións de ilegalidade en relación co proxecto de ordenanza aprobado pola Xunta de Goberno Local.

MARCO NORMATIVO DE APLICACIÓN

- Constitución española
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria
- Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e financeira
- Lei 5/2024, de 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas
- Lei 7/2011, de 27 de outubro, do turismo de Galicia
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

Primeira.- O Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo (TRLRFL), constitúe o marco regulador da exacción de tributos por parte das facendas locais. O artigo 2.1 do mesmo texto legal permite esixir recargos sobre os impostos das comunidades autónomas. Tamén o artigo 38.1 do TRLFL contempla que as entidades locais poidan establecer recargos sobre os impostos propios da respectiva comunidade autónoma.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2026 11:51	Páxina 27 de 88
5515-1101	CSV: ABBCBE-4ADC47-422F52-8JUH86-TKBXK7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

En Galicia, a Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 251, do 31/12/2024, en adiante, Lei 5/2024) creou o Imposto Galego sobre as Estadías Turísticas na Comunidade Autónoma de Galicia, imposto que ten finalidade extrafiscal e grava a especial capacidade económica das persoas físicas posta de manifesto pola súa estancia en calquera aloxamento turístico (establecementos hoteleiros, apartamentos turísticos, vivendas turísticas, vivendas de uso turístico, campamentos, establecementos de turismo rural e albergues turísticos) e polo fondeo ou amarre de embarcacións de cruceiro turístico cando realicen escala nun porto ubicado na Comunidade Autónoma de Galicia (artigo 12 da citada Lei).

Aínda que esta Lei creou este imposto, estableceu unha bonificación do 100% da cota tributaria (artigo 17), deixando en mans dos concellos galegos a decisión de establecer a contía a esixir ás persoas visitantes que realicen estancias turísticas, dentro dos topes que sinala o seu artigo 16.

Esta Lei 5/2024 establece no seu artigo 24 a previsión normativa que habilita aos concellos de Galicia, en execución da súa autonomía municipal, ao establecemento dun recargo municipal sobre as tarifas establecidas na mesma. Para o establecemento de tal recargo resulta necesaria a aprobación da correspondente ordenanza fiscal.

A crecente actividade turística na cidade exerce presión no custo da prestación dos servizos públicos municipais (vixilancia, seguridade, limpeza viaria, xestión de residuos...), o que implica mesmo a necesidade de reforzalos e de realizar investimentos adicionais. Faise necesario pois equilibrar e compatibilizar este auxe turístico e a actividade turística do municipio, orientada a un modelo de turismo responsable e sostible, coa garantía da sostenibilidade dos servizos públicos municipais.

Ante esta situación procede, por tanto, a obtención de fontes de financiamento que permitan o achegamento á facenda do Concello de Vigo de fondos adicionais aos que aporta a cidadanía viguesa residente e o seu investimento nun modelo de turismo sostible, responsable e de calidade.

O cumprimento do principio de xustiza tributaria que consagra o artigo 31 da Constitución ("*Todos contribuirán ao sostemento dos servizos públicos de acordo coa súa capacidade económica mediante un sistema tributario xusto*") aconsella o reparto das cargas públicas de xeito equitativo e que contribúan ao seu sostemento as persoas visitantes que desfrutan temporalmente dos servizos públicos municipais. Á vez, como sinala esta Lei 5/2024, estes fondos destinaranse como mínimo nun 80% a inversións e gastos vinculados á promoción, impulso, protección, fomento e desenvolvemento dun modelo de turismo sostible.

Segunda.- O artigo 4.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o artigo 4 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e o artigo 6.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, atribúen a potestade regulamentaria aos municipios. Por outra banda, o artigo 128 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (en adiante, LPACAP) reconece a potestade regulamentaria aos órganos de goberno locais.

A fundamentación da potestade regulamentaria e tributaria no presente caso deriva da Lei 5/2024, cuxa sección 3ª do Capítulo II do Título I, denominada "*Recarga*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2026 11:51	Páxina 28 de 88
5515-1101	CSV: ABBCBE-4ADC47-422F52-8JUH86-TKBXK7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

municipal sobre o imposto galego sobre as estancias turísticas na Comunidade Autónoma de Galicia" habilita aos concellos para o establecemento do recargo, a través da aprobación dunha ordenanza fiscal.

Terceira.- A regulación do recargo require a tramitación dun procedemento de elaboración e aprobación dunha ordenanza fiscal, resultando de aplicación o disposto nos artigos 15 e seguintes do TRLRFL, sen prexuízo de ter en conta a regulación específica contida na propia Lei 5/2024, do 27 de decembro de 2024, de medidas fiscais e administrativas, que esixe expresamente o trámite de consulta previa.

Realizado o trámite de consulta pública esixido polo artigo 24.2 da Lei 5/2024, do 27 de decembro de 2024, de medidas fiscais e administrativas e no artigo 133 da Lei 39/2015, a través do enderezo <https://consulta.vigo.org> durante un prazo de 20 días hábiles, presentouse escrito por parte da AUTORIDAD PORTUARIA DE VIGO, mediante o documento 250237748 en data 05/09/2025.

O seu escrito céntrase única e exclusivamente no recargo municipal que afecta ao fondeo ou amarre de embarcacións de cruceiro turístico e pon de manifesto as seguintes cuestións:

- considera que accións como a proposta poderían prexudicar a consolidación do Porto de Vigo. Respecto desta cuestión, o establecemento do recargo supón que o Concello de Vigo, no exercicio da súa autonomía municipal- que engloba á potestade regulamentaria- fai uso da previsión do artigo 24 da Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 251, do 31/12/2024), dentro dos topes que regula o seu artigo 16.

O cumprimento do principio de xustiza tributaria que consagra o artigo 31 da Constitución ("*Todos contribuirán ao sostemento dos gastos públicos de acordo coa súa capacidade económica mediante un sistema tributario xusto*") aconsella o reparto das cargas públicas de xeito equitativo e que contribúan ao seu sostemento as persoas visitantes que desfrutan temporalmente dos servizos públicos municipais. Á vez, estes fondos destinaranse como mínimo nun 80% a inversións e gastos vinculados á promoción, impulso, protección, fomento e desenvolvemento dun modelo de turismo sostible, como prevé a Lei 5/2024.

Constan no expediente informes dos servizos municipais que se pronuncian en sentido contrario ao alegado:

- informe do Servizo de Turismo do 11/08/2025 que recolle que "*De acordo co Libro Branco sobre o impacto das taxas turísticas sobre as cidades europeas e as comunidades urbanas, elaborado por Group NAO e Destination Sustainability Movement, e considerando o documento de referencia sobre este tipo de medidas, as investigacións científicas suxiren que a aplicación de tributos sobre as pernoctacións ten impacto limitado sobre a competitividade do sector e sobre a demanda turística. Polo tanto, non se estima que a esixencia do recargo proposto poda ter un efecto negativo sobre o sector turístico da cidade*".

- informe de Economista de data 27/02/2026, no que se indica que: "*O establecemento do recargo non representa unha carga administrativa adicional relevante, por canto na actualidade os principais portos adicados aos cruceiros turísticos na entorna de Vigo (A Coruña, Matosinhos-Leixoes, Lisboa), así como algúns dos principais destinos de Europa (Barcelona, Palma de Mallorca, portos gregos) aplican tributos análogos sobre os/as cruceiristas. Polo tanto, o emprego de sistemas de xestión que permiten o control*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2026 11:51	Páxina 29 de 88
5515-1101	CSV: ABBCBE-4ADC47-422F52-8JUH86-TKBXK7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

e liquidación de tributos análogos ao recargo proposto para os/as cruceiristas de Vigo é na actualidade común no sector dos cruceiros turísticos”.

- considera que dado que o suxeito pasivo do recargo serán as navieiras, estas o incluíran como custo de escala, restando competitividade.

A fixación dos/as obrigados/as tributarios/as é materia obxecto de reserva de lei (artigo 8.c) da Lei xeral tributaria, sen que poida esta administración municipal alterar os/as obrigados/as tributarios/as determinados polo lexislador autonómico no artigo 14 da Lei 5/2024. Neste senso, cabe reiterar o contido dos informes municipais citados anteriormente.

- manifesta que lle suscita dúbidas xurídicas a aplicación dun recargo municipal pola realización dun feito impoñible fora do territorio de Vigo, pois considera que o espazo da auga non está incluído dentro dos límites territoriais do municipio. Sobre esta cuestión, cómpre indicar a administración municipal conta con cobertura legal para a esixencia do recargo polas estancias en embarcacións de cruceiro turístico fondeadas ou amarradas no porto de Vigo, pois así se regula no artigo 12.1.b) da Lei 5/2024, precepto vixente, non derogado nin modificado e de plena aplicación.

Os impostos gravan manifestacións de capacidade económica, sendo dita capacidade o presuposto da imposición. De conformidade co disposto no artigo 20.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, o feito impoñible é o presuposto fixado pola lei para configurar cada tributo e cuxa realización orixina o nacemento da obriga tributaria principal. No presente caso, estamos ante un recargo sobre un imposto establecido por norma con rango legal, que grava a especial capacidade económica das persoas físicas posta de manifesto pola súa estancia en calquera establecemento turístico situado no territorio da Comunidade Autónoma. Isto é, o que grava o lexislador é unha estancia, xa sexa en establecementos ou en embarcacións de cruceiro turístico.

En base ao anterior, tense por respostada a anterior opinión na fase de consulta pública previa e, en relación coa aplicación efectiva da esixencia do recargo para estadías en embarcacións turísticas, como indica a instrución de servizo do 08/04/2026, o actual escenario xeopolítico mundial, fai aconsellable e prudente establecer unha implantación progresiva do recargo sobre o Imposto Galego sobre as Estadías Turísticas, demorando a súa esixencia no caso de estadías en embarcacións de cruceiro turístico fondeadas ou amarradas no porto de Vigo cando realicen escala no mesmo a partir do 01/07/2027.

Cuarta.- O texto que se propón para aprobación consta dun articulado integrado por catorce preceptos, tres Disposicións Transitorias, dúas Disposicións Finais e un Anexo.

O texto normativo proposto establece no seu artigo 3 os supostos de non suxeición e de exención e o artigo 4 contempla supostos de recargo cero euros para estadías que se realicen por parte de residentes en Vigo como consecuencia de realoxos, da realización de obras na vivenda habitual en Vigo e supostos asimilables, así como as que realicen as persoas cuxo aloxamento se sufrague por unha entidade de dereito público ou con aplicación da regulación das indemnizacións por razón de servizo que se regula no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, ou norma análoga que resulte aplicable.

A normativa proposta regula no seu artigo 7 o importe do recargo, que supón unha redución nun 27,25% dos importes previstos no artigo 16 da Lei 5/2024, cun límite de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2026 11:51	Páxina 30 de 88
5515-1101	CSV: ABBCBE-4ADC47-422F52-8JUH86-TKBXK7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

cinco estancias, sen prexuízo do disposto na Disposición Transitoria Primeira, que fixa recargo do 0% para a terceira, cuarta e quinta pernocta ata o 30/06/2027 aos feitos impositivos previstos no artigo 2.1.a), pasando a computarse un número máximo de cinco pernoctas para cada estadía a partir do 01/07/2027 (incluído). De acordo co artigo 13 do texto proposto, os ingresos do recargo estarán afectados nun 80 %, unha vez deducidos os custos da súa aplicación, a investimentos e a gastos vinculados á promoción, ao impulso, á protección, ao fomento e ao desenvolvemento do turismo sustentable.

O texto normativo proposto establece o réxime de autoliquidación, fixando dous semestres e a obriga dos suxeitos pasivos substitutos da persoa contribuínte da súa presentación telemática nos seguintes prazos: a autoliquidación e ingreso do primeiro semestre realizarase ata o 31 de xullo do mesmo ano e a autoliquidación e ingreso do segundo semestre realizarase ata o 31 de xaneiro do ano seguinte. Prevese tamén a constitución dunha comisión municipal de asesoramento e seguimento da implantación do recargo no prazo de dez meses computados a partir do inicio de aplicación da ordenanza. O inicio de aplicación sitúase no 1 de outubro de 2026.

A normativa proposta incorpora tres Disposicións Transitorias:

- a Primeira contempla un recargo do 0% para a terceira, cuarta e quinta pernocta ata o 30 de xuño de 2027 aos feitos impositivos previstos no artigo 2.1.a), pasando a computarse un número máximo de cinco pernoctas para cada estadía a partir do 1 de xullo de 2027 (incluído).
- a Segunda demora ao 01/07/2027 a aplicación das disposicións recollidas nesta ordenanza relativas ao recargo sobre o imposto cando o feito impositivo sexa a estadía en embarcacións de cruceiro turístico fondeadas ou amarradas no porto de Vigo cando realicen escala no mesmo (artigo 2.1.b).
- a Terceira regula o prazo de autoliquidación e ingreso correspondente aos meses de outubro, novembro e decembro de 2026 para os suxeitos pasivos substitutos da persoa contribuínte nos supostos do artigo 2.1.a), que abarcará ata o 31 de xaneiro de 2027.

Para a fixación do feito impositivo previsto no artigo 12.1.b) da Lei 5/2024, cómpre realizar unha integración entre este precepto e o disposto no artigo 16 desta Lei que se refire a "Estadías en embarcacións de cruceiro turístico", quedando redactado o artigo 2.1.b) da futura ordenanza así: *"Constitúe o feito impositivo deste recargo: b) A estadía en embarcacións de cruceiro turístico fondeadas ou amarradas no porto de Vigo, cando realicen escala no mesmo"*. Deste xeito, dáse cumprimento ao establecido na Convención das Nacións Unidas sobre o Dereito do Mar de 10 de decembro de 1982.

Quinta.- No tocante á repercusión orzamentaria, de conformidade co artigo 129.7 da Lei 39/2015, faise constar que tendo en conta que o texto normativo proposto resultará de aplicación a partir do 1 de outubro de 2026, a repercusión orzamentaria será de 346.651,79 €.

Neste senso, o informe de Economista de data 09/04/2026 que consta no expediente indica: *"Os ingresos estimados da aplicación do recargo en 2026 alcanzan 346.651,79€, resultado de deducir aos 463.469,50€ estimados no Informe de Xustificación de 27/02/2026, o impacto sobre os ingresos das medidas temporais (62.947,50€ pola non aplicación do recargo ás estadías en cruceiros e 53.870,21€ polo recargo cero a terceiras, cuartas e quintas pernoctas)"*.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2026 11:51	Páxina 31 de 88
5515-1101	CSV: ABBCBE-4ADC47-422F52-8JUH86-TKBXK7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Sexta.- O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da LRBRL, artigos 15 a 19 do TRLRFL e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL.

Sétima.- En relación coas emendas presentadas polos Grupos Políticos e vistos os informes técnico-xurídicos de análise das emendas de 11/05/2026 e o Informe do Tribunal Económico-Administrativo da mesma data, procede rexeitar as emendas formuladas e manter o texto do proxecto de ordenanza aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de 17 de abril de 2026 procedendo a súa elevación a Pleno previo ditame da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda.

PROPOSTA DE DITAME E ACORDO AO PLENO DA CORPORACIÓN

A vista da argumentación xurídica e técnica exposta e no uso das atribucións conferidas polo Regulamento Orgánico do Pleno e delegación de competencias elévase a seguinte .../...

Deseguido o concelleiro emite a proposta que se transcribe na parte dispositiva deste acordo.

DITAME. A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria do 18.05.26, ditamina favorablemente a proposta.

Con data 20 de maio, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Perez Iglesias, presenta no Rexistro electrónico do Pleno expediente 5471/1101, VOTO PARTICULAR, que se someterá a votación.

Con data 20 de maio, a voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Sánchez Méndez, presenta no Rexistro electrónico do Pleno expediente 5476/1101, VOTO PARTICULAR, que se someterá a votación.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

VOTACIÓN VOTO PARTICULAR DO BNG (5471/1101):

- *Votos a favor:* tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.
- *Votos en contra:* vinte e catro (24) dos membros do grupo municipal Socialista (19), señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, e mais cinco (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.
- *Abstencións:* Non houbo.

ACORDO



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2026 11:51	Páxina 32 de 88
5515-1101	CSV: ABBCBE-4ADC47-422F52-8JUH86-TKBXK7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Con tres (3) votos a favor, dos membros do grupo municipal do BNG, vinte e catro (24) votos en contra, dos membros do grupo municipal do PSOE (19) e mais cinco (5) dos membros do grupo municipal do PP, o Pleno da Corporación rexeita o voto particular presentado no Rexistro do Pleno, nº 5471/1101, con data de entrada o 20 de maio de 2026, polo voceiro do grupo municipal do BNG.

VOTACIÓN VOTO PARTICULAR DO PARTIDO POPULAR (5476/1101):

- *Votos a favor:* cinco (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.
- *Votos en contra:* vinte e dous (22) dos membros do grupo municipal Socialista (19), señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, e máis tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.
- *Abstencións:* Non houbo.

ACORDO

Con cinco (5) votos a favor, dos membros do grupo municipal do PP, vinte e dous (22) votos en contra dos membros do grupo municipal do PSOE (19) e mais tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, o Pleno da Corporación rexeita o voto particular presentado no Rexistro do Pleno, nº 5476/1101, con data de entrada o 20 de maio de 2026, pola voceira do grupo municipal do Partido Popular.

VOTACIÓN ASUNTO DITAMINADO:

- *Votos a favor:* dezanove (19) dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia.
- *Votos en contra:* oito (8) dos membros do grupo municipal do Partido Popular (5), señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, e mais tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.
- *Abstencións:* Non houbo

ACORDO

Con dezanove (19) votos a favor, dos membros do grupo municipal Socialista, e oito (8) votos en contra, dos membros do grupo municipal do Partido Popular (5) e do grupo municipal do BNG (3), o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo,

A) REXEITAMENTO DAS EMENDAS

Rexeitar as 4 emendas presentadas polo Grupo Municipal do Partido Popular (PP) e as 15 emendas presentadas polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG),



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2026 11:51	Páxina 33 de 88
5515-1101	CSV: ABBCBE-4ADC47-422F52-8JUH86-TKBXK7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

vista a motivación contida nos informes técnico-xurídicos de análise das emendas de 11/05/2026 e o Informe do Tribunal Económico-Administrativo da mesma data, por non concorrer motivos de ilegalidade e manter o proxecto de ordenanza aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 17 de abril de 2026.

B) PROPOSTA DE DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA:

1º) Acordar a imposición do recargo municipal sobre o Imposto Galego sobre as Estadías Turísticas, en aplicación do disposto no artigo 24 da Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

2º) Aprobar provisionalmente a “Ordenanza Fiscal reguladora do recargo municipal sobre o Imposto Galego sobre as Estadías Turísticas (54)”

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E OBXECTO

1. Esta entidade local, en uso das facultades contidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, no artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; de conformidade co disposto no artigo 38 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e ao abeiro da Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, establece a imposición do recargo municipal sobre o Imposto Galego sobre as Estadías Turísticas na Comunidade Autónoma de Galicia, cuxas normas atenden ao disposto na Sección 3ª do Capítulo II da citada lei autonómica.

2. Este recargo réxese, en todo o que non contemple a presente ordenanza, pola devandita lei ou normativa posterior que a substitúa e pola Ordenanza fiscal xeral de xestión, recadación e inspección do Concello de Vigo.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE

1. Constitúe o feito impoñible deste recargo:
- a) A estadía turística realizada polas persoas contribuíntes nos establecementos de aloxamento turístico determinados na normativa reguladora en materia de turismo, situados na cidade de Vigo, e que se relacionan a seguir:
 - 1º. Establecementos hoteleiros.
 - 2º. Apartamentos turísticos.
 - 3º. Vivendas turísticas.
 - 4º. Vivendas de uso turístico.
 - 5º. Campamentos de turismo.
 - 6º. Establecementos de turismo rural.
 - 7º. Albergues turísticos.
 - b) A estadía en embarcacións de cruceiro turístico fondeadas ou amarradas no porto de Vigo, cando realicen escala no mesmo.

2. Entenderase por estadía o desfrute do servizo de aloxamento, por día ou fracción, con pernoita ou sen ela. Considérase que as estadías nos establecementos de aloxamento turístico a que se refire o número 1 constitúen, en todo caso, estadías turísticas, sen prexuízo dos supostos de non suxeición previstos no artigo 3.

3. Entenderase por embarcación de cruceiro turístico a embarcación que realiza transporte por mar ou por vías navegables coa única finalidade de lecer ou de recreo, nos termos definidos no apartado 3º do artigo 12 da Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas de Galicia.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2026 11:51	Páxina 34 de 88
5515-1101	CSV: ABBCBE-4ADC47-422F52-8JUH86-TKBXK7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ARTIGO 3. SUPOSTOS DE NON SUXEIÇÃO E DE EXENCIÓN

1. Non estarán suxeitas ao imposto as estadías seguintes:

- a) As que realice calquera persoa por motivos de saúde, así como as das persoas que a acompañen, sempre que quede xustificada a recepción das prestacións de atención sanitaria que formen parte da carteira de servizos do sistema sanitario público de Galicia.
- b) As que realice unha persoa deportista federada pola concorrencia a competicións oficiais, debidamente xustificada.
- c) As que realice calquera persoa por causas de forza maior debidamente xustificadas. Terán a consideración de forza maior as estadías derivadas de aloxamentos xestionados a través dos Servizos Sociais Municipais.

2. Non se realizará o feito impositivo do imposto cando as embarcacións de cruceiro turístico tiveren como saída ou destino final un porto situado na Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Estarán exentas as seguintes estadías:

- a) As realizadas por persoas menores de idade non emancipadas.
- b) As realizadas por persoas con discapacidade que acrediten un grao de discapacidade igual ou superior ao 65%.
- c) As estadías subvencionadas por programas sociais dunha administración pública de calquera Estado membro da Unión Europea.
- d) As estadías realizadas nos albergues públicos xestionados pola Xunta de Galicia a través da S.A. do Plan Xacobeo.
- e) As estadías realizadas nos albergues xuvenís.

4. Para a súa aplicación, os supostos de non-suxeición, de exención e de recargo cota cero deberán ser acreditados documentalmente por calquera medio admitido en dereito.

5. O suxeito pasivo substituto da persoa contribuínte deberá conservar durante o prazo de prescrición os medios acreditativos que lle foren achegados para a aplicación da non-suxeición ou da exención correspondente.

ARTIGO 4. RECARGO CERO

Establécese un recargo do 0% (cero euros) para as estadías que se indican a continuación:

- a) As que se realicen por parte de residentes en Vigo como consecuencia de realoxos, da realización de obras na vivenda habitual en Vigo e supostos asimilables.
- b) As que realicen as persoas cuxo aloxamento se sufrague por unha entidade de dereito público ou con aplicación da regulación das indemnizacións por razón de servizo que se regula no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, ou norma análoga que resulte aplicable.

ARTIGO 5. NORMAS DE APLICACIÓN AOS SUPOSTOS DE NON SUXEIÇÃO, EXENCIÓN E RECARGO CERO

1. Para a aplicación dos supostos de non suxeición, exención e recargo cero establecidos nos artigos 3.1.a), 3.1.b), 3.1.c), 3.3.b), 4.a) e 4.b) anteriores, a persoa que realiza a estancia deberá cumprimentar e asinar o modelo de declaración responsable que consta como anexo desta ordenanza, na que se indicarán os datos da persoa que realiza a estancia, o suposto de non suxeición, exención ou recargo cero aplicable e os seguintes datos:

- Para o suposto de non suxeición previsto no apartado 1.a) do artigo 3, relativa ás estancias efectuadas por motivos de saúde:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2026 11:51	Páxina 35 de 88
5515-1101	CSV: ABBCBE-4ADC47-422F52-8JUH86-TKBXK7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- a) A declaración responsable debe especificar os datos identificativos da persoa receptora da prestación e, no seu caso, das persoas que a acompañan.
- b) Certificado do centro sanitario ou informe médico no que conste que a asistencia sanitaria recibida pola persoa contribuínte/acompañada forma parte da carteira de servizos do SERGAS.

- Para o suposto de non suxeición previsto no apartado 1.b) do artigo 3, relativo ás estancias efectuadas por unha persoa deportista federada pola concorrancia a competicións oficiais, na declaración responsable indicará cales son os datos da competición á que se asiste.

- Para o suposto de non suxeición previsto no apartado 1.c) do artigo 3, relativa ás estancias que realice calquera persoa por causas de forza maior debidamente xustificadas:

- a) A declaración responsable indicará o acontecemento producido.
- b) Documento no que conste o acontecemento correspondente ou a activación dalgunha medida pública que se relacione, expedido pola Administración local, a menos que as circunstancias determinantes da concorrancia de forza maior resulten dunha declaración legal ou dunha situación de notoriedade coñecida pola propia administración.

- Para o suposto de exención previsto no apartado 3.b) do artigo 3, relativa ás estancias realizadas por persoas con discapacidade que acrediten un grao de discapacidade igual ou superior ao 65%, queda condicionada á exhibición do certificado ou documento que acredite a discapacidade indicada.

- Para o suposto de aplicación do recargo cero previsto no apartado a) do artigo 4, a persoa contribuínte indicará na declaración responsable a dirección da súa vivenda habitual situada no termo municipal de Vigo.

- Para o suposto de aplicación do recargo cero previsto no apartado b) do artigo 4, a persoa contribuínte indicará na declaración responsable a entidade de dereito público que sufrague a estadia.

2. O suposto de exención previsto no apartado 3.c) do artigo 3, relativo ás estancias subvencionadas por programas sociais dunha administración pública de calquera Estado membro da Unión Europea, aplicárase nos casos de que a reserva sexa efectuada ou a factura expedida a nome da entidade promotora do programa social, sempre que quede claramente identificado o programa a cargo do cal se financia a estancia.

3. A persoa substituta da contribuínte ten a obriga de conservar durante catro anos unha copia dos documentos ou, no seu caso, das declaracións responsables, utilizados en cada caso para xustificar os supostos de non suxeición, exención ou aplicación do recargo cero anteriores. O modelo de declaración responsable consta como anexo desta ordenanza e será publicado na súa versión actualizada na sede electrónica do Concello, a disposición das persoas obrigadas tributarias.

ARTIGO 6. PERSOAS OBRIGADAS TRIBUTARIAS

1. Será suxeito pasivo contribuínte do recargo do imposto toda persoa física que realice unha estancia nos establecementos de aloxamento turístico determinados no artigo 2 ou ben aquela persoa ou entidade a cuxo nome se entregue a factura ou documento análogo pola estancia de persoas físicas neses establecementos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2026 11:51	Páxina 36 de 88
5515-1101	CSV: ABBCBE-4ADC47-422F52-8JUH86-TKBXK7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

No suposto de embarcacións de cruceiro turístico, considerarase suxeito pasivo contribuínte a persoa cruceirista que estea en tránsito no momento da reivindicación do recargo.

2. Terán a condición de suxeito pasivo substituto da persoa contribuínte e estarán obrigados/as ao cumprimento das obrigas materiais e formais do imposto:

- a) A persoa física ou xurídica, así como a entidade que, carecendo de personalidade xurídica, constitúa unha unidade económica ou patrimonio separado, que realice a explotación do establecemento de aloxamento turístico.
- b) A persoa consignataria que, de acordo coa lei estatal vixente de navegación marítima, actúe en nome e representación da armadora ou navieira da embarcación de cruceiro turístico que estea en tránsito no momento da reivindicación do recargo.

3. Terá o carácter de responsable solidario ou solidaria do ingreso das débedas tributarias correspondentes ás cotas devindicadas das persoas contribuíntes:

- a) A persoa física ou xurídica, así como a entidade que, carecendo de personalidade xurídica, constitúa unha unidade económica ou patrimonio separado, que sexa titular do establecemento turístico, que non sexa o suxeito pasivo.
- b) A persoa física ou xurídica, así como a entidade que, carecendo de personalidade xurídica, constitúa unha unidade económica ou patrimonio separado, que contrate directamente en nome da persoa contribuínte e faga de intermediaria entre esta e os establecementos de aloxamento turístico.

ARTIGO 7. IMPORTE DO RECARGO

1. O importe do recargo sobre o Imposto Galego sobre as Estadías Turísticas consistirá nunha porcentaxe do 72,75% sobre a cota íntegra do imposto conforme ás tarifas establecidas no artigo 16 da Lei 5/2024, de acordo coas regras establecidas nos puntos 2 e 3 do presente artigo 7.

2. O importe do recargo determínase polo número de días de que conste cada período de estadía da persoa contribuínte nos establecementos de aloxamento turístico.

No caso de estadías en embarcacións de cruceiro turístico, entenderase por estadía cada un dos períodos de vinte e catro horas ou fracción computados desde o fondeo ou amarre da embarcación. As estadías inferiores a 24 horas considéranse estadías dun día.

O número máximo de días que se computará en cada período de estadía é de cinco días, sen prexuízo do disposto na Disposición Transitoria Primeira.

3. O importe do recargo, tendo en conta o establecido no punto 1 do presente artigo, e sen prexuízo dos supostos de recargo cero establecidos no artigo 4, son os seguintes:

TIPO DE ALOXAMENTO TURÍSTICO			COTA (€ por día ou fracción)
Establecementos hoteleiros	Hoteis	5 estrelas superior	1,82 €
		5 estrelas	1,82 €
		4 estrelas superior	1,82 €
		4 estrelas	1,46 €
		3 estrelas superior	1,46 €
		3 estrelas	1,46 €
		2 estrelas superior	1,46 €
		2 estrelas	1,09 €



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2026 11:51	Páxina 37 de 88
5515-1101	CSV: ABBCBE-4ADC47-422F52-8JUH86-TKBXK7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

	1 estrela superior	1,09 €
	1 estrela	1,09 €
	Pensións	1,09 €
Albergues		0,73 €
Campamentos de turismo		0,73 €
Establecementos de turismo rural		0,73 €
Apartamentos turísticos		0,73 €
Vivendas turísticas		0,73 €
Vivendas de uso turístico		1,46 €
Estadías en embarcacións de cruceiro turístico		1,09 €

4. A Administración tributaria poderá aplicar o método de estimación indirecta se a persoa substituta da persoa contribuínte non presenta a autoliquidación do recargo ou presenta autoliquidacións incompletas ou inexactas e non achega os datos de ocupación do establecemento ou equipamento turístico que explota. Neste caso, o número de unidades de estancia no establecemento ou equipamento turístico determínase, preferentemente, e sen prexuízo da utilización doutros medios establecidos pola lexislación vixente, polos seguintes medios:

- A partir dos datos estatísticos de ocupación dos establecementos ou equipamentos do mesmo tipo situados no termo municipal de Vigo.
- A partir dos datos declarados por unha mostra de establecementos ou equipamentos regrados do mesmo tipo situados na mesma zona da cidade. A estes efectos, enténdese por establecemento regrado o que está dado de alta no Rexistro de Turismo de Galicia.
- A partir dos datos procedentes de estudos do sector elaborados por organismos públicos ou por organizacións privadas de acordo con técnicas estatísticas adecuadas.
- A partir dos datos que constan no rexistro policial das persoas que se aloxan nos establecementos de hospedaxe situados no termo municipal de Vigo.

ARTIGO 8. DEIVINDICACIÓN

O recargo devindicarase ao comezo de cada estadía, computada por día ou fracción, nos establecementos de aloxamento turístico a que se refire o feito impositivo deste imposto. No suposto de cruceiros turísticos, o inicio da estadía acontecerá no momento en que a embarcación faga escala no porto de Vigo.

ARTIGO 9. FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN E INGRESO DAS AUTOLIQUIDACIÓNS

1. Os suxeitos pasivos substitutos da persoa contribuínte realizarán dúas autoliquidacións anuais, que comprenderán as cotas devindicadas en cada un dos semestres naturais:

- Semestre 1: Do 1 de xaneiro ao 30 de xuño.
- Semestre 2: Do 1 de xullo ao 31 de decembro.

2. Os suxeitos pasivos substitutos da persoa contribuínte presentarán autoliquidación de forma telemática na sede electrónica do Concello, empregando o modelo dispoñible na devandita sede electrónica. A autoliquidación e ingreso do primeiro semestre realizarase ata o 31 de xullo do mesmo ano e a autoliquidación e ingreso do segundo semestre realizarase ata o 31 de xaneiro do ano seguinte.

3. No caso de explotar máis dun establecemento, os suxeitos pasivos substitutos da persoa contribuínte poderán efectuar a autoliquidación e o pago das cotas devindicadas do recargo da totalidade daqueles, dunha maneira agregada, mediante unha única autoliquidación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2026 11:51	Páxina 38 de 88
5515-1101	CSV: ABBCBE-4ADC47-422F52-8JUH86-TKBXK7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ARTIGO 10. XESTIÓN, INSPECCIÓN E RECADACIÓN

A xestión, inspección e recadación do recargo do imposto realizaranse de acordo co previsto na Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria e nas demais disposicións reguladoras da materia, así como na Ordenanza Fiscal Xeral do Concello.

ARTIGO 11. COMISIÓN MUNICIPAL DE ASESORAMENTO E SEGUIMENTO DA IMPLANTACIÓN DO RECARGO

1. No prazo de dez meses desde o inicio da aplicación da presente Ordenanza, en cumprimento do disposto no artigo 24.7 da Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas de Galicia, esta Administración municipal constituirá a Comisión municipal de asesoramento e seguimento da implantación do recargo sobre o Imposto Galego sobre as Estadías Turísticas . A designación das persoas integrantes da mesma realizarase por acordo da Xunta de Goberno Local.

2. Esta Comisión estará formada por representantes do Concello de Vigo, representantes das empresas do sector e das asociacións veciñais.

3. Son funcións da Comisión municipal de asesoramento e seguimento da implantación do recargo sobre o Imposto Galego sobre as Estadías Turísticas as seguintes:

a) O asesoramento e seguimento permanente de aplicación do recargo, para o cal terá en conta indicadores como a evolución do nivel de ocupación, o número de prazas turísticas, o rendemento por cada praza ou calquera outro indicador dos sectores turísticos do municipio.

b) A aprobación, con carácter anual, dun informe de avaliación do impacto do recargo en relación coas finalidades da mesma, que será publicado na páxina de transparencia do Concello.

ARTIGO 12. COLABORACIÓN INTERADMINISTRATIVA

En cumprimento do deber de colaboración entre as administracións públicas que consagra o artigo 141 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, o Concello poderá solicitar da Dirección Xeral da Policía a subministración periódica, por medios electrónicos e nos formatos e prazos que se determinen por convenio, os datos contidos no rexistro de persoas aloxadas nos establecementos de aloxamento turístico situados na cidade de Vigo que sexan estritamente necesarios para aplicar o recargo do imposto sobre as estadías turísticas.

Considéranse datos estritamente necesarios os seguintes:

a) A identificación do establecemento de aloxamento turístico situado no termo municipal de Vigo.

b) A identificación da persoa titular da explotación do establecemento de aloxamento turístico.

c) O número e tipo de documento de identidade da persoa que se aloxa no establecemento de aloxamento turístico e a súa data de nacemento.

d) A data de entrada no establecemento de aloxamento turístico de cada persoa que se aloxa e o número de días previstos da estadía.

ARTIGO 13. AFECTACIÓN DOS INGRESOS

1. De acordo co disposto no artigo 24 da Lei 5/2024, de 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, os ingresos do recargo estarán afectados nun 80 %, unha vez deducidos os custos da súa aplicación, a investimentos e a gastos vinculados á promoción, ao impulso, á protección, ao fomento e ao desenvolvemento do turismo



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2026 11:51	Páxina 39 de 88
5515-1101	CSV: ABBCBE-4ADC47-422F52-8JUH86-TKBXK7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

sustentable, tendo como destino as actuacións previstas no parágrafo 4 do citado artigo 24.

2. O control da correcta aplicación dos ingresos do recargo ás finalidades sinaladas corresponde ás concellarías competentes en materia de Turismo e Facenda.

3. Logo do ditame do órgano de participación previsto no artigo 12, incluírase no orzamento de gastos o detalle da aplicación dos ingresos do recargo. Na liquidación verificarase a correcta e completa aplicación dos fondos ás finalidades sinaladas.

ARTIGO 14. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

En todo o relativo a infraccións tributarias e ás súas cualificacións, así como á determinación das sancións que correspondan, estarase ao disposto na Ordenanza Fiscal Xeral, Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria e restante normativa de aplicación.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA

Aplicarase un recargo do 0% para a terceira, cuarta e quinta pernocta ata o 30 de xuño de 2027 aos feitos impositivos previstos no artigo 2.1.a), pasando a computarse un número máximo de cinco pernoctas para cada estadía a partir do 1 de xullo de 2027 (incluído).

DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA

As disposicións recollidas nesta ordenanza relativas ao recargo sobre o imposto cando o feito impositivo sexa a estadía en embarcacións de cruceiro turístico fondeadas ou amarradas no porto de Vigo cando realicen escala no mesmo (artigo 2.1.b) serán de aplicación a partir do 1 de xullo de 2027 (incluído).

DISPOSICIÓN TRANSITORIA TERCEIRA

Os suxeitos pasivos substitutos da persoa contribuínte nos supostos do artigo 2.1.a) presentarán autoliquidación e ingreso correspondente aos meses de outubro, novembro e decembro de 2026 ata o 31 de xaneiro de 2027.

DISPOSICIÓN FINAIS

1ª. No non previsto nesta ordenanza serán de aplicación as disposicións contidas na Ordenanza Fiscal Xeral do Concello, na Lei 5/2024 de Galicia, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas e na restante lexislación tributaria aplicable.

2ª. Esta ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP e comezará a aplicarse o día un (1) de outubro de 2026, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

ANEXO.- MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA O RECARGO MUNICIPAL SOBRE O IMPOSTO GALEGO SOBRE AS ESTADÍAS TURÍSTICAS

DATOS DA PERSOA DECLARANTE:

Nome e apelidos
NIF/Pasaporte

DECLARACIÓN:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2026 11:51	Páxina 40 de 88
5515-1101	CSV: ABBCBE-4ADC47-422F52-8JUH86-TKBXK7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

De conformidade coa Ordenanza Fiscal nº 54 reguladora do recargo municipal sobre o Imposto Galego sobre as Estadías Turísticas e baixo a miña responsabilidade,

DECLARO (marcar cun X a declaración realizada):

☐ Que a miña estadía ten como finalidade a recepción/acompañar á persoa receptora de prestacións de atención sanitaria que formen parte da carteira de servizos do sistema sanitario público de Galicia. Acompaño a declaración de documento acreditativo conforme a asistencia sanitaria recibida pola persoa contribuínte/persoa acompañada forma parte da carteira de servizos do SERGAS. No caso de ser acompañante, indicar nome, apelidos e NIF da persoa receptora da prestación sanitaria:

.....
.....

☐ Que, sendo deportista federado/a, a miña estadía ten como finalidade concorrer a competición oficial (indicar clube, deporte e competición):

.....
.....

☐ Que a miña estadía está causada polo seguinte acontecemento de forza maior:

.....
.....

☐ Que acredito un grao de discapacidade igual ou superior ao 65%

☐ Que a miña estadía é sufragada pola seguinte entidade de dereito público (indicar):

.....
.....

☐ Que a miña estadía débese a unha situación de realoxo, obras na miña vivenda habitual en Vigo, ou situación asimilable, sendo a dirección da miña vivenda en Vigo (indicar):

.....
.....

E, para que conste e resulte aplicable o suposto de non suxeición/exención/recargo cero previsto na Ordenanza Fiscal nº 54 reguladora do recargo:

Lugar e
data
.....

Sinatura da persoa declarante
turístico

Sinatura do establecemento

3º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no Boletín oficial da provincia, taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

4º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva. Publicarase o texto da ordenanza no BOP para a súa entrada en vigor.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2026 11:51	Páxina 41 de 88
5515-1101	CSV: ABBCBE-4ADC47-422F52-8JUH86-TKBXK7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

***.- Incidencia.** Sendo as 10:20 horas, auséntase do Salón de Plenos a Primeira Tenente de Alcalde, Sra. Silva Rego. Continúa a sesión co debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e seis (26) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.

6.(81). ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DAS ZONAS DE BAIXAS EMISIÓN. APROBACIÓN INICIAL. EXPEDIENTE 142483/210. (EXPTE. PLENO 5457/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 13 de maio do 2026, o enxeñeiro industrial, a xefa de Seguridade e o xefe da Área de Seguridade e Mobilidade, co conforme da concelleira delegada da Área, emiten o seguinte informe proposta,

"ANTECEDENTES

Primeiro.- O 04 de maio de 2026 a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto de ordenanza municipal reguladora da utilización dos vehículos de mobilidade persoal no concello de Vigo (Expte: 142483-210).

Segundo.- De conformidade co establecido no artigo 76 do Texto Consolidado do Regulamento Orgánico do Pleno, o proxecto foi remitido ao Rexistro do Pleno (en adiante, Regulamento do Pleno).

Terceiro.- No prazo de seis días establecido no propio artigo 76, presentáronse emendas parciais (Grupo municipal do Partido Popular) e á totalidade do texto (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego) ao texto do proxecto de ordenanza.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- En aplicación do disposto no art. 77.3 do Regulamento Orgánico do Pleno procédese á elaboración da seguinte proposta técnico-xurídica sobre as emendas presentadas ao articulado do texto do proxecto.

Segundo.- Por razón das consecuencias inherentes á eventual estimación das alegacións presentadas, procede resolver en primeiro lugar a emenda á totalidade do grupo municipal do BNG.

Terceiro.- A pretensión de devolución do proxecto á Xunta de Goberno Local radica en nove motivos.

1.- O primeiro motivo leva a rúbrica de *"As zonas de baixas emisións como instrumento de transformación urbana e ambiental"*.

1.1 A xuízo do propoñente, existen catro modelos de creación das zonas de baixas emisións presididos respectivamente polos principios de i) restrinxir o acceso, ii) reducir a demanda de acceso mediante o cobro dunha peaxe, iii) unha combinación dos anteriores, e iv) apartarse de todo iso e *"definir o conxunto da cidade como ZBE apostando por unha redución xeral do tráfico de vehículos privados en toda a cidade e no calzado do seu tránsito coa consecuente redución de emisións,*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2026 11:51	Páxina 42 de 88
5515-1101	CSV: ABBCBE-4ADC47-422F52-8JUH86-TKBXK7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

en lugar de só promover a substitución do parque móbil por modelos eléctricos.”, resultando este último o modelo da “Rede de Cidades que camiñan”, o do Concello de Pontevedra e o da súa elección.

1.2 O motivo debe ser desestimado.

O modelo de zona de baixas emisións quedou definido no proxecto aprobado definitivamente por acordo da Xunta de Goberno Local de 19 de decembro de 2025.

No fundamento xurídico noveno rexeitouse de forma motivada e razoada en dereito idéntica alegación, que consta no propio expediente e que se ten aquí por reproducida.

2.- O segundo motivo leva a rúbrica “*vulneración dos principios de boa regulación e insuficiente motivación da iniciativa normativa*”.

2.1 No desenvolvemento do motivo dise que bótase en falta unha “*verdadeira análise comparativa entre distintos modelos posíbeis de implantación das ZBE. Non consta unha avaliación seria de alternativas baseadas na pacificación xeral do tráfico urbano, na reorganización integral da mobilidade, no alargamento dos espazos peonís, na limitación estrutural do tráfico de paso, na implantación de plataformas reservadas para o transporte colectivo ou na articulación dunha estratexia metropolitana coordinada de mobilidade sustentábel.*”

Os argumentos do motivo se complementan coa consideración de que “*Tampouco existe unha análise rigorosa sobre os efectos sociais, económicos e territoriais das restricións previstas. A ordenanza non incorpora unha avaliación específica do impacto potencial sobre os barrios periféricos, as parroquias, os desprazamentos pendulares da área metropolitana, o comercio de proximidade, as persoas traballadoras con mobilidade obrigada nin os sectores con menor acceso ao transporte público.*”

2.2 O motivo debe ser desestimado.

Hai que insistir neste particular que o modelo de zona de baixas emisión quedou definido no proxecto técnico de 19 de decembro de 2025.

No apartado 4 do fundamento xurídico noveno do citado acordo de 19 de decembro de 2025 deuse cumprida resposta desestimatoria do motivo en canto carente notoriamente de fundamento, que tense aquí por reproducido.

3.- O terceiro motivo leva a rúbrica de “*ausencia dunha planificación integral e falla de actualización do PMUS*”.

3.1 Como fundamento do motivo dise que

“*Especialmente grave resulta a ausencia dunha actualización efectiva do Plan de Mobilidade Urbana Sustentábel (PMUS) do Concello de Vigo. O artigo 14.3 da Lei 7/2021 establece expresamente que as zonas de baixas emisións deben integrarse nos plans de mobilidade urbana sustentábel. Porén, o PMUS municipal permanece sen revisión substancial desde o período 2020-2021, malia os profundos cambios producidos nos patróns de mobilidade urbana e metropolitana nos últimos anos.*”



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2026 11:51	Páxina 43 de 88
5515-1101	CSV: ABBCBE-4ADC47-422F52-8JUH86-TKBXK7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A ordenanza afirma formalmente a súa integración co PMUS e coa Axenda Urbana Vigo 2030, mais esa afirmación carece dunha motivación material suficiente e non aparece acompañada dunha diagnose actualizada da mobilidade urbana da cidade.

Non consta no expediente unha análise recente dos fluxos de tráfico, da evolución da demanda de transporte colectivo, das necesidades de conectividade entre barrios e parroquias, nin tampouco unha avaliación da capacidade real do sistema de transporte público para absorber os efectos derivados das restricións previstas.

Esta carencia constitúe unha deficiencia substancial da iniciativa normativa, pois impide acreditar que a ordenanza responda a unha planificación coherente, integrada e baseada en criterios técnicos actualizados."

3.2 O motivo debe ser desestimado.

O proxecto de ordenanza sometido á aprobación plenaria é realización normativa do proxecto técnico de 19 de decembro de 2025.

Respondendo á idéntica alegación de D. Álvaro José Díaz-Mella López, con D.N.I. ***4634**, actuando no seu propio nome e tamén en representación do partido político VOX, rexeitouse no apartado 2.1 do fundamento xurídico sexto en base as seguintes consideracións:

"2.1 O motivo primeiro, pola falta de integración das ZBE no Plan de Mobilidade Urbana Sostible (PMUS) con invocación do establecido nos arts. 14.3 da Lei 7/2021 e o art. 2.2 do R.D. 1052/2022, determinante dun suposto de nulidade absoluta do art. 47.1 e) da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común.

2.1.1 Dispón o art. 14.3 a) da Lei 7/2021

"Los municipios de más de 50.000 habitantes y los territorios insulares adoptarán antes de 2023 planes de movilidad urbana sostenible que introduzcan medidas de mitigación que permitan reducir las emisiones derivadas de la movilidad incluyendo, al menos:

a)El establecimiento de zonas de bajas emisiones antes de 2023.

Este mandato legal é obxecto de desenvolvemento regulamentario no R.D. 1052/2022 que dispón a obrigación de que as ZBE estén "contempladas" nos plans de mobilidade urbana sostible (art. 2.2).

2.1.2 Os plans de mobilidade sostible aparecen definidos co carácter de norma básica na Lei 2/2011 de Economía Sostible (D.F. Primeira).

Trátase de "un conjunto de actuaciones que tienen como objetivo la implantación de formas de desplazamiento más sostenibles en el ámbito geográfico que corresponda, priorizando la reducción del transporte individual en beneficio de los sistemas colectivos y de otros modos no motorizados de transportes y desarrollando aquéllos que hagan compatibles crecimiento económico, cohesión social, seguridad vial y defensa del medio ambiente, garantizando, de esta forma, una mejor calidad de vida para los ciudadanos..." (art. 101.1)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2026 11:51	Páxina 44 de 88
5515-1101	CSV: ABBCBE-4ADC47-422F52-8JUH86-TKBXK7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Dentro do seu ámbito (autonómico, supramunicipal o municipal) *"ajustarán su contenido a lo establecido en la normativa que resulte aplicable, así como a los principios recogidos en la presente Ley y a lo dispuesto en los instrumentos de planificación que les afecten y, en especial, a los relativos a infraestructuras, transportes, ahorro y eficiencia energética, así como a la Estrategia Española de Movilidad Sostenible."* (art. 101.3).

Contido que *"incluirá, como mínimo, el diagnóstico de la situación, los objetivos a lograr, las medidas a adoptar, los mecanismos de financiación oportunos y los procedimientos para su seguimiento, evaluación y revisión y un análisis de los costes y beneficios económicos, sociales y ambientales. Lo expuesto será igualmente exigible al contenido de esos Planes en lo relativo a la seguridad vial."* (art. 101.4)

Na súa elaboración e revisión *"se garantizará la participación pública según lo previsto en la Ley 27/2006, de 18 de julio, que regula los derechos de acceso a la información, de participación pública y de acceso a la justicia en materia de medio ambiente."*

Por fin, son principios da mobilidade sostible a) *El derecho de los ciudadanos al acceso a los bienes y servicios en unas condiciones de movilidad adecuadas, accesibles y seguras, y con el mínimo impacto ambiental y social posible,* b) *La participación de la sociedad en la toma de decisiones que afecten a la movilidad de las personas y de las mercancías;* c) *El cumplimiento de los tratados internacionales vigentes en España relativos a la preservación del clima y la calidad ambiental, en lo que concierne a la movilidad y la adecuación a las políticas comunitarias en esta materia.* (art. 99)

2.1.3 Os mencionados preceptos da Lei 2/2011 resultaron derogados con efectos de 05 de decembro de 2025 pola D.D. Única da Lei 9/2025 de Mobilidade Sostible (B.O.E de 04 de decembro de 2025), sen que tal sucesión normativa teña efectos prácticos nos extremos que aquí resultan de interese.

Trátase de documentos estratéxicos cun agregado de accións sectoriais de carácter homoxéneo, cohesionados pola obrigada consecución dos principios e obxectivos da mobilidade social, económica e medioambientalmente sostibles.

2.1.4 As ZBE son unha das "actuaciones" a contemplar nos PMUS.

A súa implantación e regulación réxese pola Lei 7/2021 e o R.D. 1052/2022 en canto constitúen *"lo establecido en la normativa que resulte aplicable, así como a los principios recogidos en la presente Ley y a lo dispuesto en los instrumentos de planificación que les afecten..."*.

2.1.5 Baste aquí con advertir como a enteira regulación legal das ZBE atende de forma indubitada ós principios e normas básicas enunciados na Lei 2/2011.

O propio proxecto sometido a información pública razoa de modo expreso a súa absoluta coherencia coas demais actuacións do PMUS do Concello de Vigo, e co mandato legal do art. 101 da Lei 2/2011.

2.1.6 En consideración dos mencionados preceptos, o motivo debe ser desestimado."



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2026 11:51	Páxina 45 de 88
5515-1101	CSV: ABBCBE-4ADC47-422F52-8JUH86-TKBXK7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Ás mencionadas consideracións debe engadirse o carácter continxente dos plans na nova regulación legal do art. 24 da Lei 9/2025.

4.- O motivo cuarto leva a rúbrica *"Deficiencias estruturais do modelo de mobilidade"*.

4.1 No desenvolvemento do motivo dise que

"A proposta resulta igualmente insuficiente desde a perspectiva da mobilidade metropolitana. Vigo continúa padecendo importantes déficits estruturais de transporte público, tanto no ámbito urbano como na súa relación coa área metropolitana. Persisten problemas de conexión transversal entre barrios, insuficiencias de frecuencias e horarios, ausencia dunha verdadeira integración metropolitana, carencias de accesibilidade universal e unha elevada dependencia do vehículo privado en amplos sectores da cidade e da súa contorna.

Neste contexto, establecer restricións progresivas á circulación sen reforzar previamente o sistema público de mobilidade supón unha actuación socialmente regresiva que corre o risco de trasladar os custos da transición ecolóxica ás clases populares, ás persoas traballadoras e aos sectores con menor capacidade económica."

4.2 O motivo debe ser desestimado.

O proxecto de ordenanza sometido á aprobación responde adecuadamente aos obxectivos establecidos no proxecto de 19 de decembro de 2025 e nas normas que lle prestan fundamento, en particular aos establecidos con carácter principal e obrigatorio no Real Decreto 1052/2022, sen que as opinións meramente subxectivas expresadas no motivo desvirtúen en absoluto a expresada finalidade.

Ao que cabe engadir que a xestión do transporte público de viaxeiros, en fase de adxudicación do contrato de prestación de servizos, contempla adecuadamente nos seus pregos reitores as eventuais carencias, e a súa puntual atención nas respectivas ofertas.

5.- O motivo quinto leva a rúbrica *"Incoherencias do modelo regulatorio e insuficiente eficacia ambiental"*.

5.1 O seu sustento radica en que

"Cómpre salientar, ademais, que o modelo escollido presenta evidentes contradicións internas. A ordenanza configura nos seu artigo 4, 5 e 6 un sistema baseado nunha prohibición xeral de acceso e circulación, mentres os artigos 7, 8 e 9 incorporan un catálogo extraordinariamente amplo de excepcións e autorizacións. O número e alcance das exencións previstas para residentes, titulares de garaxes, empresas, vehículos profesionais, taxis, VTC, acceso a aparcadoiros, acceso escolar, acceso sanitario, vehículos comerciais e múltiples supostos adicionais revela unha evidente inconsistencia do modelo regulatorio.

Esta proliferación de excepcións evidencia que a ordenanza non procura unha verdadeira reorganización estrutural da mobilidade urbana, senón a implantación dun sistema administrativamente complexo e de dubidosa eficacia ambiental, baseado nun equilibrio contraditorio entre prohibicións formais e autorizacións masivas. O resultado previsíbel é unha regulación potencialmente



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2026 11:51	Páxina 46 de 88
5515-1101	CSV: ABBCBE-4ADC47-422F52-8JUH86-TKBXK7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

restritiva para determinados sectores sociais, pero insuficiente para producir unha redución significativa do tráfico e das emisións contaminantes."

5.2 O motivo debe ser desestimado.

No apartado 2.2 do proxecto de 19 de decembro de 2025 estableceuse que

"2.2 ...

2.2.1 Dispón o art. 5.2 do R.D. 1052/2022 que "...as prohibiciones o restricciones de acceso afectarán prioritariamente a los vehículos con más potencial contaminante y serán proporcionales a los objetivos de calidad del aire y mitigación de emisiones de gases de efecto invernadero que se hayan dispuesto, lo cual deberá estar suficientemente motivado."

2.2.2 Partindo do cumprimento actual, sostido e sostible do primeiro dos obxectivos de calidade do aire establecido no R.D. 102/2011, o proxecto contempla en sede da "análise de alternativas ás restricións absolutas impostas aos vehículos máis contaminantes... (Anexo I.7 do R.D. 1052/2022) un mandato para a futura ordenanza de establecemento dun amplo réxime de excepcións ás restricións de acceso, de carácter permanente e temporal (Apartado 13.2) en relación aberta a calesquera outros supostos a definir na propia ordenanza co único límite da súa compatibilidade co cumprimento dos obxectivos de calidade do aire en continua monitorización (art. 12 do R.D. 1052/2022).

2.2.3 A regulación legal das ZBE contempla para o contido do proxecto o mandato de determinar as consecuencias do seu establecemento para os grupos sociais de maior vulnerabilidade (Apartado 10 c do Anexo I do R.D. 1052/2022), así como a análise de impacto social, de xénero e de discapacidade (Apartado 11 do Anexo I do R.D. 1052/2022).

2.2.4 O proxecto aborda as dúas cuestións de forma exhaustiva e positiva en termos de accesibilidade (Apartados 18.5 e 19).

Do cumprimento do mandato legal resulta unha previsión de repercusión que se cumprirá ou non en maior ou menor medida, dando lugar no seu caso ás medidas de fomento (subvencións, bonificacións) que as distintas administracións públicas no exercicio das súas competencias consideren pertinentes.

Así, o establecido na D.A. 21ª da Lei 9/2025 de Mobilidade Sostible que di

Disposición adicional vigesimoprimer. Incentivos para la renovación del parque de automoción español

Con el fin de reducir las emisiones de contaminantes atmosféricos y gases de efecto invernadero, mejorar la eficiencia energética, contribuir a la seguridad vial y dinamizar la industria de producción nacional, en el plazo máximo de tres meses desde la aprobación de la presente ley, el Gobierno desarrollará reglamentariamente un plan de renovación para incentivar la adquisición de vehículos nuevos de cero o bajas emisiones y la retirada voluntaria de vehículos antiguos del parque móvil español.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2026 11:51	Páxina 47 de 88
5515-1101	CSV: ABBCBE-4ADC47-422F52-8JUH86-TKBXK7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A tal fin, la normativa de desarrollo contemplará como criterios de actuación, entre otros, los siguientes:

- La creación de un Plan Nacional de Renovación del Parque Automovilístico Español complementario a los planes de incentivación de compra de vehículos eléctricos, que contribuya a la renovación de vehículos de combustión antiguos por vehículos de cero o bajas emisiones.
- Se fijará como objetivo la retirada y sustitución de vehículos con una mayor antigüedad y de cualquier tipología (camiones, autobuses, furgonetas, automóviles y motos), por el riesgo que suponen para la seguridad vial y por su efecto contaminador.
- Además de los vehículos nuevos, también podrá beneficiarse del apoyo económico la adquisición de vehículos de ocasión o usados cuya motorización sea de Euro 6d.

En todo caso, as medidas de fomento exceden claramente do ámbito obxectivo de regulación do proxecto e da ordenanza.

2.2.5 En consideración dos mencionados preceptos, o motivo debe ser desestimado."

5.4 Todos os obxectivos cuantificables previstos no proxecto técnico, traducidos na ordenanza en autorizacións xerais e especiais de acceso, resultan proporcionales aos obxectivos perseguidos, e a súa efectiva consecución quedan condicionados no seu mantemento (D.A. Primeira do proxecto da ordenanza).

6.- O motivo sexto leva a rúbrica "Problemas de seguridade xurídica, proporcionalidade e protección de datos"

6.1 Relativo o motivo á Estratexia VIGO ECODRIVING 2030 dise que

"A ordenanza non define con precisión os criterios técnicos de funcionamento destes sistemas, nin concreta os mecanismos de avaliación, as garantías de protección de datos, os límites da utilización da información recompilada nin os efectos xurídicos derivados da eventual clasificación das persoas condutoras.

A introdución de sistemas de valoración individualizada da condución vinculados a incentivos municipais suscita serias dúbidas respecto do cumprimento dos principios de proporcionalidade, minimización de datos, limitación da finalidade e seguridade xurídica exixidos tanto pola normativa europea como pola lexislación estatal en materia de protección de datos persoais.

Máis aínda, a disposición adicional cuarta da propia ordenanza establece expresamente que a implantación da Estratexia Vigo ECODRIVING 2030 non implicará incremento da asignación orzamentaria nin modificación da dotación de persoal municipal, o que evidencia a falta de consistencia técnica e viabilidade material da medida."

6.2 O motivo debe ser desestimado.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2026 11:51	Páxina 48 de 88
5515-1101	CSV: ABBCBE-4ADC47-422F52-8JUH86-TKBXK7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Os criterios técnicos de funcionamento destes sistemas están suficientemente definidos no ecosistema das tecnoloxías europeas C-ITS nas que o Concello de Vigo ten protagonismo desde hai cando menos 13 anos.

A Estratexia Vigo ECODRIVING 2030 é un plan de actuación absolutamente alienado cos obxectivos de mellora de calidade do aire e mitigación do cambio climático do art. 3 do Real Decreto 1052/2022 que presta fundamento normativa á creación das zonas de baixas emisións. E os seus principios están suficientemente expresados no artigo 15.

O respecto ao bloque da normativa europea e nacional -Reglamento (UE) 2016/679, Ley Orgánica 3/2018 de Protección de Datos Personales y garantía de los derechos digitales- en materia de protección de datos é un punto de partida obrigado. A súa mención na ordenanza, que podería entenderse superflua, quere enfatizar a súa importancia no deseño, implantación e aplicación da mesma, momento en que unicamente cabería cuestionar no seu caso o seu cumprimento.

O Concello de Vigo dispón desde 2019 da citada tecnoloxía no seu centro de xestión da mobilidade, produto da participación nos proxectos europeos mencionados na introducción ao texto articulado da ordenanza.

7.- O motivo sétimo leva a rúbrica de *"insuficiencia dos mecanismos de participación pública"*.

7.1 O argumento radica en que

"Resulta tamén especialmente criticábel a insuficiencia dos mecanismos de participación pública e institucional desenvolvidos durante a elaboración da ordenanza. Unha iniciativa normativa chamada a condicionar profundamente a mobilidade, o urbanismo e a vida económica e social da cidade esixía un proceso amplo, transparente e deliberativo de participación cidadá."

Porén, o Goberno municipal non promoveu un verdadeiro debate social arredor do modelo de mobilidade que precisa a cidade nin convocou previamente os órganos municipais de participación directamente afectados pola regulación."

A ausencia de convocatoria dos Consellos Sectoriais de Transportes, Medio Ambiente e Accesibilidade Local (malia ter sido reiteradamente solicitada polo BNG) constitúe unha grave limitación dos mecanismos de participación institucionalizada e supón unha actuación incompatíbel co principio de gobernanza participativa que debe orientar as políticas públicas de transición ecolóxica."

7.2 O motivo debe ser desestimado.

Tanto o proxecto técnico como a ordenanza tiveron oportunidade cabal de participación cidadá e sectorial mediante a habilitación dun prazo conxunto de información pública e de consulta pública nos termos esixidos polo artigo 11 do Real Decreto 1052/2022 e o artigo 133 da Lei 39/2015.

8.- O motivo oitavo leva a rúbrica de *"Un modelo territorialmente fragmentario e socialmente regresivo"*.

8.1 No desenvolvemento do motivo dise que



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2026 11:51	Páxina 49 de 88
5515-1101	CSV: ABBCBE-4ADC47-422F52-8JUH86-TKBXK7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

"A ordenanza incorre igualmente nunha visión territorialmente fragmentaria da mobilidade urbana ao configurar as zonas de baixas emisións como perímetros illados dentro da cidade. Esta concepción resulta insuficiente e contraditoria cunha política seria de mobilidade sustentábel. A redución efectiva das emisións contaminantes non pode fundamentarse na simple delimitación de áreas restritivas sometidas a control automatizado, senón nunha transformación global do modelo de mobilidade urbana.

Vigo precisa avanzar cara unha estratexia integral que conciba toda a cidade como un espazo de mobilidade sustentábel, reducindo progresivamente o tráfico innecesario mediante o reforzo do transporte colectivo, a mellora da accesibilidade, a ampliación do espazo peonil, a reorganización da mobilidade metropolitana e a creación de alternativas reais ao vehículo privado.

As zonas de baixas emisións non poden converterse nun instrumento de discriminación social baseado na capacidade económica das persoas para renovar os seus vehículos. A transición ecolóxica debe asentarse necesariamente sobre criterios de xustiza social e cohesión territorial, evitando que as restricións ambientais penalicen de maneira desproporcionada ás clases populares, ás persoas maiores, ás traballadoras e traballadores con mobilidade obrigada e á veciñanza das parroquias e da área metropolitana."

8.2 O motivo debe ser desestimado.

Nin proxecto técnico nin ordenanza responden a una "visión territorialmente fragmentada da mobilidade urbana", senón ás obrigacións establecidas no Real Decreto 1052/2022 en relación estrita cos obxectivos previstos no mesmo.

A creación inmediata das catro zonas reguladas, complementado cos sistemas actuais de regulación técnica do tráfico e a futura implementación da Estratexia Vigo ECODRIVING 2030; á potencia das estratexias complementarias do VIGO VERTICAL e AXENDA URBANA VIGO 2030; as políticas de fomento do vehículo eléctrico; e, en fin, a continua potenciación do transporte público urbano de pasaxeiros descartan radicalmente aquela visión quebrada da mobilidade urbana.

9.- O último motivo da emenda á totalidade leva a rúbrica de "A necesidade dun novo modelo de mobilidade para Vigo".

9.1 A explicación do motivo di

"Tal e como vén defendendo o BNG de Vigo, a cidade non precisa unha "zona de baixas emisións" asentado en restricións e multas, senón unha estratexia integral de mobilidade sustentábel que poña no centro ás persoas e o dereito á cidade brindándolle á veciñanza alternativas reais e efectivas para unha mobilidade non dependente do vehículo particular, reducindo emisións a través do reforzo efectivo do transporte público e da reorganización do espazo urbano desde criterios ambientais, sociais e democráticos."

9.2 O motivo é mero compendio dos anteriores, polo que expresando unha lexítima crítica política, merece idéntica resposta desestimatoria.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2026 11:51	Páxina 50 de 88
5515-1101	CSV: ABBCBE-4ADC47-422F52-8JUH86-TKBXK7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Cuarto.- As emendas presentadas polo grupo municipal do Partido Popular son ao texto articulado, resultando un total de 7.

1.- A primeira, referida ao art. 1.3, interesa a redacción no prazo de 18 meses desde a entrada en vigor da ordenanza, dun novo Plan de Mobilidade Urbana Sostible (PMUS), por desfase do actual (2014) e a necesaria coherencia entre ordenanza e PMUS.

1.1 O motivo debe ser desestimado.

A derogación dos artigos da Lei 2/2011 da Economía Sostible dedicados á regulación dos plans de mobilidade urbana sostible xunto ao carácter continxente da nova regulación dos citados instrumentos no artigo 24 da Lei 9/2025 aconsellan esperar ao seu desenvolvemento, sen prexuízo da necesaria coherencia entre as distintas accións sectoriais garantizada mediante a proclamada integración das zonas de baixas emisións no actual PMUS de 2014 actualizado en 2021.

2.- A segunda emenda, referida ao art. 3.3, interesa a ampliación do prazo de aplicación atenuada desde os 12 meses previstos en cada fase, a 18 meses.

2.1 O motivo debe ser desestimado. Un incremento desa natureza resulta desproporcionado para os fins propostos, e un risco certo para a seguridade xurídica por quebra da confianza colectiva na vixencias das normas aplicables.

3.- A terceira emenda, referida ao art. 10.6, interesa a habilitación de atención especial presencial na lonxa e por teléfono, dos interesados para todos os trámites relativos ás autorizacións de accesos. Así mesmo, que a aplicación informática de prevista no artigo 10.6 esté dispoñible antes da entrada en vigor da ordenanza.

3.1 O motivo debe ser desestimado.

A atención presencial na sede física do Concello, a telefónica e a electrónica que resulten da implantación da aplicación informática están plenamente garantidas sen necesidade específica de mención na propia ordenanza conforme aos principios xerais da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das AAPP.

4.- A cuarta emenda, referida ao artigo 14, ESTRATEXIA VIGO ECODRIVING 2030 propón adiantar a súa aprobación desde os 24 meses iniciais a 18 meses por razóns de coherencia interna.

4.1 O prazo previsto na ordenanza é de 24 meses. É un máximo vinculado á sucesiva realización dos fitos previstos no artigo 15. É un prazo realista, susceptible de mellora solo en función das capacidades sobrevidas de realización acumulada dalgúns daqueles fitos, polo que non resulta prudente a redución proposta, que por tal motivo desestímase.

5.- A quinta emenda, relativa ao réxime sancionador, propón pospoñer a aplicación do réxime sancionador desde os 12 meses a 18 meses en cada fase.

5.1 O motivo debe ser desestimado polas razóns expresadas na consideración da emenda ao artigo 3.3



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2026 11:51	Páxina 51 de 88
5515-1101	CSV: ABBCBE-4ADC47-422F52-8JUH86-TKBXK7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

6.- A emenda 6, relativo ao art. 16.1 (réxime sancionador), propón un réxime de autorización de acceso temporal dun ano (renovable) en función do resultado de aplicar un coeficiente sobre o Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples nos catro supostos que se mencionan, isto é, unidades familiares de 1, 2, 3 ou 4 o máis persoas.

6.1 O proxecto técnico e o texto da ordenanza (artigos 6 a 9) contemplan de forma exhaustiva todas as necesidades razoables de acceso con vehículo propio ao interior das catro zonas, sen que a condición económica constitúa impedimento ou condicionante algún.

Por isto, o motivo debe ser desestimado.

7.- A última emenda, relativa á potenciación do transporte público, propón engadir unha nova disposición adicional, a sexta, co seguinte contido

"Potenciación do transporte municipal como alternativa ao uso do vehículo privado na procura dos obxectivos últimos desta Ordenanza descritos na Disposición adicional primeira mediante o reforzos das liñas e rutas do transporte urbano que conectan estas zonas e a creación no autobús urbano de abonos mensuais e anuais sen límite de viaxes por unha tarifa plana de 20 € e 200 € respectivamente."

7.1 O motivo debe ser desestimado.

A xestión do transporte público de viaxeiros, en fase de adxudicación do contrato de prestación de servizos, contempla adecuadamente nos seus pregos reitores as eventuais carencias, e a súa puntual atención nas respectivas ofertas.

Á vista dos feitos e fundamentos de dereito expostos, proponse ao Pleno da Corporación Municipal a adopción, previo ditame da Comisión Informativa correspondente, do seguinte.../...

Deseguido os funcionarios informantes emiten a proposta que se transcribe na parte dispositiva deste acordo.

DITAME. A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria do 18.05.26, ditamina favorablemente a proposta.

Con data 20 de maio, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Perez Iglesias, presenta no Rexistro electrónico do Pleno expediente 5470/1101, VOTO PARTICULAR, que se someterá a votación.

Con data 20 de maio, a voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Sánchez Méndez, presenta no Rexistro electrónico do Pleno expediente 5474/1101, VOTO PARTICULAR, que se someterá a votación.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2026 11:51	Páxina 52 de 88
5515-1101	CSV: ABBCBE-4ADC47-422F52-8JUH86-TKBXK7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

VOTACIÓN VOTO PARTICULAR DO BNG (5470/1101):

- *Votos a favor:* tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.
- *Votos en contra:* vinte e tres (23) dos membros presentes do grupo municipal Socialista (18), señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e mais cinco (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.
- *Abstencións:* Non houbo.

ACORDO

Con tres (3) votos a favor, dos membros do grupo municipal do BNG, vinte e tres (23) votos en contra, dos membros do grupo municipal do PSOE (18) e mais cinco (5) dos membros do grupo municipal do PP, o Pleno da Corporación rexeita o voto particular presentado no Rexistro do Pleno, nº 5470/1101, con data de entrada o 20 de maio de 2026, polo voceiro do grupo municipal do BNG.

VOTACIÓN VOTO PARTICULAR DO PARTIDO POPULAR (5474/1101):

- *Votos a favor:* cinco (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.
- *Votos en contra:* vinte e un (21) dos membros presentes do grupo municipal Socialista (18), señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e mais tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.
- *Abstencións:* Non houbo.

ACORDO

Con cinco (5) votos a favor, dos membros do grupo municipal do PP, e vinte e un (21) votos en contra dos membros do grupo municipal do PSOE (18) e mais tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, o Pleno da Corporación rexeita o voto particular presentado no Rexistro do Pleno, nº 5474/1101, con data de entrada o 20 de maio de 2026, pola voceira do grupo municipal do Partido Popular.

VOTACIÓN ASUNTO DITAMINADO:

- *Votos a favor:* dezoito (18) dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2026 11:51	Páxina 53 de 88
5515-1101	CSV: ABBCBE-4ADC47-422F52-8JUH86-TKBXK7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia.
- *Votos en contra:* oito (8) dos membros do grupo municipal do Partido Popular (5), señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, e mais tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.
 - *Abstencións:* Ningunha.

ACORDO

Con dezaoito (18) votos a favor, dos membros do grupo municipal Socialista, e oito (8) votos en contra, dos membros do grupo municipal do Partido Popular (5) e do grupo municipal do BNG (3), o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo,

PRIMEIRO: Con base no informe-proposta emitido polo Xefe de Área de Seguridade e Mobilidade, transcrito na parte expositiva deste acordo, e previo ditame da Comisión Informativa, desestimar as emendas á totalidade do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, e así mesmo desestimar ás emendas ao texto articulado presentadas polo grupo municipal do Partido Popular, no trámite de presentación de emendas polos grupos municipais establecido no Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo.

SEGUNDO: Aprobar inicialmente a ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DAS ZONAS DE BAIXAS EMISIÓNS DO CONCELLO DE VIGO (Expte: Nº142483/210), co texto que se transcribe ao final deste acordo.

TERCEIRO: Abrir un período de información pública polo prazo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxestións.

CUARTO: Declarar que, consonte ao establecido no artigo 49.c) da LRBRL, de non se presentar ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente aprobado o acordo ata entón provisional, debendo publicarse o texto íntegro da Ordenanza modificada no BOP, entrando en vigor cando transcorrese o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DAS ZONAS DE BAIXAS EMISIÓNS DO CONCELLO DE VIGO

Table of Contents

PREÁMBULO.....	55
CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS.....	58
ARTIGO 1 OBXECTO.....	58
ARTIGO 2 ACTIVIDADE REGULADA.....	59
ARTIGO 3 RÉXIME TEMPORAL DE ENTRADA EN VIGOR.....	59
ARTIGO 4 RÉXIME DE UTILIZACIÓN.....	59
CAPÍTULO II.....	59
ARTIGO 5 DELIMITACIÓN.....	59



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2026 11:51	Páxina 54 de 88
5515-1101	CSV: ABBCBE-4ADC47-422F52-8JUH86-TKBXK7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ARTIGO 6 RÉXIME XERAL.....	60
ARTIGO 7 AUTORIZACIÓN XERAL.....	60
ARTIGO 8 AUTORIZACIÓNS ESPECIAIS.....	60
ARTIGO 9 CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS.....	61
CAPÍTULO III.....	61
ARTIGO 10 SISTEMA DE XESTIÓN DE ACCESOS.....	61
ARTIGO 11 SINALIZACIÓN DAS ZONAS DE BAIXAS EMISIÓNS.....	62
ARTIGO 12 ETIQUETA AMBIENTAL.....	62
ARTIGO 13 SISTEMA DE VIXILANCIA E CONTROL.....	62
CAPÍTULO IV.....	63
ARTIGO 14 CREACIÓN DA ESTRATEXIA VIGO ECODRIVING 2030.....	63
ARTIGO 15 PRINCIPIOS XERAIS.....	63
CAPÍTULO V.....	63
ARTIGO 16 RÉXIME SANCIONADOR.....	63
DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA. PRECEDENCIA DOS OBXECTIVOS ESTABLECIDOS NO PROXECTO TÉCNICO.....	64
DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA. ACTUACIÓNS NO EIDO DÁ DISTRIBUCIÓN URBANA DE MERCADORÍAS.....	64
DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA. CRITERIOS PARA A APLICACIÓN PROGRESIVA E ATENUADA EN CADA FASE.....	64
DISPOSICIÓN ADICIONAL CUARTA. MEDIOS DE IMPLANTACIÓN DO VIGO ECO-DRIVING 2030.....	64
DISPOSICIÓN ADICIONAL QUINTA. ADECUACIÓN DO USO DOS VEHÍCULOS DE MOBILIDADE PERSOAL.....	65
DISPOSICIÓN DERROGATORIA.....	65
DISPOSICIÓN FINAL. PUBLICACIÓN E ENTRADA EN VIGOR.....	65
ANEXO. DELIMITACIÓN DAS ZONAS DE BAIXAS EMISIÓNS.....	65
ACORDOS.....	69
ACORDOS.....	71

PREÁMBULO

I

A cidade de Vigo conta cunha poboación censada de 302.574 habitantes, o que a converte no núcleo máis poboado de Galicia, incrementándose esta cifra ata case os 500.000 habitantes, se se ten en conta a área metropolitana formada polos 13 municipios circundantes, o que a sitúa como a decimosegunda área metropolitana en importancia en España.

II

A Lei 7/2021 de cambio climático e transición enerxética estableceu no seu art. 14.3 a obrigación dos municipios de máis de 50.000 habitantes de contemplar nos seus plans de mobilidade sostible o establecemento de zonas de baixas emisións antes de 2023.

Non obstante o prazo límite establecido para o cumprimento da citada obrigación legal, o Goberno do Estado aprobou a Orde TMA/892/2021, do 17 de agosto, pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de axudas a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2026 11:51	Páxina 55 de 88
5515-1101	CSV: ABBCBE-4ADC47-422F52-8JUH86-TKBXK7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

municipios para a implantación de zonas de baixas emisións (ZBE) e a transformación dixital e sostible do transporte urbano, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, así como a súa correspondente convocatoria para o exercicio 2021.

O Concello de Vigo acolleuse á convocatoria correspondente ao exercicio 2022 ao abeiro da devandita orde.

III

Por Acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión ordinaria do 19 de decembro de 2025 (Expte:142482/210) o Concello de Vigo aprobou definitivamente o proxecto de Creación de Zonas de Baixas Emisións establecido polo art.10 do Real Decreto 1052/2022 ditado en desenvolvemento do art. 14.3 da Lei 7/2021.

IV

A presente ordenanza ten por obxecto o establecemento e regulación das zonas de baixas emisións na cidade de Vigo, de conformidade coas obrigacións establecidas na Lei 7/2021 e o Real Decreto 1052/2022, que constitúe o seu desenvolvemento regulamentario, e a normativa estatal e/ou autonómica concordante.

En particular, responde o mandato xeral de regulación da ordenación e control do tráfico a través do devandito instrumento específico previsto nos art. 7 e 18 do Texto Refundido da a Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos de motor e Seguridade viaria (Real Decreto Lexislativo 6/2015).

V

Na súa configuración legal, as zonas de baixas emisións comprenden a elaboración e aprobación de dous instrumentos sucesivos en profunda correspondencia: o proxecto e a ordenanza.

No en tanto, o seu alcance xurídico é ben distinto.

O proxecto é obrigada concreción técnica dos obxectivos xenéricos principais relativos á mellora da calidade do aire e mitigación do cambio climático, e no seu caso a promoción doutros como a calidade acústica, o impulso a modos de transporte máis sostibles e en xeral a maior eficiencia enerxética no uso dos medios de transporte

A ordenanza, a dimensión regulamentaria do conxunto de medidas legalmente previstas (delimitación territorial das zonas, restricións ou prohibicións de acceso, circulación e estacionamento, réxime de autorizacións) con afectación directa para os dereitos e deberes do conxunto da cidadanía, para a consecución dos obxectivos previstos no proxecto.

VI

O proxecto técnico de creación das zonas de baixas emisións aprobado pola Xunta de Goberno Local contempla catro zonas: Vigo-Centro, Praza de Portugal, Calvario e Bouzas.

É obxecto da presente ordenanza a ordenación da súa delimitación territorial, as fases de implantación, as medidas de control establecidas para cada unha delas, e o réxime de autorizacións xerais e especiais.

Trátase dunha ordenación especial da circulación de carácter permanente, suficiente para o cumprimento continuado e progresivo dos obxectivos sinalados no



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2026 11:51	Páxina 56 de 88
5515-1101	CSV: ABBCBE-4ADC47-422F52-8JUH86-TKBXK7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

proxecto técnico, e proporcional aos mesmos. Iso sen prexuízo da súa revisión nos casos e termos previstos no bloque da legalidade vixente nesta materia.

En canto regulación especial, prevalece sobre calquera normas xerais de circulación ordinaria establecidas legal ou regulamentariamente, comprensivas da ordenanza xeral de circulación da cidade de Vigo, a de carga e descarga de mercancías e cantas outras regulen incidentalmente materias conexas, en canto estas resulten incompatibles con aquela.

VII

O proxecto técnico aprobado contempla, así mesmo, os sistemas de control de accesos e circulación nas devanditas zonas, cuxa implantación tamén é obxecto de regulación por ordenanza municipal.

VIII

Cabalmente entendidos, os obxectivos globais de mantemento da calidade do aire e mitigación do cambio climático, eficiencia enerxética e calidade acústica no eido da mobilidade urbana implican unha nova dimensión para a xestión do tráfico rodado: equiparar os estándares de seguridade esixibles na súa xestión por razón do risco inherente á circulación determinante da sinistralidade viaria, e de fluidez, comodidade e economía dos desprazamentos en vehículos a motor, aos de novo establecemento necesarios para conxurar os riscos que para o medio ambiente e a saúde pública se derivan do mesmo feito da circulación rodada.

Ademais, a efectiva consecución dos mencionados obxectivos pode ser acadada de forma espontánea, con efectos inmediatos e continuados para o conxunto da cidadanía, mediante a utilización das tecnoloxías encadradas actualmente baixo a denominación de ITS COOPERATIVOS (C-ITS), sistemas intelixentes de transporte regulados no Real Decreto 662/2012, de 13 de abril, polo que se establece o marco para a implantación dos sistemas intelixentes de transporte (SIT) no sector do transporte por estrada e para as interfaces con outros modos de transporte.

Produto da súa participación sucesiva, desde 2013, en proxectos europeos orientados á mencionada finalidade (COMPASS 4D, COGISTICS, P4ITS - C-MobILE, C-ROADS, In2CCAM), o Concello dispón desde 2019 no seu centro de control dunha plataforma de xestión do tráfico de vehículos e peóns con capacidade bastante para garantir un nivel de servizo acorde ás novas esixencias derivadas do cambio climático e a transición enerxética.

Coa expresada finalidade, engádese á creación das catro zonas de baixas emisións a obrigación de adopción dun plan estratéxico de acción de alcance xeral, a ESTRATEXIA Vigo ECODRIVING 2030.

IX

A presente ordenanza estruturase en cinco capítulos, integrados por un total de dezaseis artigos, cinco disposicións adicionais, unha disposición derogatoria, unha disposición final e un anexo.

X

A ordenanza responde aos principios de boa regulación recollidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2026 11:51	Páxina 57 de 88
5515-1101	CSV: ABBCBE-4ADC47-422F52-8JUH86-TKBXK7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Aos principios de necesidade e eficacia, porque persegue a consecución dun interese xeral específico, ten obxectivos inequívocos cuantificados alienados a tal fin e é o instrumento legal específico demandado para ese efecto,

Ao de proporcionalidade, porque a delimitación territorial e as medidas propostas constitúen un todo unitario e indivisible atendendo a criterios de poboación, necesidades de mobilidade, usos urbanísticos, e comprobación da situación de partida en canto á calidade atmosférica e os seus determinantes.

Á dimensión máis específica da seguridade xurídica, porque constitúe unha regulación estable, predicible, integrada, clara e de certeza, que facilita o seu coñecemento e comprensión e, en consecuencia, a actuación e toma de decisións vinculadas a esta materia polo conxunto da cidadanía.

Ao principio de eficiencia, porque non institúe cargas administrativas innecesarias, nin alteración algunha na adecuada asignación dos recursos dedicados.

XI

A implantación das zonas de baixas emisións por medio da aprobación da presente ordenanza presenta tamén un balance positivo en termos das obrigacións legais de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira nos termos establecidos pola Lei orgánica 2/2012 de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e a Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Así ponse de manifesto no informe da Intervención Xeral de 29 de agosto de 2025 relativo á aprobación do proxecto técnico aprobado definitivamente pola Xunta de Goberno Local por acordo de 19 de decembro de 2025.

CAPÍTULO I. Disposicións Xerais

Artigo 1 Obxecto.

1. A presente ordenanza ten por obxecto a delimitación e implantación das zonas de baixas emisións na cidade de Vigo, en cumprimento do mandato legal establecido no art. 14.3 da Lei 7/2021 de cambio climático e transición enerxética, no Real Decreto 1052/2022 que constitúe o seu desenvolvemento regulamentario, e no Proxecto Técnico aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 19 de decembro de 2025.

Así mesmo, ten por obxecto coadxuvar de forma inmediata e efectiva aos citados obxectivos legais procurando o uso xeneralizado dos modernos estándares europeos de xestión do tráfico identificados como sistemas intelixentes de transporte cooperativos (C-ITS).

2. Todos os conceptos xurídicos comprendidos na presente ordenanza deberán ser entendidos no sentido preciso que para os mesmos establezan as normas legais e regulamentarias que lles prestan fundamento, constituídas sen propósito exhaustivo polas mencionadas no apartado anterior, a lexislación de tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, as normas básicas do procedemento administrativo común das administracións públicas, e as normas de dereito privado en canto resulten pertinentes.

3. A regulación que se establece resulta conforme e integrada cos principais instrumentos de planificación municipal da que forma parte, constituídos polo Plan Xeral de Ordenación Municipal, o Plan de Mobilidade Urbana Sostible, a Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible Integrado "Vigo Vertical", a Axenda Urbana Vigo



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2026 11:51	Páxina 58 de 88
5515-1101	CSV: ABBCBE-4ADC47-422F52-8JUH86-TKBXK7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

2030, e a Ordenanza reguladora do estacionamento controlado e limitado en superficie (zona XER).

Artigo 2 Actividade regulada.

1. Esta Ordenanza é de aplicación en todo o ámbito territorial ao que se refire o artigo 5 respecto de a circulación e os demais usos e actividades que se realicen nas vías, espazos e terreos urbanos aptos para a circulación, ás vías e terreos que sen ter tal aptitude sexan de uso común, así como ás persoas usuarias de tales vías, espazos e terreos, entendendo por tales os viandantes, quen conduza toda clase de vehículos e calquera outra persoa que os utilice ou realice actividades sobre eles.

2. O establecemento das catro zonas de baixas emisións responde os principios de incidencia ambiental e conciliación das esixencias legais derivadas de necesaria correlación dos obxectivos propios da mobilidade sostible e a economía sostible.

Artigo 3 Réxime temporal de entrada en vigor.

1. O establecemento das zonas de baixas emisións estrutúrase temporalmente en tres fases sucesivas e continuadas, cunha duración de dous anos as dúas primeiras e a terceira duración indefinida.

A primeira das devanditas fases comeza o día de entrada en vigor da ordenanza, e as outras dúas na mesma data do ano sucesivo correspondente.

2. A primeira fase aplica unicamente aos vehículos sen distintivo ambiental (Vehículos A) conforme a clasificación establecida no apartado E do Anexo II do Real Decreto 2822/1998 do 23 de decembro polo que se aproba o Regulamento Xeral de Vehículos, ou normas que a substitúan.

A segunda fase, aos vehículos A e aos vehículos con distintivo ambiental B (Vehículos B).

A terceira e última fase aplicarase aos vehículos con distintivo ambiental A, B e C (Vehículos C).

3. O primeiro ano de cada unha das tres fases, computado desde a data da súa entrada en vigor ata o día inmediato anterior da mesma data do segundo ano, establécese un réxime de aplicación atenuado presidido polo seguimento puntual do acceso ás devanditas zonas a través dos sistemas de vixilancia establecidos nesta ordenanza, e accións públicas de información e concienciación xeral para a consecución dos obxectivos establecidos no artigo 1, e en particular de advertencia oficial aos usuarios afectados polas restricións que se establecen.

Artigo 4 Réxime de utilización.

O réxime de acceso, circulación e estacionamento nas zonas de baixas emisións estrutúrase sobre unha prohibición xeral de acceso, e as autorizacións de excepción á mesma nos termos establecidos nesta ordenanza.

CAPÍTULO II

Artigo 5 Delimitación.

1. Constitúense as seguintes zonas de baixas emisións:

- Centro
- Praza de Portugal
- Calvario
- Bouzas

2. O ámbito de aplicación de cada unha das catro zonas é o descrito no Anexo.

3. A creación, modificación ou supresión das zonas de baixas emisións queda sometida á potestade de ordenanza municipal.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2026 11:51	Páxina 59 de 88
5515-1101	CSV: ABBCBE-4ADC47-422F52-8JUH86-TKBXK7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Artigo 6 Réxime xeral.

Conforme ao establecido no artigo 3, establécese con carácter xeral a prohibición de circulación de mero tránsito polo perímetro interior das catro zonas de baixas emisións establecidas no artigo 5, así como o acceso ás mesmas con propósito distinto do réxime de autorizacións de excepción establecido nesta ordenanza.

Artigo 7 Autorización xeral.

Non obstante o establecido no artigo 6, están autorizados para o acceso, circulación e estacionamento nas zonas de baixas emisións quen á entrada en vigor da presente ordenanza cumpran algún dos seguintes requisitos:

a) Con independencia do domicilio do titular do vehículo ou vehículos, do motivo de mobilidade e da súa orixe e destino, os vehículos que cumpran as seguintes condicións:

1ª Que se atopen domiciliados nunha das zonas de baixas emisións no Rexistro de Vehículos da Dirección Xeral de Tráfico;

2ª Que figuren de alta no padrón do imposto de vehículos de tracción mecánica.

b) Os vehículos dos que dispoñan as persoas empadroadas no ámbito territorial dunha das zonas de baixas emisións, en réxime de propiedade, usufruto, renting, leasing, arrendamento, retribución en especie ou como vehículo de substitución e doutras persoas invitadas por estas.

c) Os vehículos adscritos a unha actividade económica que indiquen as empresas e autónomos cuxa actividade empresarial, profesional ou comercial exérgase nun local ou oficina situada no interior dalgunha das zonas de baixas emisións.

d) Os vehículos, destinados ao transporte de persoas titulares de cartón de estacionamento para persoas con mobilidade reducida (PMR).

e) Os vehículos adscritos aos servizos públicos esenciais, que comprenderán en todo caso os da Policía Local, Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento, Protección Civil, Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, Policía Autonómica, servizos sanitarios, e demais esenciais que así se acorde pola Xunta de Goberno Local.

f) As motocicletas, os ciclomotores, e os vehículos de tres rodas asimilables a ciclomotores ou a motocicletas en horario de sete a vinte e dúas horas (7:00h – 22:00h).

g) Os vehículos de mobilidade persoal.

h) Os vehículos que teñan a condición legal de históricos conforme ao establecido no Real Decreto 892/2024, do 10 de setembro, polo que se aproba o Regulamento de Vehículos Históricos.

Artigo 8 Autorizacións especiais.

Non obstante o establecido no artigo 6, permítese o acceso e a circulación polas zonas de baixas emisións aos seguintes vehículos, en función da razón de acceso e circulación, ou a actividade a realizar:

1º. Os vehículos das Administracións Públicas ou os seus contratistas que presten servizos públicos básicos como transporte colectivo de persoas usuarias do transporte, limpeza viaria, recollida de residuos, mantemento e conservación de vías públicas, zonas verdes, instalacións, patrimonio municipal e outros servizos municipais en xestión tanto directa como indirecta.

2º. Os vehículos industriais debidamente rotulados e identificados das empresas, e os seus contratistas, que presten servizos de urxencias na vía pública sobre subministración de auga, gas, electricidade ou telecomunicacións.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 01/07/2026 11:51

Páxina 60 de 88

5515-1101

CSV: ABBCBE-4ADC47-422F52-8JUH86-TKBXK7-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

3º. Os autobuses que dean servizo aos establecementos ou institucións situados na zona de baixas emisións.

4º. Os vehículos autotaxi.

5º. Os vehículos turismo de arrendamento con condutor.

6º. Os vehículos de empresas, sexan estas persoas físicas ou xurídicas, e de profesionais que presten servizos ou entreguen ou recollan subministracións.

7º. Os vehículos que indiquen quen dispoña, en calidade de propietarios, usufrutuarios ou por calquera outro título, de prazas de aparcamento particulares.

8º. Os vehículos que accedan aos talleres de reparación de vehículos.

9º. Os vehículos necesarios para a realización de ocupacións e actos na vía pública autorizados polo Concello de Vigo.

10º. Vehículos que accedan á zona de baixas emisións para acceder a servizos públicos de saúde ou para deixar ou recoller alumnos de educación infantil e primaria así como aos alumnos de secundaria, cuxas necesidades así o esixan.

11º. Vehículos de persoas traballadoras de establecementos do interior das zonas de baixas emisións con horario nocturno, cando o horario de entrada ou saída do lugar de traballo estea comprendido entre as cero horas e as sete horas e trinta minutos, no expresado lapso de tempo.

12º. Os restantes vehículos, unicamente para estacionar nun aparcamento de uso público ou privado, na zona de estacionamento limitado e controlado en superficie mediante parquímetros, ou por reserva de estacionamento, situados no interior da zona de baixas emisións.

Entenderase comprendido neste ordinal, en todo caso, o acceso ás reservas de estacionamento hoteleiras exclusivamente para a actividade de control e saída de clientes.

Artigo 9 Carga e descarga de mercadorías.

1. A actividade de carga e descarga de mercadorías no interior das zonas de baixas emisións axustarase á vixente ordenanza municipal reguladora das operacións de carga e descarga de mercadorías nas vías urbanas publicada no Boletín oficial da Provincia de Pontevedra de 23 de xuño de 2008, coas particularidades establecidas na presente ordenanza.

2. No horario habilitado conforme á ordenanza municipal de carga e descarga para a realización da actividade, permítese o acceso e circulación unicamente co expresado propósito.

3. Aos mesmos efectos do exercicio da actividade de carga e descarga no interior das zonas de baixas emisións, permítese a utilización de motocicletas, ciclomotores, vehículos de tres rodas asimilables a ciclomotores ou a motocicletas ciclos, bicicletas e vehículos de mobilidade persoal.

A utilización desta clase de vehículos coa expresada finalidade non está suxeita ao horario establecido para a actividade de carga e descarga.

CAPÍTULO III

Artigo 10 Sistema de Xestión de Accesos.

1. As autorizacións reguladas nos artigos 7, 8 e 9 quedan sometidas en canto á súa obtención ao réxime xeral de declaración responsable establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

2. As autorizacións do artigo 7 terán unha duración permanente, a salvo o cambio de circunstancias que determinaron conforme á presente ordenanza a súa obtención.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 01/07/2026 11:51

Páxina 61 de 88

5515-1101

CSV: ABBCBE-4ADC47-422F52-8JUH86-TKBXK7-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

3. As autorizacións dos ordinais 1º a 7º, 10º e 11º do artigo 8, e as do artigo 9 terán unha duración de tres anos, sen prexuízo de sucesivas prórrogas, condicionada ó mantemento das circunstancias que determinaron conforme á presente ordenanza a súa obtención.

4. As autorizacións dos ordinais 8º, 9º e 12º do artigo 8 terán a duración que resulte do tempo indispensable para a realización do motivo de acceso ou o exercicio da actividade respectivamente.

5. Non están suxeitas ao réxime de declaración responsable as autorizacións establecidas nos apartados f) e g) do artigo 7.

O seu control corresponderá, en canto resulte pertinente, aos axentes da autoridade encargados da vixilancia do tráfico.

6. Para os efectos de xestión das autorizacións de acceso establecidas na presente ordenanza, no prazo máximo de dous meses desde a data da súa entrada en vigor o órgano competente en materia de xestión das zonas de baixas emisións poñerá ao dispor de todas as persoas interesadas, na sede electrónica do Concello de Vigo, unha aplicación informática gratuíta que permita para todo tipo de soportes electrónicos de comunicación o acceso á súa regulación legal, e realizar cantas xestións precisen sobre o réxime de acceso e utilización das mesmas.

A aplicación responderá por deseño e operatividade aos principios de simplicidade e accesibilidade de uso, e de mínima carga administrativa, asegurando o seu uso intuitivo e priorizando a automatización dos procedementos.

7. En idéntico prazo do apartado anterior e aos mesmos efectos, poñerase ao dispor dos interesados o modelo normalizado de presentación das declaracións responsables, que será obrigatorio conforme ao establecido no artigo 66 da Lei 39/2015.

Artigo 11 Sinalización das zonas de baixas emisións.

A sinalización das zonas de baixas emisións axustarase ao establecido para ese efecto no artigo 14 do Real Decreto 1052/2022.

Artigo 12 Etiqueta ambiental.

Por razóns de inmediatez e dispoñibilidade continuada para todas as persoas interesadas do sistema de control da cualificación ambiental de todos os vehículos rexistrados no Rexistro de Vehículos da Dirección Xeral de Tráfico, non se establece a obrigatorioidade da utilización das correspondentes etiquetas ambientais reguladas no Real Decreto 2822/1998 do 23 de decembro polo que se aproba o Regulamento Xeral de Vehículos.

Artigo 13 Sistema de vixilancia e control.

O control do cumprimento das disposicións desta ordenanza respecto ao acceso de vehículos ás zonas de baixas emisións da cidade realizarase mediante a aplicación informática do artigo 10.6 combinada con dispositivos automáticos de lectura de matrículas de captación de imaxes, tales como cámaras dotadas de lector OCR, foto-vermello ou medios tecnolóxicos similares, con suxeición ao disposto na Disposición Adicional Oitava da Lei Orgánica 4/1997, do 4 de agosto, pola que se regula a utilización de videocámaras polas forzas e corpos de seguridade en lugares públicos en relación coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Privados e garantía dos dereitos dixitais; iso sen prexuízo dos controis realizados polos axentes da Policía Local encargados da vixilancia do tráfico.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2026 11:51	Páxina 62 de 88
5515-1101	CSV: ABBCBE-4ADC47-422F52-8JUH86-TKBXK7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Para ese efecto estarase ao disposto no Proxecto Técnico aprobado pola Xunta de Goberno Local do 19 de decembro de 2025.

CAPÍTULO IV

Artigo 14 Creación da Estratexia Vigo ECODRIVING 2030.

1. Con data límite de 31 de agosto de 2028 a Xunta de Goberno Local aprobará un plan de actuación, Estratexia Vigo ECODRIVING 2030, co obxectivo de trabar na xestión global da mobilidade unha relación de obrigada identidade entre os parámetros de circulación vinculados á seguridade, fluidez, comodidade e economía dos desprazamentos, e os que correspondan establecer para contribuír á consecución dos obxectivos previstos no artigo 3 e concordantes do Real Decreto 1052/2022 e na Directiva (UE) 2024/2881 del Parlamento Europeo y del Consejo, de 23 de octubre de 2024, sobre calidade do aire ambiente e unha atmósfera máis limpa en Europa (versión refundida), derivadas do mesmo feito da circulación de vehículos a motor.
2. A Estratexia Vigo ECODRIVING 2030 resultará de aplicación en todo o termo municipal para persoas condutoras, viandantes, ciclistas e persoas usuarias do transporte público que circulen polas vías urbanas.

Artigo 15 Principios xerais.

1. A realización dos obxectivos previstos no apartado 1 do artigo anterior procurarase, como mínimo, a través dos seguintes medios:
- a. Fomentando o uso xeneralizado das aplicacións C-ITS xa dispoñibles no centro de xestión da mobilidade do Concello, que permita a conducción máis eficiente posible e que as persoas condutoras avalíen esa conducción cun sistema de rating.
 - b. Dispoñendo aos órganos xestores da mobilidade a monitorizar, verificar e demostrar a mellora agregada en emisións derivada da devandita conducción máis eficiente, valéndose para ese efecto das mellores técnicas dispoñibles en cada momento.
 - c. Habilitando incentivos aos condutores que demostren unha conducción máis eco-eficiente e baixa en emisións derivada dunha conducción máis suave, evitando aceleracións e freadas bruscas.
 - d. Mellorando a eficiencia dos medios de transportes e mobilidade máis sostibles.
2. Á vista dos resultados obtidos, os incentivos aos condutores eco-eficientes poderán traducirse, entre outros beneficios, en redución de taxas municipais, bonificación para uso en estacionamento regulado de superficie ou acceso ás ZBE, independentemente da etiqueta ambiental do vehículo.
3. Na súa concepción, deseño, implantación e aplicación a Estratexia Vigo ECODRIVING 2030 resultará esencialmente respectuosa coa normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

CAPÍTULO V

Artigo 16 Réxime sancionador.

1. As accións e omisións contrarias ao disposto na presente ordenanza serán constitutivas de infracción nos casos establecidos no Texto Refundido da Lei de Tráfico,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2026 11:51	Páxina 63 de 88
5515-1101	CSV: ABBCBE-4ADC47-422F52-8JUH86-TKBXK7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Circulación de vehículos de motor e seguridade viaria aprobado polo Real Decreto Lexislativo 6/2015.

Axustarase tamén á lexislación de tráfico o procedemento para seguir para a determinación das correspondentes responsabilidades, así como a imposición das sancións a que houbese lugar.

2. Sen prexuízo do establecido no apartado anterior, o incumprimento do réxime de declaración responsable para o acceso ás zonas de baixas emisións axustarase ao establecido no artigo 69 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A estes mesmos efectos, establécese nun ano o tempo de prohibición para instar un novo exercicio da actividade de acceso.

Disposición adicional primeira. Precedencia dos obxectivos establecidos no Proxecto Técnico.

A efectiva consecución e mantemento dos obxectivos relativos á mellora da calidade do aire e mitigación do cambio climático, exposición ao ruído, cambio a modos de mobilidade máis sostibles e promoción da eficiencia enerxética establecidos no Proxecto Técnico de 19 de decembro de 2025 condicionarán o mantemento, modificación ou supresión das medidas de regulación establecidas na ordenanza.

Disposición adicional segunda. Actuacións no eido da distribución urbana de mercadorías.

Á vista da entrada en vigor da Lei 9/2025 de 3 de decembro de Mobilidade Sostible, no prazo de seis meses desde a entrada en vigor da presente ordenanza a Xunta de Goberno Local impulsará en colaboración coas asociacións representativas da actividade do transporte urbano de mercadorías, actuacións conducentes a analizar e avaliar a adecuación do sistema actual ás necesidades dunha mobilidade sostible para unha economía igualmente sostible (art. 2 da Lei 2/2011, do 4 de marzo, de Economía Sostible).

Disposición adicional terceira. Criterios para a aplicación progresiva e atenuada en cada fase.

A efectos do establecido no apartado 3 do artigo 3, o órgano municipal competente en materia de xestión das zonas de baixas emisións facilitará ou enviará ás persoas titulares dos vehículos que fosen detectados, unha comunicación de carácter meramente informativo co seguinte contido mínimo:

- a) As razóns que motivaron a regulación da respectiva zona de baixas emisións nese ámbito concreto.
- b) A data prevista para a súa efectiva operatividade.
- c) O tipo de sanción e contía da multa a partir da posta en funcionamento efectivo do sistema de control da zona de baixas emisións.
- d) A necesidade de protexer a saúde e a seguridade das persoas así como do resto de obxectivos das zonas de baixas emisións.
- e) A dirección web en que se atopa dispoñible a información da súa regulación.

Disposición adicional cuarta. Medios de implantación do VIGO ECO-DRIVING 2030.

A aprobación do programa VIGO ECO-DRIVING 2030 non implicará incremento da asignación orzamentaria nin modificación da dotación actual dos postos de traballo



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2026 11:51	Páxina 64 de 88
5515-1101	CSV: ABBCBE-4ADC47-422F52-8JUH86-TKBXK7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2026 11:51	Páxina 65 de 88
5515-1101	CSV: ABBCBE-4ADC47-422F52-8JUH86-TKBXK7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Rúa do Gaiteiro Ricardo Portela

Avenida de Beiramar

Está conformada por un perímetro lonxitudinal de 3,7 km, cunha superficie de 39 ha. Dispón de 14 vías de entrada, e de 10 vías de saída.

ZBE Plaza Portugal:

Rúa de Urzaiz

Rúa de Lepanto


Rúa de Alfonso XIII

Rúa Uruguai

Rúa República Argentina

Rúa Cervantes

A ZBE está configurada por 3 vías de entrada e 4 vías de saída. O seu perímetro é de 1,1km, cunha superficie de 4 ha.



ZBE Calvario:

Rúa Jenaro de la Fuente

Avenida Martínez Garrido

Rúa Palencia

Rúa do Doutor Carracido



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 01/07/2026 11:51

Páxina 66 de 88


5515-1101

CSV: ABBCBE-4ADC47-422F52-8JUH86-TKBXK7-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Rúa José Antela Conde
Rúa de Andalucía
Rúa de San Roque
Rúa Gregorio Espino

O perímetro da ZBE Calvario é de 2 km, cunha superficie de 14 ha. A configuración de accesos ven dada por 6 vías de entrada e 7 vías de saída.



ZBE Bouzas:

Rúa de Paz Andrade
Rúa Eduardo Cabello
Avenida Beiramar
Rúa Simancas
Rúa Camilo Veiga
Avenida da Atlántida
Rúa Casiano Martínez

O perímetro da ZBE ten unha lonxitude de 2km, cunha superficie de 17 ha. En canto aos accesos, dispón de 9 vías de entrada e 5 vías de saída.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2026 11:51	Páxina 67 de 88
5515-1101	CSV: ABBCBE-4ADC47-422F52-8JUH86-TKBXK7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



***.- Incidencia.** Neste intre, en cumprimento de acordo plenario, e a iniciativa da Presidencia, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da “violencia machista”.

***.- Incidencia.** Sendo as 10:40 horas, incorpórase ao Salón de Plenos a Primeira Tenente de Alcalde, Sra. Silva Rego; e auséntanse do mesmo os concelleiros, Sr. Pardo Espiñeira e Sr. Aneiros Pereira, do grupo municipal Socialista. Continúa a sesión co debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e seis (26) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.

MOCIÓNS:

7.(82). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA AO FINANCIAMENTO E O EXERCICIO DE COMPETENCIAS RELACIONADOS COAS PRAIAS E O LITORAL. EXPTE. PLENO 5469/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de maio de 2026, número 5469/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Rodríguez Rodríguez, formula a seguinte,

MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2026 11:51	Páxina 68 de 88
5515-1101	CSV: ABBCBE-4ADC47-422F52-8JUH86-TKBXK7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Outro ano máis, a Xunta de Galicia segue aproveitándose dos concellos, obrigando ás administracións locais a asumir en solitario servizos e competencias que deberían contar cun financiamento autonómico suficiente e digno. No caso de Vigo, esta situación resulta especialmente grave e inxusta.

O Concello de Vigo destina máis de 800.000 euros anuais ao servizo de socorrismo, seguridade e asistencia. Ademáis, nas 56 praias da cidade, asumimos os elevados custos de limpeza, mantemento e reparación dos importantes danos ocasionados polos temporais deste inverno no litoral.

Fronte a este enorme esforzo municipal, a Xunta de Galicia apenas achega 30.000 euros para o ano 2026, unha cantidade absolutamente ridícula e insuficiente para unha cidade como Vigo, referente turístico e costeiro de Galicia.

A situación é aínda máis indignante tendo en conta que a Xunta asumiu novas competencias no litoral galego, pero lonxe de preocuparse polas necesidades reais da cidadanía e pola conservación dos areais, continúa centrando a súa actuación nas concesións privadas e nos intereses económicos, desatendendo aos concellos e descargando sobre eles toda a responsabilidade.

Se non fose polo compromiso e os recursos do Concello de Vigo, moitas praias continuarían sen reparar tras os temporais e sería imposible garantir os niveis de seguridade e atención que merecen veciños, veciñas e visitantes.

Por todo o dito, o grupo municipal do PSdeG-PSOE solicita ao Pleno da Corporación a aprobación dos seguintes:

ACORDOS

- Esixir á Xunta de Galicia que financie, como mínimo, o 50 % do custo do servizo de socorrismo e seguridade das praias de Vigo, acorde coa dimensión e necesidades da cidade.
 - Reclamar á Xunta unha achega extraordinaria inmediata para reparar os danos provocados polos temporais do inverno 2025-2026 no litoral vigués.
- +
- Instar ao Goberno galego a asumir de maneira real as súas competencias no litoral, priorizando a protección das praias, a seguridade e os servizos públicos fronte ás concesións privadas e aos intereses económicos

Mediante escrito presentado no Rexistro Electrónico do Pleno con data de entrada do 22 de maio de 2026, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, formula emenda de adición que consta no expediente electrónico número 5479/1101.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

A concelleira do grupo municipal do Partido Socialista, Sra. Rodríguez Rodríguez, poñente da moción, non acepta a emenda de adición formulada polo voceiro do grupo municipal do BNG (5479/1101).

VOTACIÓN:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2026 11:51	Páxina 69 de 88
5515-1101	CSV: ABBCBE-4ADC47-422F52-8JUH86-TKBXK7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- **Votos a favor:** vinte (20), dos membros presentes do grupo municipal Socialista (17), señoras e señores, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, mais tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.
- **Votos en contra:** cinco (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.
- **Abstencións:** Non houbo

ACORDO:

Con vinte (20) votos a favor, dos membros presentes do grupo municipal Socialista (17) e mais tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo:

Aprobar a Moción presentada, en data 20.05.2026 (Rex. Nº 5469/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Rodríguez Rodríguez, "*Demandando da Xunta de Galicia e da Deputación de Pontevedra a financiación de novas rutas dende o Aeroporto de Vigo*", e cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

***.- Incidencia.** Sendo as 10:59 horas, auséntase do Salón de Plenos o Sr. Alcalde-Presidente, pasando a presidir a Sesión a Primeira Tenente de Alcalde, Sra. Silva Rego; incorporándose á sesión o concelleiro, Sr. Pardo Espiñeira, do grupo municipal Socialista. Continúa a sesión co debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e cinco (25) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.

8.(83). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA E Á DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA A COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DOS COLECTORES DO ESTADIO DE BALAIÓDOS. EXPTE. PLENO 5466/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de maio de 2026, número 5466/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Pardo Espiñeira, formula a seguinte,

MOCIÓN

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vigo será SEDE do Mundial de fútbol 2030. Tras un escándalo sen precedentes, impulsado por quen pretende apartar a Vigo do Mundial 2030 a toda costa, e tras a renuncia de Málaga e A Coruña, o presidente da RFEF, anunciou publicamente a finais do pasado mes de abril, que xa solicitou á FIFA que Vigo e Valencia sexan designadas como sedes.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2026 11:51	Páxina 70 de 88
5515-1101	CSV: ABBCBE-4ADC47-422F52-8JUH86-TKBXK7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A consistencia do proxecto desta cidade superou todas as trabas, e durante todo este tempo dende o Concello de Vigo seguimos traballando con toda a rigorosidade que demanda un proxecto desta envergadura, así, a día de hoxe, o execución das obras para a nova grada de Gol, identifica un avance moi importante en relación a execución do cronograma presentado ante a RFEF para a Candidatura de Vigo.

Como xa se veu informando, o proxecto presentado na Candidatura de Vigo inclúe a reforma da grada de Tribuna co cal se garanten o aforo de 43.000 espectadores requirido por FIFA. Este proxecto atópase nunha fase de avance moi importante, e para a garantía de execución deste proxecto, requirise da execución dalgunhas actuacións complementarias. A primeira delas é a execución dunha obra de modificación duns colectores paralelos á actual grada de tribuna de Balaidos de tal maneira que a súa nova situación poida garantir compatibilidade das infraestruturas hidráulicas coa nova ordenación prevista para a ampliación da Grada de Tribuna no Estadio de Balaidos. Esta obra será executada por Aqualia, con cargo ao Plan de Investimentos 2026-2030, cun orzamento de 2.821.994 euros (antes de IVE), tal como se recolle no acordo da aprobado pola Xunta de Goberno Local na sesión do pasado 24 de abril de 2026.

Ante a importancia destas actuacións, o pasado mes de outubro de 2025, o Alcalde de Vigo remitiulle, tanto o Presidente da Xunta de Galicia, como Presidente da Deputación de Pontevedra, unha carta sobre a necesidade de desenvolver os mecanismos necesarios para garantir a cofinanciación conxunta do proxecto da Candidatura de Vigo o Mundial de fútbol 2030. A dito requirimento, con data 5 de novembro de 2025 recíbese contestación do Conselleiro de Presidencia de la Xunta de Galicia, nal cal se reiterase o compromiso adquirido dende o Consello da Xunta de Galicia no ano 2022, resaltando que esta segue sendo a postura da Xunta de Galicia, e identificando a condición de que a colaboración económica será establecida ..."nos estadios que sexan confirmado como sede do Mundial..."

A vista do anuncio realizado polo Presidente da RFEF, o proxecto de Vigo adquire a condición de proxecto SEDE de España o Mundial 2030, polo cal, se require dunha implicación directa por parte da Xunta de Galicia e da Deputación Provincial de Pontevedra no proxecto de Vigo a través da cofinanciación conxunta das obras de RETRANQUEO DOS COLECTORES PARALELOS Á GRADA DE TRIBUNA, necesarias para garantir unha adecuada execución do proxecto de ampliación desta grada.

Por todo o dito, o grupo municipal do PSdeG-PSOE solicita ao Pleno da Corporación a aprobación dos seguintes:

ACORDOS

- Instar a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial de Pontevedra a cofinanciación conxunta co Concello de Vigo (financiando cada administración un terzo do custo total) para a execución das obras "RETRANQUEO DOS COLECTORES PARALELOS Á GRADA DE TRIBUNA DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS". Obra que forma parte da reforma da grada de Tribuna para o Mundial de Fútbol do ano 2030."

Mediante escrito presentado no Rexistro Electrónico do Pleno con data de entrada do 21 de maio de 2026, a voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Sánchez Méndez, formula emenda de substitución que consta no expediente electrónico número 5478/1101.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2026 11:51	Páxina 71 de 88
5515-1101	CSV: ABBCBE-4ADC47-422F52-8JUH86-TKBXK7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Mediante escrito presentado no Rexistro Electrónico do Pleno con data de entrada do 22 de maio de 2026, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, formula emenda de substitución que consta no expediente electrónico número 5480/1101.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

O voceiro do grupo municipal do Partido Socialista, Sr. López Font, poñente da moción, non acepta as emendas de substitución formuladas pola voceira do grupo municipal do Partido Popular (5478/1101) e polo voceiro do grupo municipal do BNG (5480/1101).

VOTACIÓN:

- **Votos a favor:** dezasete (17), dos membros presentes do grupo municipal Socialista (17), señoras e señores, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia.
- **Votos en contra:** cinco (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.
- **Abstencións:** tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.

ACORDO:

Con dezasete (17) votos a favor, dos membros presentes do grupo municipal Socialista, cinco (5) votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular e tres (3) abstencións dos membros do grupo municipal do BNG, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo:

Aprobar a Moción presentada, en data 20.05.2026 (Rex. Nº 5466/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Pardo Espiñeira, "*Instando a Xunta de Galicia e da Deputación de Pontevedra o cofinanciamento das obras dos colectores do Estadio de Balaidos*", e cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

***.- Incidencia.** Sendo as 11:20 horas, incorpórase ao Salón de Plenos o concelleiro Sr. Aneiros Pereira; e auséntase do mesmo a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, do grupo municipal Socialista. Continúa a sesión co debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e cinco (25) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.

9.(84). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A REFORZAR E FORTALECER A INVERSIÓN NO ENSINO PUBLICO DA CIDADE DE VIGO. EXPTE. PLENO 5467/1101.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2026 11:51	Páxina 72 de 88
5515-1101	CSV: ABBCBE-4ADC47-422F52-8JUH86-TKBXK7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de maio de 2026, número 5467/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suárez, formula a seguinte,

MOCIÓN

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A educación pública constitúe un dos piares fundamentais do Estado do benestar e un dereito esencial que as administracións públicas deben garantir en condicións de equidade, calidade e accesibilidade para toda a cidadanía.

Nos últimos procesos de admisión escolar na nosa cidade, constatouse unha redución de prazas en centros educativos públicos, derivada principalmente da supresión de unidades en etapas como Educación Infantil.

Na última década a Xunta pechou en Vigo 8 centros de Educación Infantil e Primaria e hai 40 aulas menos, a maioría de Educación Infantil.

Esta situación, xustificada pola diminución da natalidade, está a ter como consecuencia unha menor oferta de prazas públicas en determinados centros, mesmo naqueles no que a demanda de prazas supera as ofertadas.

Lonxe de supoñer unha oportunidade para mellorar a calidade educativa, cunha atención máis personalizada ao alumnado, sobre todo o alumnado con necesidades educativas específicas ou especiais, esta diminución de unidades implica na práctica un enfraquecemento progresivo da rede pública de ensino, limitando ademais o dereito das familias para elixir centro educativo.

Por todo iso, resulta necesario que as administracións públicas adopten medidas que reforcen a educación pública e eviten calquera retroceso na súa oferta.

Polo tanto, o grupo municipal do PSdeG-PSOE solicita ao Pleno da Corporación a aprobación do seguintes

ACORDOS

1. Instar á Xunta de Galicia a reforzar e fortalecer a inversión no ensino público da cidade de Vigo.

2. Instar á Xunta de Galicia a:

- Manter as unidades educativas existentes nos centros públicos vigueses.
- Reforzar as plantillas docentes e os servizos de orientación, atención á diversidade e apoio educativo.
- Apostar por unha educación pública inclusiva, coeducativa e de calidade.

3. Reprobar ao Conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional polo desmantelamento do ensino público galego."

Mediante escrito presentado no Rexistro Electrónico do Pleno con data de entrada do 22 de maio de 2026, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, formula emenda de substitución e adición, que consta no expediente electrónico número 5481/1101.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2026 11:51	Páxina 73 de 88
5515-1101	CSV: ABBCBE-4ADC47-422F52-8JUH86-TKBXK7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

A concelleira do grupo municipal do Partido Socialista, Sra. Alonso Suárez, poñente da moción, non acepta a emenda de substitución e de adición formulada polo voceiro do grupo municipal do BNG (5481/1101).

VOTACIÓN:

- Votos a favor:** vinte (20), dos membros presentes do grupo municipal Socialista (17), señoras e señores, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e mais tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.
- Votos en contra:** cinco (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.
- Abstencións:** Non houbo.

ACORDO:

Con vinte (20) votos a favor, dos membros presentes do grupo municipal Socialista (17), mais tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, e cinco (5) votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo:

Aprobar a Moción presentada, en data 20.05.2026 (Rex. Nº 5467/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suárez, *"Instando a Xunta de Galicia a reforzar e fortalecer a inversión no ensino público da cidade de Vigo"*, e cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

***.- Incidencia.** Sendo as 11:55 horas, incorpórase ao Salón de Plenos a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, e auséntase o concelleiro, Sr. Pardo Espiñeira, ambos do grupo municipal Socialista. Continúa a sesión co debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e cinco (25) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.

10.(85). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DEMANDANDO DA XUNTA DE GALICIA E DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA A FINANCIAMENTO DE NOVAS RUTAS DENDE O AEROPORTO DE VIGO. EXPTE. PLENO 5465/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de maio de 2026, número 5465/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Aneiros Pereira, formula a seguinte,

MOCIÓN



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2026 11:51	Páxina 74 de 88
5515-1101	CSV: ABBCBE-4ADC47-422F52-8JUH86-TKBXK7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O aeroporto de Vigo é o aeroporto con maior intensidade de tráfico de viaxeiros de Galicia grazas ao pulo da economía, do turismo e da poboación asentada nunha área metropolitana que supera o medio millón de habitantes e nunha zona de influencia de case que oitocentos mil habitantes nas Rías Baixas.

Esta poboación se atopa nun radio dos cincuenta kilómetros dende o aeroporto e que chega ata os cen kilómetros ou máis, polo que o aeroporto de Vigo non é de carácter estritamente local senón que pasa a ter carácter supramunicipal.

Calquera que tome un avión en Peinador ou veña nunha liña hacia a nosa cidade pode comprobar que os avións veñen completos e cunha mezcla de perfís que combinan o desplazamento por traballo ou negocios, co turismo ou co retorno a casa familiar de quen ten unha parte da súa vida fóra de Galicia.

Este perfil sociolóxico e socioeconómico pon de manifesto a importancia dun medio de transporte que, entre 45 e 90 minutos, nos conecta con Madrid, Barcelona, Bilbao, Málaga, Palma, Sevilla, Tenerife, Valencia ou mesmo con outras cidades de Europa como Paris, Londres,...

Ás empresas da nosa contorna atraen unha boa parte das persoas que se desplazan ás industrias do peixe, do naval, da automoción ou doutros sectores industriais. Pero, tamén máis recentemente, a un sector que empeza a gañar peso na economía da cidade, como é o sector servicios e hotelero. A elo se une a necesidade das persoas de viaxar por motivos familiares e, por suposto, de lecer.

Resulta, pois, necesario que a Xunta de Galicia, como Administración con competencia supramunicipal, potencie ao noso tecido socioeconómico favorecendo e apoiando o establecemento de novas conexións, nacionais e internacionais, pero tamén de maiores frecuencias.

A información pública do compromiso asumido pola Xunta de Galicia é que colaborará con 100.000 euros por cada nova ruta que se implante no aeroporto, cun máximo de dous pero reclama que se sumen novos financiadores públicos para facer publicidade en destino.

Esto significa que, como máximo, adicaría 600.000 euros en toda Galicia para mellorar as conexións aéreas cando a suma dos orzamentos de todas as Consellerías, Organismos Autónomos ou Sociedades públicas conta con millóns de euros para publicidade que se gasta, por exemplo, en promocionar que herdar en Galicia é barato ou que nun programa da TVG ven un famoso ou famosa.

Por todo o dito, o grupo municipal do PSdeG-PSOE solicita ao Pleno da Corporación a aprobación dos seguintes

ACORDOS

- Demandar da Xunta de Galicia e da Deputación de Pontevedra a financiación das novas rutas, a través da contratación de publicidade, coas aeroliñas que operen a e dende o aeroporto de Vigo.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 01/07/2026 11:51

Páxina 75 de 88

5515-1101

CSV: ABBCBE-4ADC47-422F52-8JUH86-TKBXK7-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

- Igualmente, a transferencia de recursos na contía dun terzo por parte da Xunta de Galicia e doutro terzo por parte da Deputación de Pontevedra do custo daquelas nova rutas que o Concello de Vigo acorde.”

Mediante escrito presentado no Rexistro Electrónico do Pleno con data de entrada do 21 de maio de 2026, a voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Sánchez Méndez, formula emenda de substitución que consta no expediente electrónico número 5477/1101.

Mediante escrito presentado no Rexistro Electrónico do Pleno con data de entrada do 22 de maio de 2026, o concelleiro do grupo municipal do BNG, Sr. Aneiros Pereira, formula emenda de supresión e adición que consta no expediente electrónico número 5482/1101.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

O concelleiro do grupo municipal do Partido Socialista, Sr. Aneiros Pereira, poñente da moción, non acepta as emendas de substitución formulada pola voceira do grupo municipal do Partido Popular (5477/1101) e de supresión e adición formuladas polo voceiro do grupo municipal do BNG (5482/1101).

VOTACIÓN:

- **Votos a favor:** dezasete (17), dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia.
- **Votos en contra:** oito (8) dos membros do grupo municipal do Partido Popular (5), señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez e mais tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.
- **Abstencións:** Non houbo.

ACORDO:

Con dezasete (17) votos a favor, dos membros presentes do grupo municipal Socialista, e oito (8) votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular (5), mais tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo:

Aprobar a Moción presentada, en data 20.05.2026 (Rex. Nº 5465/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Aneiros Pereira, *"Demandando da Xunta de Galicia e da Deputación de Pontevedra o financiamento de novas rutas dende o Aeroporto de Vigo"*, e cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

***.- Incidencia.** Sendo as 12:00 horas, incorpórase ao Salón de Plenos o concelleiro Sr. Pardo Espiñeira, do grupo municipal Socialista. Continúa a sesión co debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e seis (26) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2026 11:51	Páxina 76 de 88
5515-1101	CSV: ABBCBE-4ADC47-422F52-8JUH86-TKBXK7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

11.(86). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA RECLAMANDO QUE O PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA SE DESCULPE POR IGNORAR O FENÓMENO TURÍSTICO DA CIDADE DE VIGO. EXPTE. PLENO 5468/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de maio de 2026, número 5468/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O presidente Rueda ignora de maneira sistemática á cidade de Vigo. A falta de compromiso coas inversións solicitadas desde o Concello acumulou unha débeda histórica xa superior aos 3.000 millóns de euros, que, lonxe de comprometerse a asumir, continúa incrementándose ano tras ano.

Vigo converteuse nos últimos anos no fenómeno turístico máis importante de España e o goberno da Xunta non prestou o máis mínimo apoio económico e, o que é peor, ignorouno nunha clara mostra de desatención á cidade máis importante de Galicia.

O anterior quedou demostrado de maneira notoria na última visita do presidente Rueda a China, na que mantivo un encontro con operadores turísticos chineses e resaltou expresamente as catro principais razóns para animar a visitar Galicia.

Entre elas non houbo nin unha soa referencia ao que significa hoxe Vigo na demanda turística non só nacional, senón tamén mundial. É evidente que o presidente Rueda debería ter feito mención expresa a Vigo e a todos os eventos que ao longo do ano atraen a decenas de miles de visitantes á nosa cidade.

Pero tamén na publicidade institucional, masiva e reiterada da Xunta, a consigna do goberno de Rueda é ignorar á cidade de Vigo. Como mostra, o exemplo recente da publicidade institucional con motivo do Día das Letras Galegas, titulada *UNHA LINGUA*, unha composición na que se identifican as principais cidades galegas e na que non ten cabida ningunha referencia á cidade de Vigo.

Por todo o dito, o grupo municipal do PSdeG-PSOE solicita ao Pleno da Corporación a aprobación dos seguintes

ACORDOS

- Reclamar que o Presidente da Xunta de Galicia se desculpe por ignorar de maneira reiterada a cidade de Vigo á hora de enxalzar e poñer en valor o fenómeno turístico da cidade de Vigo."

Mediante escrito presentado no Rexistro Electrónico do Pleno con data de entrada do 22 de maio de 2026, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, formula emenda de substitución que consta no expediente electrónico número 5483/1101.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2026 11:51	Páxina 77 de 88
5515-1101	CSV: ABBCBE-4ADC47-422F52-8JUH86-TKBXK7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

O voceiro do grupo municipal do Partido Socialista, Sr. López Font, poñente da moción, non acepta a emenda de substitución formulada polo voceiro do grupo municipal do BNG (5483/1101).

VOTACIÓN:

- Votos a favor:* dezaioito (18), dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia.
- Votos en contra:* oito (8) dos membros do grupo municipal do Partido Popular (5), señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez e mais tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.
- Abstencións:* Non houbo.

ACORDO:

Con dezaioito (18) votos a favor, dos membros presentes do grupo municipal Socialista, e oito (8) votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular (5), mais tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo:

Aprobar a Moción presentada, en data 20.05.2026 (Rex. Nº 5468/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, *"Reclamando que o Presidente da Xunta de Galicia se desculpe por ignorar o fenómeno 00turístico da cidade de Vigo"*, e cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

PARTE DE CONTROL

MOCIÓNS.

12.(87). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG EN REXEITAMENTO Á CELEBRACIÓN DO DESFILE DAS FORZAS ARMADAS EN VIGO E DEMANDA DE TRANSPARENCIA SOBRE O SEU IMPACTO E CUSTES. EXPTE. PLENO 5463/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de maio de 2026, número 5463/1101, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, formula a seguinte,

MOCIÓN

"EN REXEITAMENTO Á CELEBRACIÓN DO DESFILE DAS FORZAS ARMADAS EN VIGO E DEMANDA DE TRANSPARENCIA SOBRE O SEU IMPACTO E CUSTES"

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O vindeiro 30 de maio está prevista a celebración en Vigo do Desfile das Forzas Armadas promovido polo Ministerio de Defensa. Trátase dun acto de marcado carácter



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2026 11:51	Páxina 78 de 88
5515-1101	CSV: ABBCBE-4ADC47-422F52-8JUH86-TKBXK7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

militarista e de exaltación española que resulta alleo ás prioridades e necesidades reais das viguesas e vigueses.

Un desfile que se vai desenvolver ademais nun contexto internacional atravesado pola escalada bélica, o aumento do gasto militar e do crecente uso da guerra como instrumento político ao servizo do Imperialismo, perante o que unha ampla maioría da cidadanía viguesa ten expresado e reiterado o seu compromiso histórico coa paz, coa resolución dialogada dos conflitos e co principio inequívoco do “non á guerra”. A celebración dun desfile militar nas rúas de Vigo supón unha mensaxe política incompatíbel coa defensa dunha cultura de paz, convivencia e cooperación entre os pobos desde o respecto á soberanía e os dereitos humanos.

Vigo é unha cidade obreira, aberta e solidaria, que non precisa converter o seu espazo público nun escaparate de exhibición militar nin nun escenario de propaganda española. O desfile pretende proxectar unha visión uniformizadora do Estado español e utilizar a nosa cidade como plataforma de exaltación simbólica dunha determinada idea de España que non representa a pluralidade nacional, social e cultural existente no Estado.

Ademais, este acto será presidido por unha monarquía carente de lexitimidade democrática e gravemente cuestionada por numerosos escándalos de corrupción. Resulta inaceptábel que se pretenda converter Vigo nun espazo de homenaxe e promoción dunha institución arcaica e anacrónica.

O desfile suporá un dos maiores despregamentos militares realizados na Galiza nas últimas décadas, coa participación de máis de 3.200 efectivos dos exércitos de Terra, Aire e Armada, ademais da Garda Civil e da UME. O operativo incluírá máis dun cento de vehículos militares —entre eles carros de combate Leopard, Pizarro e o novo Dragón 8x8—, 34 motocicletas, 30 aeronaves de caza (entre eles Eurofighter ou F-18), 16 de transporte e 25 helicópteros e unha ampla exhibición naval e aérea ao longo de toda a ría e do litoral de Samil, cun evidente e innecesario impacto ambiental.

Cómpre tamén denunciar os importantes impactos negativos que a organización deste desfile está a provocar desde hai semanas para a veciñanza de Vigo. A ocupación de instalacións deportivas municipais para uso militar, as restricións de mobilidade e as afeccións ao funcionamento normal da cidade están a xerar molestias e prexuízos directos para milleiros de viguesas e vigueses.

Especialmente grave é a utilización de equipamentos públicos destinados á práctica deportiva e ao servizo da cidadanía para necesidades loxísticas vinculadas ao desfile. A suspensión de actividades, o peche temporal de instalacións e a alteración do funcionamento habitual de ximnasios, pavillóns municipais ou as pistas de atletismo supoñen un prexuízo inxustificado para as persoas usuarias, que continúan pagando cotas por servizos que non poden utilizar con normalidade, e tamén para os propios clubs que vén reducida a súa posibilidade de adestramento.

A todo isto engádese a ausencia de transparencia sobre o impacto económico real deste evento. O Goberno municipal negouse até o momento a informar con detalle dos custos directos e indirectos que asumirá o Concello de Vigo derivados da organización do desfile: dispositivos especiais de seguridade e limpeza, horas extraordinarias, mobilización de servizos municipais, adecuación de espazos públicos, afectacións á mobilidade ou cesión de instalacións, entre outros.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2026 11:51	Páxina 79 de 88
5515-1101	CSV: ABBCBE-4ADC47-422F52-8JUH86-TKBXK7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Nun momento no que existen importantes necesidades sociais e urbanas pendentes de atender na cidade —como o acceso á vivenda, a mellora dos servizos públicos ou o alargamento de políticas sociais— resulta socialmente inxusto destinar recursos públicos a financiar ou facilitar un acto destas características.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do BNG somete á consideración do Pleno do Concello de Vigo a adopción dos seguintes:

ACORDOS

Primeiro.- O Pleno do Concello de Vigo expresa o seu rexeitamento á celebración do desfile das Forzas Armadas previsto para o próximo 30 de maio na cidade, por considerar que constitúe un acto de exaltación española e militarista incompatíbel coa defensa dunha cultura de paz e co principio do “non á guerra”.

Segundo.- Instar ao Goberno municipal a adoptar medidas de compensación para a veciñanza afectada polas consecuencias derivadas da organización do desfile e, nomeadamente, pola utilización de instalacións deportivas e equipamentos públicos municipais para fins militares e loxísticos, procedendo á devolución proporcional das cotas abonadas polas usuarias e usuarios de ximnasios municipais, pavillóns e demais instalacións afectadas por peches, suspensións de actividade ou limitacións derivadas da celebración do desfile.

Terceiro.- Demandar ao Goberno municipal que informe ao Pleno de maneira detallada e desagregada de todos os custos, directos e indirectos, asumidos polo Concello de Vigo derivados da organización do desfile das Forzas Armadas, incluíndo entre outros os gastos en seguridade, limpeza, mobilidade, persoal, adecuación de espazos públicos, cesión de instalacións e calquera outro recurso municipal mobilizado.

Cuarto.- Instar ao Goberno municipal a priorizar o uso dos recursos públicos municipais en políticas sociais, servizos públicos e actuacións de mellora da calidade de vida da veciñanza, fronte á promoción de actos de carácter militarista e propagandístico.

Quinto.- Apoiar e chamar á cidadanía a participar na manifestación nacional convocada pola Plataforma Galiza pola Paz e apoiada por outros colectivos que se desenvolverá na nosa cidade o 30 de maio ás 12 horas desde Vía Norte baixo o lema “Nin guerra, nin OTAN, nin gastos militares. Paz e soberanía. Non ao desfile militar en Vigo!”.

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN:

- Votos a favor: tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.
- Votos en contra: vinte e tres (23) dos membros presentes do grupo municipal Socialista (18), señoras e señores, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e mais cinco (5) dos membros do



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2026 11:51	Páxina 80 de 88
5515-1101	CSV: ABBCBE-4ADC47-422F52-8JUH86-TKBXK7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.

•Abstencións: Non houbo.

ACORDO:

Con tres (3) votos a favor, dos membros do grupo municipal do BNG, e vinte e tres (23) votos en contra, dos membros presentes do grupo municipal Socialista (18) mais cinco (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo:

Rexeitar a Moción presentada, en data 20.05.26 (Rex. Nº 5469/1101), polo voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, "*En rexeitamento á celebración do desfile das Forzas Armadas en Vigo e demanda de transparencia sobre o seu impacto e custes*", e cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

13.(88). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DIANTE DO ESTADO DE ABANDONO QUE PRESENTA A REDE VIARIA MUNICIPAL E PROLIFERACIÓN DE FOCHANCAS. EXPTE. 5464/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de maio de 2026, número 5464/1101, a voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Sánchez Méndez, formula a seguinte,

MOCIÓN

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O estado de conservación do firme nas estradas e camiños municipais de Vigo sufriu un deterioro alarmante nos últimos meses froito da falta de planificación, un investimento manifestamente insuficiente e o abandono continuado ao longo dos 18 anos de Goberno de Abel Caballero, que converteu a Vigo na capital das fochancas.

A proliferación das mesmas na nosas vías de rodaxe é xa unha constante que afecta practicamente a todos os barrios e parroquias da nosa cidade, desde o centro urbano ata o rural, con especial gravidade naquelas zonas máis transitadas.

Unha situación que supón un problema real para a seguridade viaria dos usuarios, multiplicando o risco de accidentes e provocando danos materiais nos vehículos particulares, o que se está a traducir nun aluvión de queixas veciñais. De feito, unha de cada catro reclamacións presentadas ante este Concello están directamente relacionadas co mal estado do asfalto, o que supón unha media de cinco queixas diarias.

Vigueses que cada ano pagan ao Concello do seu peto case que 15 millóns de euros en concepto de imposto de rodaxe pero que ven como deses cartos, só 2,5 millóns se destinan ao mantemento da nosa rede viaria.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2026 11:51	Páxina 81 de 88
5515-1101	CSV: ABBCBE-4ADC47-422F52-8JUH86-TKBXK7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Aínda peor. En 2025 o Goberno de Abel Caballero só gastou 425.000€ dos 2,9 millóns que tiña consignados para conservación de vías e espazos públicos. E tampouco investiu un só euro dos 7,6 millóns anunciados nun plan extraordinario de renovación de firmes. O que nos leva a pensar que os anuncios das últimas semanas van volver quedar en papel mollado froito da incapacidade manifesta deste goberno por executar o que orzamentan e prometen.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta para a súa discusión e aprobación polo Pleno da Corporación os seguintes:

ACORDOS

- 1.- Instar ao Goberno local a incrementar e executar na súa integridade as partidas orzamentarias destinadas ao mantemento e conservación de firmes, pavimentos e outras infraestruturas da nosa rede municipal viaria co obxectivo de achegarnos á media estatal das cidades tanto en gasto por habitante como por quilómetro.
- 2.- Deseñar e executar, de xeito inmediato, un plan de choque de asfaltado e reparación de fochancas que actúe con urxencia nos puntos máis críticos e deteriorados da rede viaria municipal atendendo ás queixas veciñais.
- 3.- Esixir un calendario público e transparente de actuacións por barrios e parroquias, priorizando aquelas zonas que levan máis tempo agardando por unha solución integral do executivo local."

Mediante escrito presentado no Rexistro Electrónico do Pleno con data de entrada do 22 de maio de 2026, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, formula emenda de adición que consta no expediente electrónico número 54841101.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

O concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. González Abeijon, poñente da moción, non acepta a emenda de adición formulada polo voceiro do grupo municipal do BNG (5484/1101).

VOTACIÓN:

- Votos a favor:* cinco (5), dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.
- Votos en contra:* dezasete (17) dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia
- Abstencións:* tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.

ACORDO:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2026 11:51	Páxina 82 de 88
5515-1101	CSV: ABBCBE-4ADC47-422F52-8JUH86-TKBXK7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Con cinco (5) votos a favor, dos membros do grupo municipal do Partido Popular, e dezaoto (18) votos en contra dos membros presentes do Partido Socialista, e tres abstencións dos membros do grupo municipal do BNG, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo:

Rexeitar a Moción presentada, en data 22.05.2026 (Rex. Nº 5464/1101), pola voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Sánchez Méndez, "*Diante do estado de abandono que presenta a rede viaria municipal e proliferación de fochancas*", e cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

RESOLUCIÓNS.

14.(89). DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS ENTRE O 21/04/26 E O 18/05/26, INCLUÍDAS NO EXPEDIENTE 5460/1101.

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas entre o 21/04/26 e o 18/05/26, incluídas no expediente 5460/1101.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións indicadas. O Pleno toma coñecemento das mesmas.

15.(90). DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS, DITADAS ENTRE O 21/04/26 E O 18/05/26, INCLUÍDAS NO EXPEDIENTE 5462/1101.

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións dos concelleiros delegados ditadas entre o 21/04/26 e o 18/05/26, incluídas no expediente 5462/1101.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións indicadas. O Pleno toma coñecemento das mesmas.

16. FORMULACIÓN DE ROGOS.

16.1.(91). Rogo formulado polo concelleiro do BNG, Sr. Abalde Comesña. «Que o Goberno municipal despregue todas as accións necesarias para promover un acordo satisfactorio para o persoal do servizo de recollida do lixo na negociación do convenio e que permita a desconvocatoria da folga que comezou este domingo. ».

16.2.(92). Rogo formulado pola voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra Sánchez Méndez. «ROGAMOS que este goberno municipal informe de por qué non emitiu ningún informe nin requiriu documentación adicional á organización da carreira da cereixa, prevista para este pasado domingo, ata dous meses da petición rexistrada



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2026 11:51	Páxina 83 de 88
5515-1101	CSV: ABBCBE-4ADC47-422F52-8JUH86-TKBXK7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

pola comisión organizadora, derivando na cancelación in extremis por culpa da inexplicable dexación de funcións deste concello».

17. FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

17.1.(93). Pregunta formulada pola concelleira do BNG, Sra. Martínez Piñeiro.«¿Vai atender as demandas veciñais e de colectivos ecoloxistas para evitar o impacto da prolongación do túnel de Elduayen na Oliveira Centenaria situada no paseo de Afonso XII e garantir a súa efectiva protección?».

17.2.(94). Pregunta formulada pola voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Sánchez Méndez. «¿Dado que unha alerta amarela nos esixe a cancelación de actividades ao aire libre, a festa de fin de tempada de clasificación europea do Celta contaba coa correspondente autorización municipal, ou a súa cancelación a última hora debeuse unha vez máis á incompetencia deste goberno municipal á hora de tramitar o papeleo en tempo e forma, como aconteceu coa carreira da cereixa en Beade?».

ANEXO ARCHIVO AUDIOVISUAL

Asunto : Pleno ordinario maio 2026
Legislatura: Mandato 2023-2027
Órgano : Pleno
Fecha Inici: Lunes, 25 de Mayo de 2026 09:12:10
Fecha Fin : Lunes, 25 de Mayo de 2026 13:02:46
Duración : 03:50:36

- HTML

https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos_actas_new.jsp?id=3660

- Media (MASTER)

[1] Video Windows Media, 720p, Stereo, 3.0 GiB
Url -
<https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/zkw903D4Ny2yGK8nVY5fj0T0JtLnTbdGwFYjLL5uiSx9B2Aq.wmv>
SHA512 - 756ba75637d7b296083d0f9a14f4d005fcd81ecb8ad875520c75be29a78db428813f5a691b5da5aec0bab1d61a752f8cafc13854afb75693d241d43e2ba170ad

- Media (PROXYS)

[1] Video H264, 480p, Stereo, 1.4 GiB
Url -
<https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/kIBFjwwbreU1EZzDbZt2dKClIypEFzzL41D1upiD3dckb83C.mp4>
SHA512 - eba95b8b7bad14e4351ef9ed33a94277fd1c2d426f7aaa140815b6176416e30b152921a1b15b9c1504bf70e5e7341da9a86ccbd2c17f431266f5123b8c57c5c92



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2026 11:51	Páxina 84 de 88
5515-1101	CSV: ABBCBE-4ADC47-422F52-8JUH86-TKBXK7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Minutaxe

- 00:00:01 - Asistentes : Caballero Álvarez, Abel; Interventor; Secretario; Silva Rego, Carmen; Espinosa Mangana, Elena; López Font, Carlos; Aguiar Castro, Yolanda; Rivas González, Angel; Alonso Suarez, María Olga; Rodríguez Rodríguez, Nuria; Estévez Rodríguez, Pablo; Lago Barreiro, M.^a del Carmen; Gomez Díaz, Gorka; Iglesias González, Ana Laura; Pardo Espiñeira, Francisco Javier; Caride Estévez, María José; Rodríguez Calviño, Patricia; Aneiros Pereira, Jaime; Mejías Sacaluga, Ana María; Fernández Pérez, Jose Maluel; Iglesias López, Patricia; Sanchez Mendez, Luisa María; Martín Peña, José Miguel; Gonzalez Abeijón, Fernando; García González, Patricia; Benavides Alonso, Daniel; Abalde Comesaña, Filipe; Martínez Piñeiro, Ana; Pérez Iglesias, Xabier.
- 00:00:35 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:00:54 : 1. Actas anteriores: Ordinaria do 27 de abril e extraordinaria do 6 de maio do 2026.
- 00:01:50 : 2. Declaración Institucional do Concello de Vigo de condena á agresión de Israel á Global Sumud Flotilla. Expte. Pleno 5473/1101.
- 00:02:07 - Pérez Iglesias, Xabier
- 00:03:18 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:03:32 - Sanchez Mendez, Luisa María
- 00:03:51 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:03:56 - Silva Rego, Carmen
- 00:05:09 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:06:14 - Votación [9:18:24]
- 00:06:50 : 3. Informe resumo dos resultados do control interno do exercicio 2025; dación de conta. Expt. 103081/140. (Expte. Pleno 5446/1101).
- 00:07:07 - Aneiros Pereira, Jaime
- 00:11:48 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:11:51 - Pérez Iglesias, Xabier
- 00:16:49 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:16:53 - García González, Patricia
- 00:22:03 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:22:09 - Aneiros Pereira, Jaime
- 00:23:57 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:24:04 - Aneiros Pereira, Jaime
- 00:25:15 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:25:25 : 4. Ordenanza de prestacións patrimoniais de carácter público non tributario polo servizo de transporte colectivo urbano de persoas viaxeiras. Aprobación definitiva. Expediente 3302/500. (Expte. Pleno 5455/1101).
- 00:25:40 - Aneiros Pereira, Jaime
- 00:30:02 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:30:06 - Pérez Iglesias, Xabier
- 00:35:11 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:35:14 - Martín Peña, José Miguel
- 00:40:18 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:40:21 - Aneiros Pereira, Jaime
- 00:43:37 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:43:45 - Votación [9:55:54]
- 00:44:15 - Votación [9:56:25]
- 00:44:52 - Votación [9:57:02]
- 00:45:18 : 5. Ordenanza fiscal reguladora do recargo municipal sobre o imposto galego sobre as estadias turísticas. Aprobación



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 01/07/2026 11:51

Páxina 85 de 88

5515-1101

CSV: ABBCBE-4ADC47-422F52-8JUH86-TKBXK7-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

definitiva. Expediente 3303/500. (Expte. Ple-no 5456/1101).

00:45:32 - Aneiros Pereira, Jaime
 00:50:37 - Caballero Álvarez, Abel
 00:50:43 - Pérez Iglesias, Xabier
 00:55:46 - Caballero Álvarez, Abel
 00:55:49 - Sanchez Mendez, Luisa María
 01:00:33 - Aneiros Pereira, Jaime
 01:03:44 - Caballero Álvarez, Abel
 01:03:53 - Votación [10:16:02]
 01:04:15 - Votación [10:16:24]
 01:04:40 - Votación [10:16:49]

01:05:11 : 6. Ordenanza municipal reguladora das zonas de baixas emisións. Aprobación Inicial. Expediente 142483/210. (Expte. Pleno 5457/1101).

01:05:21 - López Font, Carlos
 01:05:29 - López Font, Carlos
 01:10:30 - Caballero Álvarez, Abel
 01:10:34 - Pérez Iglesias, Xabier
 01:15:40 - Martín Peña, José Miguel
 01:20:41 - Caballero Álvarez, Abel
 01:20:48 - López Font, Carlos
 01:21:33 - Caballero Álvarez, Abel
 01:21:38 - López Font, Carlos
 01:23:55 - Caballero Álvarez, Abel
 01:24:06 - Votación [10:36:15]
 01:24:34 - Votación [10:36:43]
 01:24:56 - Votación [10:37:05]
 01:25:27 - -Minuto de silencio-

01:27:13 : 7. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia ao financiamento e o exercicio de competencias relacionados coas praias e o litoral. Expte. Pleno 5469/1101.

01:27:30 - Rodríguez Rodríguez, Nuria
 01:32:39 - Caballero Álvarez, Abel
 01:32:46 - Abalde Comesaña, Filipe
 01:37:42 - Caballero Álvarez, Abel
 01:37:48 - Benavides Alonso, Daniel
 01:42:59 - Caballero Álvarez, Abel
 01:43:05 - Rodríguez Rodríguez, Nuria
 01:46:08 - Caballero Álvarez, Abel
 01:46:22 - Votación [10:58:31]

01:47:11 : 8. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia e á Deputación de Pontevedra a cofinanciamento das obras dos colectores do Estadio de Balaídos. Expte. Pleno 5466/1101.

01:47:27 - López Font, Carlos
 01:52:35 - Silva Rego, Carmen
 01:52:45 - Pérez Iglesias, Xabier
 01:57:39 - Silva Rego, Carmen
 01:57:44 - Sanchez Mendez, Luisa María
 02:02:43 - Silva Rego, Carmen
 02:02:51 - Sanchez Mendez, Luisa María
 02:02:56 - López Font, Carlos
 02:05:58 - Silva Rego, Carmen
 02:06:11 - Votación [11:18:20]

02:06:49 : 9. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a reforzar e fortalecer a inversión no ensino publico da cidade de Vigo. Expte. Pleno 5467/1101.

02:07:09 - Alonso Suarez, María Olga
 02:12:13 - Silva Rego, Carmen
 02:12:20 - Abalde Comesaña, Filipe



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2026 11:51	Páxina 86 de 88
5515-1101	CSV: ABBCBE-4ADC47-422F52-8JUH86-TKBXK7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- 02:17:19 - Silva Rego, Carmen
 02:17:26 - Benavides Alonso, Daniel
 02:17:47 - Silva Rego, Carmen
 02:18:01 - Benavides Alonso, Daniel
 02:22:46 - Benavides Alonso, Daniel
 02:22:49 - Silva Rego, Carmen
 02:22:57 - Benavides Alonso, Daniel
 02:23:06 - Silva Rego, Carmen
 02:23:10 - Benavides Alonso, Daniel
 02:23:14 - Alonso Suarez, María Olga
 02:26:13 - Silva Rego, Carmen
 02:26:38 - Silva Rego, Carmen
 02:26:45 - Votación [11:38:55]
- 02:27:03 : 10. Moción do grupo municipal Socialista demandando da Xunta de Galicia e da Deputación de Pontevedra a financiamento de novas rutas dende o Aeroporto de Vigo. Expte. Pleno 5465/1101.
- 02:27:23 - Aneiros Pereira, Jaime
 02:32:21 - Silva Rego, Carmen
 02:32:28 - Pérez Iglesias, Xabier
 02:37:18 - Silva Rego, Carmen
 02:37:25 - Sanchez Mendez, Luisa María
 02:42:37 - Silva Rego, Carmen
 02:43:11 - Aneiros Pereira, Jaime
 02:46:11 - Silva Rego, Carmen
 02:46:24 - Votación [11:58:34]
- 02:46:47 : 11. Moción do grupo municipal Socialista reclamando que o Presidente da Xunta de Galicia se desculpe por ignorar o fenómeno turístico da cidade de Vigo. Expte. Pleno 5468/1101.
- 02:47:06 - López Font, Carlos
 02:52:07 - Silva Rego, Carmen
 02:52:12 - Martínez Piñeiro, Ana
 02:57:12 - Silva Rego, Carmen
 02:57:18 - García González, Patricia
 03:02:06 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:02:13 - López Font, Carlos
 03:05:15 - Silva Rego, Carmen
 03:05:36 - Votación [12:17:45]
- 03:06:02 : 12. Moción do grupo municipal do BNG en rexeitamento á celebración do desfile das Forzas Armadas en Vigo e demanda de transparencia sobre o seu impacto e custes. Expte. Pleno 5463/1101.
- 03:06:26 - Pérez Iglesias, Xabier
 03:11:29 - Silva Rego, Carmen
 03:11:34 - Gonzalez Abeijón, Fernando
 03:16:25 - Silva Rego, Carmen
 03:16:31 - López Font, Carlos
 03:21:35 - Silva Rego, Carmen
 03:21:41 - Pérez Iglesias, Xabier
 03:24:49 - Silva Rego, Carmen
 03:26:39 - Votación [12:38:48]
- 03:26:59 : 13. Moción do grupo municipal do Partido Popular diante do estado de abandono que presenta a rede viaria municipal e proliferación de fochancas. Expte. 5464/1101.
- 03:27:13 - Gonzalez Abeijón, Fernando
 03:32:11 - Silva Rego, Carmen
 03:32:15 - Martínez Piñeiro, Ana
 03:37:11 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:42:09 - Silva Rego, Carmen
 03:42:17 - Gonzalez Abeijón, Fernando



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2026 11:51	Páxina 87 de 88
5515-1101	CSV: ABBCBE-4ADC47-422F52-8JUH86-TKBXK7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

03:44:50 - Silva Rego, Carmen
 03:44:55 - Votación [12:57:05]

03:45:15 : 14. Dar conta de resolucións da Alcaldía ditadas entre o 21/04/26 e o 18/05/26, incluídas no expediente 5460/1101.

03:45:30 : 15. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, ditadas entre o 21/04/26 e o 18/05/26, incluídas no expediente 5462/1101.

03:45:44 : 16. Formulación de rogos.
 03:45:52 - Abalde Comesaña, Filipe
 03:46:24 - Sanchez Mendez, Luisa María
 03:46:48 - Silva Rego, Carmen

03:46:53 : 17. Formulación de preguntas.
 03:46:56 - Martínez Piñeiro, Ana
 03:47:11 - Silva Rego, Carmen
 03:47:42 - Sanchez Mendez, Luisa María
 03:48:05 - Silva Rego, Carmen
 03:50:36 : [FIN]

-- o --

Sen máis asuntos que tratar a Presidencia deu por rematada a sesión ás trece horas e dous minutos (13:02) redactándose en soporte electrónico a ACTA que é asinada pola Presidencia e o secretario xeral do Pleno á que se incorpora certificación da Secretaría xeral correspondente o arquivo audiovisual da gravación da sesión, acreditativa da súa autenticidade e integridade.

De conformidade co acordo adoptado polo Pleno do Concello, na sesión ordinaria de data 27.01.2021, e co establecido no artigo 3 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, a presente Acta, identificada co nº 8/2026, e o seu arquivo audiovisual incorpóranse ó Libro Electrónico de Actas do Pleno correspondente ao ano 2026.
 am.

A PRESIDENCIA
 Ma Carmen Silva Rego
 Abel Caballero Álvarez

O SECRETARIO XERAL DO PLENO
 Jose Villan Fuertes



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2026 11:51	Páxina 88 de 88
5515-1101	CSV: ABBCBE-4ADC47-422F52-8JUH86-TKBXK7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		